

incluíndo, se é o caso, o acceso a bucles e subbucles. (Esta información estará ó dispor unicamente para as partes interesadas.)

b) Situación, número e dispoñibilidade de bucles, rango de numeración xeográfica e área de servizo correspondente a cada punto ou elemento no que se oferta o acceso e a súa data de dispoñibilidade.

c) Información dispoñible sobre os parámetros relevantes dos bucles de abonado correspondentes a cada punto de acceso ó bucle.

d) Condicións técnicas relacionadas co acceso e uso dos bucles de abonado e criterios obxectivos nos que se basee a adopción de medidas no caso de existiren restricións no acceso ó bucle de abonado.

e) Descrición das condicións e procedementos para a cualificación de bucles.

f) Características dos elementos dispoñibles para o establecemento de enlaces externos desde os puntos de acceso.

g) Descrición das tarefas de mantemento dos bucles de abonado.

h) Procedementos para o tratamento de solicitudes de acceso, comunicación de incidencias e restricións de uso.

i) Procedementos para a coordinación das solicitudes de acceso completamente desagregado cos mecanismos de conservación do número establecido.

II. Localización de equipamentos

a) Información sobre os lugares nos que se pode proporcionar acceso desagregado ó bucle de abonado, en particular, localización exacta das instalacións: conmutadores, repartidores principais, concentradores, puntos de distribución distantes, etc. (esta información estará ó dispor unicamente para as partes interesadas), opcións de localización dispoñibles en cada un deles e características das opcións e, se é o caso, espazo dispoñible e o seu estado de acondicionamento.

b) Requisitos ou restricións para equipamentos situados polos operadores autorizados.

c) Normas de protección das instalacións e acceso ós equipos polos operadores e outras normas de seguridade.

d) Condicións nas que os operadores autorizados poderán visita-los lugares susceptibles de utilización para a localización e os lugares en que se rexeitase a localización por motivos de falta de espazo.

e) Criterios para a atención de solicitudes de localización, en particular, cando exista limitación de espazo.

III. Sistemas de información

a) Condicións de acceso a información ou sistemas relevantes dos operadores para a comunicación e seguimento de solicitudes de acceso desagregado e, se é o caso, indirecto ó bucle de abonado, mantemento, incidencias, facturación, etc.

b) Condicións de acceso a información sobre as características dos bucles de abonado e a súa capacidade para soportar servizos avanzados.

IV. Condicións de subministración

a) Prezos correspondentes ós elementos citados anteriormente, suficientemente desagregados, e referidos tanto ós prezos iniciais como ós prezos recorrentes.

b) Contratos tipo para a provisión do acceso desagregado e, se é o caso, indirecto ó bucle de abonado. Estes contratos incluírán, cando menos, condicións referidas a prazos de compromiso para a provisión dos accesos, recursos asociados e reparación de avarías, con indi-

cación das compensacións existentes por incumprimentos. Tamén incluírán procedementos para a localización de equipos e formulación de reclamacións e condicións de mantemento.

c) Prazos obxectivos de resposta a solicitudes de acceso ó bucle e a recursos asociados, niveis de servizo dispoñibles, resolución de avarías, procedementos de escalada e parámetros de calidade de servizo.

d) Plan de despregamento que conteña os criterios que se aplicarán para a dispoñibilidade comercial do acceso ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa, co fin de satisfacer a demanda dos operadores.

MINISTERIO DE ECONOMÍA

24019 *REAL DECRETO 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.* («BOE» 310, do 27-12-2000.)

Este real decreto ten por obxecto desenvolver-lo marco normativo no que han de desenvolverse as actividades relacionadas co sector eléctrico, baixo o novo modelo establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Por iso, no título I establécense unhas disposicións xerais co obxecto de clarificar as distintas actividades eléctricas e os réximes aplicables.

No novo modelo aludido, a planificación eléctrica ten carácter indicativo, agás no que se refire a instalacións de transporte de enerxía eléctrica, que será realizada polo Estado, coa participación das comunidades autónomas. A devandita planificación queda regulada no título II deste real decreto, considerando entre os seus obxectivos o mantemento dun adecuado nivel de conexión entre produción e demanda, así como garantir-la seguridade e calidade da subministración eléctrica ó menor custo posible para os consumidores, todo iso de maneira compatible co respecto ó ambiente. A devandita planificación terá en conta as necesidades de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica, dunha maneira participativa cos distintos axentes e organismos afectados, co obxecto de permitirla participación no sector eléctrico de todos aqueles axentes interesados, permitindo ós consumidores beneficiarse dunha situación de libre competencia, sen que polo contrario deban soportar por iso un custo adicional.

No título III desenvólvese o marco normativo no que se desenvolverá a actividade de distribución de enerxía eléctrica, de acordo co establecido no título VII da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Así mesmo, desenvólvese o réxime económico dos dereitos de acometidas e demais actuacións necesarias para atender-los requirimentos de subministración ós usuarios.

Por outra parte, requírese o establecemento de criterios para a definición e delimitación da rede de transporte de enerxía eléctrica, tendo en conta o disposto no título VI da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e o seu desenvolvemento no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Este real decreto persegue o establecemento de maneira transparente das condicións de acceso á rede para os novos xeradores que se instalen no novo sistema liberalizado, defendendo os intereses dos consumidores

a través dun desenvolvemento e uso adecuado das redes de transporte e distribución.

Así mesmo, o mecanismo de planificación desenvolvido neste real decreto pretende ser suficientemente flexible para facilita-lo acceso ó sector de novos investimentos, introducindo unha maior competencia como factor de moderación de prezos no sector da enerxía eléctrica, evitando no posible incertezas na normativa que supuxesen barreiras de entrada no sector.

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no título VII, establece que a actividade de distribución de enerxía eléctrica será obxecto de ordenación, atendendo á necesaria coordinación do seu funcionamento, á normativa uniforme que se requira, á súa retribución conxunta e ás competencias autonómicas. Con este fin, o presente real decreto ten por obxecto establecer e aplicar principios comúns que garantan a súa adecuada relación coas restantes actividades eléctricas, determinando as condicións de tránsito da enerxía eléctrica polas redes de distribución, establecendo a suficiente igualdade entre os que realizan a actividade en todo o territorio e fixando condicións comúns equiparables para tódolos usuarios da enerxía.

Por outra parte, foi necesario actualiza-las disposicións relativas a acometidas eléctricas, reguladas no Real decreto 2949/1982, do 15 de outubro, polo que se dan normas sobre acometidas eléctricas e se aproba o regulamento correspondente.

Tamén se desenvolven no presente real decreto as liñas directas, definidas na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que poderán realizarse por iniciativa dos produtores e os consumidores cualificados.

Determinadas cuestións foron previstas nas instrucións técnicas complementarias (ITC) deste real decreto, buscando complementa-los temas máis de detalle, a inclusión dos cales no seu articulado o rixidizarían demasiado.

O real decreto, en relación coas actividades de transporte e distribución nos territorios insulares e extrapeninsulares, prevé que estas sexan obxecto dunha regulamentación singular que atenderá ás especificidades derivadas da súa localización territorial, logo de acordo coas comunidades ou cidades autónomas afectadas.

No que se refire a calidade de subministración eléctrica, ó non ser posible asegurar ó 100 por 100 na continuidade e calidade da prestación deste servizo, defínense unha serie de parámetros representativos de niveis de calidade que serven para o establecemento de incentivos e penalizacións aplicables ás compañías eléctricas, en orde a fomenta-lo mantemento duns adecuados niveis de calidade.

A subministración pode realizarse mediante contratos de subministración a tarifa ou mediante a libre contratación da enerxía e o correspondente contrato de acceso ás redes, regulando no presente real decreto os requisitos mínimos que deben incluí-los devanditos contratos.

Outro aspecto de necesario desenvolvemento, abordado polo presente real decreto, é a cuestión relativa ós distintos rexistros establecidos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, relativos ás instalacións de produción de enerxía eléctrica e ás actividades de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados.

Este real decreto tamén introduce novidades no que se refire ó réxime de autorización de instalacións eléctricas, regulado polo Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, entre outras razóns para dar cumprimento ás disposicións contidas na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, en particular, o artigo 36 relativo á autorización de instalacións de transporte de enerxía

eléctrica, onde se prevé a posibilidade de autorizar instalacións mediante un procedemento que asegure a concorrencia, estando desenvolto no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, o custo acreditado ós novos investimentos autorizados en función da súa forma de autorización, mediante procedemento de concorrencia ou de forma directa. A este respecto, os procedementos regulados no título VII deste real decreto manteñen a estrutura dos actualmente vixentes, establecidos no citado Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, así como no Decreto 2619/1966, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/1966, do 18 de marzo, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de decembro de 2000,

DISPONGO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-lo réxime xurídico aplicable ás actividades de transporte, distribución, comercialización e subministración de enerxía eléctrica e ás relacións entre os distintos suxeitos que as desenvolven, establecendo as medidas necesarias encamiñadas a garantir este servizo esencial a tódolos consumidores finais sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Así mesmo, establécese o réxime de autorización correspondente a tódalas instalacións eléctricas competencia da Administración xeral do Estado e o procedemento de inscrición nos distintos rexistros administrativos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Artigo 2. *Réxime de actividades.*

As actividades de transporte e distribución teñen carácter de reguladas e deberán ser levadas a cabo por sociedades mercantís que teñan como obxecto social exclusivo o desenvolvemento delas, sen prexuízo da posibilidade de venda a tarifa recoñecida ós distribuidores e do réxime previsto na disposición transitoria quinta, da Lei 54/1997, do sector eléctrico, e do disposto na disposición adicional novena da devandita lei para as sociedades cooperativas en relación coa actividade de distribución.

En todo caso «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», de acordo coa disposición transitoria novena da Lei 54/1997, do sector eléctrico, exercerá as actividades de operador do sistema e xestor da rede de transporte.

Artigo 3. *Actividades en territorios insulares e extrapeninsulares.*

A determinación das redes de transporte e distribución, así como a definición dos xestores das devanditas redes e o operador do sistema, nos territorios insulares ou extrapeninsulares, serán obxecto dunha regulamen-

tación singular que atenderá ás especificidades derivadas da súa localización territorial, logo de acordo coas comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla afectadas.

Así mesmo, poderase para estes territorios establecer particularidades en relación coa calidade da subministración, que teñan en conta as condicións na xeración pola súa particularidade de constituír sistemas illados electricamente.

TÍTULO II

Transporte de enerxía eléctrica

CAPÍTULO I

Actividade de transporte, rede de transporte, xestor da rede

Artigo 4. *Actividade de transporte.*

1. A actividade de transporte é aquela que ten por obxecto a transmisión de enerxía eléctrica pola rede interconectada constituída polas instalacións que se determinan no artigo seguinte, co fin de a subministrar ós distribuidores ou, se é o caso, ós consumidores finais así como atende-los intercambios internacionais.

2. A actividade de transporte será levada a cabo polos transportistas, que son aquelas sociedades mercantís que teñen por obxecto transportar enerxía eléctrica, así como construír, manobrar e mante-las instalacións de transporte de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. En todo caso «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», poderá realizar actividades de transporte de enerxía eléctrica.

Artigo 5. *Rede de transporte.*

1. A rede de transporte estará constituída por:

- a) As liñas de tensión igual ou superior a 220 kV.
- b) As liñas de interconexión internacional, independentemente da súa tensión.
- c) Os parques de tensión igual ou superior a 220 kV.
- d) Os transformadores 400/220 kV.
- e) Calquera elemento de control de potencia activa ou reactiva conectado ás redes de 400 kV e de 220 kV e aqueles que estean conectados en terciarios de transformadores da rede de transporte.
- f) As interconexións entre o sistema peninsular e os sistemas insulares e extrapeninsulares e as conexións interinsulares.
- g) Aqueloutras instalacións, calquera que sexa a súa tensión, verbo das cales, como resultado do proceso de planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica, o Ministerio de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía e por proposta do operador do sistema e xestor da rede de transporte, determine que cumpren funcións de transporte.
- h) Para os efectos deste real decreto, o operador do sistema e xestor da rede de transporte propondrá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de acordo coas necesidades do sistema, a inclusión dunha instalación na rede de transporte, quen resolverá logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

2. Así mesmo, considéranse elementos constitutivos da rede de transporte todos aqueles activos de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, eléctricos ou non, necesarios para o adecuado funcionamen-

to das instalacións específicas da rede de transporte antes definida. Igualmente considéranse elementos constitutivos da rede de transporte de enerxía eléctrica os centros de control do transporte, así como outros elementos que afecten instalacións de transporte.

3. Non formarán parte da rede de transporte os transformadores dos grupos de xeración, as instalacións de conexión dos ditos grupos á rede de transporte, as instalacións de consumidores para o seu uso exclusivo, nin as liñas directas.

Artigo 6. *Operador do sistema e xestor da rede de transporte.*

1. «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», como operador do sistema e xestor da rede de transporte, será o responsable do desenvolvemento e ampliación da rede de transporte de enerxía eléctrica, de tal maneira que garanta o mantemento e mellora dunha rede configurada baixo criterios homoxéneos e coherentes. Así mesmo, xestionará os tránsitos de electricidade entre sistemas exteriores que se realicen utilizando as redes do sistema eléctrico español.

En todo caso, «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», como operador do sistema e xestor da rede de transporte, poderá realizar actividades de transporte nos termos establecidos neste real decreto.

2. Serán funcións de «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», como operador do sistema e xestor da rede, as seguintes, ademais das previstas no artigo 30 do Real decreto 2019/1997, e non contempladas no presente artigo:

a) A elaboración e publicación con carácter indicativo dun balance periódico de previsións relativo ás capacidades de xeración e demanda que poidan conectarse á rede, as necesidades de interconexión con outras redes e as capacidades potenciais do transporte, así como sobre a demanda de electricidade.

b) Proporlle ó Ministerio de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, as necesidades da rede de transporte para garanti-la fiabilidade da subministración, indicando os plans de desenvolvemento e reforzo da rede de transporte que se estimen necesarios.

c) Estimar, calcular e publica-los coeficientes de perdas nos nós de transporte con carácter orientativo, con diferentes periodicidades e para diferentes escenarios de explotación.

d) Calcular horariamente as perdas de transporte e os coeficientes de perdas reais nos nós da rede de transporte.

e) Avalia-la capacidade máxima das interconexións internacionais do sistema eléctrico e determina-la capacidade dispoñible para o seu uso comercial.

f) Coordinar cos operadores doutros países a información relativa ás transaccións internacionais que se estean a levar a cabo.

g) Establecer en coordinación cos transportistas, produtores e distribuidores os plans de manobra para a reposición de servizo en caso de fallos xerais na subministración de enerxía eléctrica e coordinar e controla-la súa execución, afectando a calquera elemento do sistema eléctrico que sexa necesario. O anterior realizarase de acordo coa normativa e instrucións técnicas complementarias que se estableza para o efecto e de acordo co disposto no Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida nos consumos e tránsito de enerxía eléctrica, e no seu defecto, con criterios de xeral aceptación coñecidos polos axentes e xustificando as súas actuacións con posterioridade ante os axentes afectados e a Administración competente.

h) Recoller e conserva-la información de explotación que necesite no exercicio das súas funcións e a que demanden o operador do mercado e os organismos reguladores, nas condicións que se establecen no presente real decreto e no Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.

i) Facilitarlles ós distintos axentes as medidas dos intercambios de enerxía, de acordo co disposto no Regulamento de puntos de medida e no Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.

j) Subministrarlles ós axentes a información relativa ós posibles problemas que poidan xurdir nas interconexións internacionais, así como na rede de transporte.

k) Garanti-lo segredo da información de carácter confidencial que fose posta á súa disposición polos axentes do mercado, de acordo coa Lei 15/1999, de protección de datos, e o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica e a súa normativa de desenvolvemento.

l) Analiza-las solicitudes de conexión á rede de transporte e condicionar, se é o caso, o acceso á rede cando non se dispoña de capacidade suficiente ou se incumpran os criterios de fiabilidade e seguridade establecidos no presente real decreto.

m) Levar unha listaxe actualizada das instalacións que integran a rede de transporte, con indicación dos seus titulares, características técnicas e administrativas. Anualmente, remitirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía a relación de novas instalacións. O Ministerio de Economía acordará a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e a remisión ás comunidades autónomas da información correspondente do seu ámbito territorial.

n) Velar polo cumprimento dos parámetros de calidade que se establezan para a actividade de transporte, pondo no coñecemento do Ministerio de Economía e da Comisión Nacional de Enerxía as perturbacións que se produzan, así como propo-las medidas necesarias para a súa resolución.

ñ) Supervisa-los proxectos e programas de execución das novas instalacións de transporte e as conexións das instalacións dos usuarios da rede de transporte coas instalacións dos transportistas.

Artigo 7. Dereitos e obrigas dos transportistas.

1. Os titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica terán os seguintes dereitos:

a) Elevar ó operador do sistema e xestor da rede de transporte propostas de ampliación da rede.

b) Participar nos procedementos para adxudicación de novas instalacións mediante os procedementos previstos neste real decreto.

c) Recibir unha retribución polo exercicio da súa actividade dentro do sistema eléctrico mediante o procedemento establecido regulamentariamente.

d) Esixir que as instalacións conectadas ás da súa propiedade reúnan as condicións técnicas establecidas e sexan utilizadas de forma adecuada.

e) Recibir doutros suxeitos do sistema eléctrico a información necesaria para o exercicio das súas funcións.

2. Os titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica terán as seguintes obrigas:

a) Manobrar e mante-las instalacións da súa propiedade de acordo coas instrucións e directrices impartidas polo operador do sistema e xestor da rede de transporte.

b) Facilita-lo uso das súas instalacións para os tránsitos de enerxía resultantes do mercado de produción e das disposicións relativas a acceso ás redes.

c) Facilita-la conexión ás súas instalacións, de acordo cos procedementos de operación do sistema que se establezan.

d) Facilitar ó operador do sistema e xestor da rede de transporte a información estrutural e de operación necesaria para a supervisión e control do sistema eléctrico en tempo real, así como as características das súas instalacións relevantes, para a súa utilización no desenvolvemento e ampliación da rede de transporte así como para o seu coñecemento público.

e) Equipa-las súas instalacións de acordo cos requisitos contidos nos procedementos de operación sobre conexión ás redes e cumprir conforme co establecido nos procedementos de operación sobre os criterios xerais de protección, medida e control a aplicar ás instalacións.

f) Garanti-lo segredo da información de carácter confidencial que fose posta á súa disposición polos distintos suxeitos, de acordo cos procedementos de operación correspondentes.

CAPÍTULO II

Planificación da rede de transporte

Artigo 8. Planificación.

1. A planificación da rede de transporte terá carácter vinculante para os distintos suxeitos que actúan no sistema eléctrico e será realizada polo Goberno por proposta do Ministerio de Economía coa participación das comunidades autónomas, de acordo co procedemento establecido no presente real decreto, e será sometida ó Congreso dos Deputados.

2. A planificación terá un horizonte temporal de cinco anos e os seus resultados recolleranse nun documento denominado plan de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica.

Artigo 9. Principios xerais.

1. O desenvolvemento da rede cumprirá os requisitos de seguridade e fiabilidade para as futuras configuracións da rede, os cales serán coherentes cos criterios técnicos establecidos nos procedementos de operación do sistema.

Así mesmo, o desenvolvemento da rede atenderá a criterios económicos de forma que os novos investimentos poidan xustificarse por:

a) Os beneficios derivados dunha eficiente xestión do sistema resultante de:

1.º A redución das perdas de transporte.

2.º A eliminación de restricións que puidesen xerar un custo global máis elevado da enerxía subministrada.

3.º A incorporación eficiente ó sistema de novos xeradores.

b) Os beneficios derivados dunha operación máis segura que minimize a enerxía non servida.

Os criterios de planificación terán en conta a existencia de obriga de subministración por parte dos distribuidores, sen prexuízo da asignación de custos que sexa aplicable en cada caso.

Na selección das opcións de reforzo da rede, integranse criterios ambientais, de forma que os plans de desenvolvemento procuren a minimización do impacto ambiental global.

2. No desenvolvemento da planificación terase en consideración que a capacidade da rede de transporte de enerxía eléctrica non será susceptible de reserva.

3. Coordinarase a evolución das redes de transporte e de distribución de acordo co procedemento de operación correspondente. Así mesmo, coordinarase a entrada de novos axentes produtores e consumidores cos plans de desenvolvemento da rede, conforme o establecido no presente real decreto e os procedementos de operación que o desenvolven, con obxecto de manter a coherencia no desenvolvemento do sistema eléctrico no seu conxunto.

4. Teranse en conta especialmente as actuacións encamiñadas ó aumento da capacidade de interconexión internacional cos países da nosa contorna, fomentando o comercio internacional de enerxía eléctrica e as transaccións co mercado único de enerxía eléctrica da Unión Europea.

Artigo 10. *Fases da planificación do transporte de enerxía eléctrica.*

O proceso de planificación constará das seguintes etapas:

- a) Propostas de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica.
- b) Plan de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica.
- c) Programa anual de instalacións da rede de transporte de enerxía eléctrica.

Artigo 11. *Elaboración das propostas de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica.*

1. Red Eléctrica de España, como operador do sistema e xestor da rede de transporte, elaborará as propostas de desenvolvemento da rede, que conterán as previsións asociadas á instalación dos novos elementos tales como liñas, subestacións, transformadores, elementos de compensación ou outros e o seu programa temporal de execución para un horizonte de seis a dez anos, definindo as novas necesidades de instalación ata o ano horizonte e revisando as decisións referentes ós anos máis remotos do horizonte precedente.

2. As propostas de desenvolvemento da rede de transporte elaboraranse cada catro anos; o operador do sistema e xestor da rede de transporte realizará unha revisión anual delas que, considerando o mesmo ano horizonte, inclúa a actualización dos aspectos máis significativos referidos a variacións puntuais.

3. O Ministerio de Economía, por solicitude do operador do sistema e xestor da rede de transporte, iniciará mediante un anuncio no «Boletín Oficial del Estado» o procedemento para efectuar propostas de desenvolvemento da rede de transporte. Unha vez publicado o anuncio poderán iniciar a realización de propostas de desenvolvemento da rede de transporte, durante os tres meses seguintes, os suxeitos do sistema eléctrico, así como as comunidades autónomas, que comunicarán as informacións necesarias para a realización das propostas de desenvolvemento da rede. Igualmente teranse en conta as solicitudes realizadas polos promotores de novos proxectos de xeración.

4. Recibida a información anterior, o operador do sistema e xestor da rede de transporte realizará os estudos necesarios de planificación, tomando en consideración as propostas recibidas dos distintos axentes participantes, cos seus resultados elaborará unha proposta inicial de desenvolvemento nun prazo de seis meses.

5. Unha vez elaborada a proposta inicial será remitida polo operador ó Ministerio de Economía, quen dará prazo de audiencia dun mes ás comunidades autónomas

para remiti-las súas alegacións á devandita proposta de desenvolvemento da rede de transporte.

6. O Ministerio de Economía dará traslado do resultado das consultas ó operador do sistema e xestor da rede de transporte co obxecto de que este elabore, nun prazo non superior a dous meses, a correspondente proposta de desenvolvemento da rede de transporte.

7. Unha vez elaborada a proposta de desenvolvemento, esta será remitida polo operador do sistema e xestor da rede de transporte ó Ministerio de Economía.

Artigo 12. *Contido das propostas de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica.*

A proposta de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica conterá información sobre os seguintes aspectos:

- a) Programa de incorporación de novas instalacións e reforzo de instalacións existentes.
- b) Capacidade da rede de transporte para a cobertura da demanda e da xeración, pondo de manifesto a súa eventual insuficiencia nas distintas zonas.
- c) Resposta ás suxestións e propostas formuladas por outros axentes implicados na planificación.
- d) Programa de coordinación de desenvolvemento con sistemas eléctricos externos.
- e) Programa de coordinación de desenvolvemento da rede, coa incorporación de novos proxectos de xeración.

Artigo 13. *Elaboración do plan de desenvolvemento.*

1. A partir da proposta de desenvolvemento da rede de transporte presentada polo operador do sistema e xestor da rede de transporte, o Ministerio de Economía elaborará, nun prazo de catro meses, o plan de desenvolvemento da rede de transporte logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

2. Este plan de desenvolvemento da rede de transporte elaborase unha vez cando menos cada catro anos e conterá as liñas xerais de actuación cun grao de concreción condicionado á proximidade temporal da posta en servizo das instalacións.

3. O plan de desenvolvemento da rede de transporte será sometido ó Consello de Ministros para a súa aprobación mediante acordo.

4. Unha vez aprobado polo Consello de Ministros, o plan de desenvolvemento da rede de transporte será remitido ó Congreso dos Deputados, conforme o establecido no artigo 4.2 da Lei 54/1997.

5. O plan de desenvolvemento da rede de transporte, unha vez sometido ó Congreso dos Deputados, terá os efectos previstos no número 2 do artigo 5 da Lei 54/1997, do sector eléctrico, en relación co artigo 244 do texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1992, declarado expresamente vixente na disposición derogatoria única da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, ou texto autonómico que corresponda, para aqueles supostos nos que as previsións da planificación da rede non fosen recollidas nos correspondentes instrumentos de ordenación do territorio ou urbanísticos.

Artigo 14. *Programa anual de instalacións da rede de transporte.*

1. Sobre a base do dito plan de desenvolvemento da rede de transporte, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aprobará e publicará anualmente no «Boletín Oficial del Estado», logo de informe da Comisión

Nacional de Enerxía, o programa anual de instalacións da rede de transporte, para o que utilizará a actualización anual das propostas de desenvolvemento levadas a cabo polo operador do sistema e xestor da rede de transporte.

2. O programa anual de instalacións incluírá a actualización dos aspectos máis significativos referidos a variacións puntuais, así como aquelas actuacións excepcionais ás que se refire o artigo seguinte.

Artigo 15. *Actuacións excepcionais.*

1. Excepcionalmente poderanse incluír no programa anual de instalacións da rede de transporte, novas instalacións cando, sendo aconsellable a súa incorporación de acordo cos criterios de planificación establecidos, se presentase como un feito imprevisto.

2. Estas actuacións de carácter excepcional deberán ser propostas polo operador do sistema e xestor da rede de transporte explicando os motivos da súa excepcionalidade, correspondendo ó ministro de Economía a súa aprobación, logo informe da Comisión Nacional de Enerxía, quedando con iso incorporadas ó programa anual de instalacións da rede de transporte vixente.

Artigo 16. *Informes sobre a evolución do sistema a longo prazo.*

1. O operador do sistema e xestor da rede de transporte elaborará informes que proporcionen unha orientación sobre a evolución do sistema a longo prazo.

2. Os estudos de desenvolvemento de rede a longo prazo considerarán os obxectivos de seguridade de subministración e eficiencia establecidos no presente real decreto, e desenvolveranse con horizontes temporais superiores a dez anos. Estes informes serán realizados alomenos cada cinco anos, recollendo neles:

- a) Previsión de demanda de enerxía eléctrica.
- b) Previsión de instalación de novo equipo xerador para a cobertura da demanda.
- c) Detección de puntos débiles e necesidades de reforzo de rede.
- d) Creación de novos corredores, tanto nacionais como internacionais.
- e) Ampliación e reforzo de corredores eléctricos actuais, tanto nacionais como internacionais.
- f) Reconversión de corredores eléctricos a unha tensión de funcionamento máis elevada.
- g) Mallado da rede de transporte a nivel rexional.
- h) Novas subestacións.
- i) Ampliación e reforzo de subestacións actuais.

3. Os ditos informes serán públicos e seranlles comunicados ó Ministerio de Economía, á Comisión Nacional de Enerxía, así como ás comunidades autónomas afectadas en cada respectivo ámbito territorial. Estes informes terán carácter público.

CAPÍTULO III

Requisitos técnicos, operación e mantemento da rede de transporte de enerxía eléctrica

Artigo 17. *Equipamento das instalacións.*

Os elementos integrantes das instalacións da rede de transporte terán un equipamento adecuado para poder atender as necesidades da xestión técnica do sistema eléctrico, incluíndo, se é o caso, os elementos de control de potencia activa e reactiva, así como para garantir a súa seguridade fronte a perturbacións externas, debendo cumprir cos procedementos de operación do sistema que sexan aprobados para o efecto.

Artigo 18. *Mantemento, manobra e operación das instalacións de transporte.*

Os titulares de instalacións de transporte terán o dereito e a obriga de manobren e manteren as instalacións da súa propiedade, sen prexuízo da necesaria coordinación destas actividades, que será levada a cabo polo operador do sistema e xestor da rede de transporte, debendo, ademais, cumprir cos procedementos de operación do sistema que sexan aprobados para o efecto.

CAPÍTULO IV

Calidade de servizo na rede de transporte

Artigo 19. *Ámbito de aplicación e contido da calidade do servizo na rede de transporte de enerxía eléctrica.*

1. O establecido neste capítulo será de aplicación ós transportistas, ó operador do sistema e xestor da rede de transporte e ós axentes conectados á rede de transporte do sistema eléctrico.

Para os efectos anteriores considéranse axentes conectados á rede de transporte os seguintes: produtores, autoprodutores, distribuidores e consumidores directamente conectados á dita rede.

2. O Ministerio de Economía aprobará nas correspondentes instrucións técnicas complementarias, os índices e procedementos de cálculo e medida da calidade do servizo.

3. A calidade de servizo da rede de transporte vén configurada, para os efectos da elaboración das instrucións técnicas complementarias, polos seguintes aspectos:

- a) A continuidade da subministración, relativa ó número e duración das interrupcións da subministración á distribución e ós consumidores directamente conectados á rede de transporte.
- b) Calidade do produto, relativa ás características da onda de tensión.
- c) Indispoñibilidade das instalacións da rede de transporte.
- d) Niveis de tensión e frecuencia nos puntos fronteira do transporte.

4. A calidade de servizo en transporte é esixible con carácter xeral, por punto fronteira e por instalación.

5. No que se refire á calidade de atención e relación co cliente, para os consumidores conectados directamente á rede de transporte, haberá que se ater ó establecido no artigo 103.

Artigo 20. *Continuidade da subministración de enerxía eléctrica.*

1. A continuidade da subministración de enerxía eléctrica vén determinada polo número e a duración das interrupcións e mídese polos seguintes parámetros:

- a) O tempo de interrupción, igual ó tempo transcorrido desde que aquela se inicia ata que finaliza, medido en minutos. O tempo de interrupción total será a suma de tódolos tempos de interrupción durante un período determinado.
- b) O número de interrupcións, que será a suma de tódalas interrupcións habidas durante un período determinado.

2. As interrupcións de subministración á distribución e ós consumidores directamente conectados á rede de transporte poden ser programadas, para permitirla execución de traballos programados na rede, ou imprevistas. Para que as interrupcións de subministración

sexan cualificadas de programadas, deberán ser recoñecidas polo operador do sistema e xestor da rede de transporte segundo os criterios establecidos nos procedementos de operación do sistema. Para este fin, as empresas transportistas procederán á súa comunicación ó operador do sistema e xestor da rede de transporte, de acordo co establecido nos procedementos de operación do sistema.

3. As interrupcións programadas deberán ser comunicadas polos transportistas, se é o caso, ó órgano competente da Administración autonómica cunha antelación mínima de setenta e dúas horas, ós distribuidores e ós clientes conectados directamente á rede de transporte nos mesmos termos establecidos no artigo 101.3 deste real decreto.

4. Non terán a consideración de interrupcións as ocasionadas por ceros de tensión de duración inferior ó minuto, consecuencia da correcta actuación das proteccións do sistema de transporte, conforme o que se estableza nas instrucións técnicas complementarias correspondentes.

Artigo 21. *Calidade do produto.*

A calidade do produto fai referencia ó conxunto de características da onda de tensión.

Os índices de calidade do produto estableceranse nas instrucións técnicas complementarias correspondentes.

Artigo 22. *Indisponibilidades programadas das instalacións de transporte e produción*

1. O operador do sistema e xestor da rede de transporte será responsable de coordinar e modificar, segundo corresponda, os plans de mantemento das instalacións de transporte, que poderán dar lugar a indisponibilidades programadas das instalacións de transporte, conforme o establecido nos procedementos de operación do sistema. Así mesmo, o operador do sistema e xestor da rede de transporte poderá, por razóns de seguridade do sistema, modifica-los plans de mantemento das instalacións de produción, que poidan provocar restriccións na rede baixo a xestión técnica do operador do sistema.

As razóns que xustifiquen as ditas modificacións serán comunicadas ós axentes afectados, e á Administración competente, conforme se estableza nos procedementos de operación correspondentes.

2. Os transportistas son responsables de instalar, operar e manter correctamente as instalacións pola súa conta, respectando a normativa aplicable e de acordo coas instrucións que imparta o operador do sistema e xestor da rede de transporte.

Artigo 23. *Condicións de entrega da enerxía eléctrica.*

A transferencia de enerxía nos puntos fronteira entre a rede de transporte e os axentes conectados a ela, debe cumprilas condicións de frecuencia e tensión en réxime permanente e as definidas para a potencia reactiva que se determinen nas instrucións técnicas complementarias ó presente real decreto e nos procedementos de operación do sistema.

Artigo 24. *Calidade de subministración nos puntos fronteira.*

1. Para cada punto fronteira da rede de transporte, o tempo e número de interrupcións de subministración anuais non superarán os valores que determinen as instrucións técnicas complementarias correspondentes.

2. A calidade de subministración en cada un dos puntos fronteira da rede de transporte medirase tendo en conta, entre outros, os seguintes parámetros:

- a) Tempo de interrupción.
- b) Número de interrupcións.
- c) Frecuencia e tensión.

3. O operador do sistema e xestor da rede de transporte estará obrigado a que os plans de mantemento programado das instalacións de transporte cumpran cos obxectivos de eficiencia que se determinen nas instrucións técnicas complementarias. Así mesmo, será responsable de impartilas instrucións ós axentes propietarios das instalacións eléctricas no ámbito da operación do sistema e de xestionar os servicios complementarios para garantir a seguridade do sistema e o cumprimento en cada un dos puntos fronteira do transporte cos axentes conectados á rede de transporte, dos niveis de calidade que se definan nas instrucións técnicas complementarias correspondentes.

4. O transportista deberá dispoñer dun sistema de rexistro de incidencias, que lle permita obter información sobre as incidencias de continuidade de subministración en cada un dos puntos fronteira entre a rede de transporte e os axentes conectados a ela.

O prazo máximo de implantación será dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

5. O axente conectado á rede de transporte terá dereito a instalar pola súa conta un sistema de rexistro de medida de incidencias de calidade de servizo. As características, instalación e precintado deste sistema responderán ó indicado no Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida nos consumos e tránsito de enerxía eléctrica así como noutras disposicións normativas que regulen a materia.

Artigo 25. *Calidade individual por instalación.*

1. Os transportistas son responsables de manter dispoñibles as súas instalacións cumprindo cos índices de calidade que se establezan nas instrucións técnicas complementarias ó presente real decreto.

2. Para cada instalación da rede de transporte, liñas, transformadores e elementos de control de potencia activa e reactiva, realizarase o seguimento individualizado da súa indisponibilidade, clasificada da seguinte forma:

- a) Programada por mantemento preventivo e predictivo.
- b) Programada por causas alleas ó mantemento.
- c) No programada debida a mantemento correctivo.
- d) No programada debida a circunstancias fortuítas previstas nas condicións de deseño.
- e) No programada por causa de forza maior ou accións de terceiros.

3. A dispoñibilidade dunha instalación exprésase pola porcentaxe do tempo total que a dita instalación estivo dispoñible para o servizo ó longo do ano. O seu cálculo efectúase a través do índice de indisponibilidade individual (Ili) definido pola seguinte expresión: $Ili = ti/T \cdot 100$.

Onde:

ti = tempo de indisponibilidade da instalación i (horas).

T = duración do período en estudio (horas).

O índice de dispoñibilidade da instalación (IDI) obtense como:

$$IDI = 100 - Ili$$

4. O valor de IDI de referencia será do 90 por 100.

5. Habilítase o Ministerio de Economía para modifica-lo dito valor.

Artigo 26. *Calidade global.*

1. Os indicadores de medida da calidade global da rede de transporte son a enerxía non subministrada (ENS), o tempo de interrupción medio (TIM) e o índice de dispoñibilidade (ID) definidos da seguinte forma:

a) Enerxía non subministrada (ENS), que mide a enerxía cortada ó sistema (MWh) ó longo do ano por interrupcións de servizo acaecidas na rede. Para estes efectos, contabilizaranse só as interrupcións ocasionadas por cerros de tensión de duración superior ó minuto.

b) Tempo de interrupción medio (TIM), definido como a relación entre a enerxía non subministrada e a potencia media do sistema, expresado en minutos: $TIM = HA \times 60 \times ENS/DA$.

Onde:

HA = horas anuais.

DA = demanda anual do sistema en MWh.

c) A dispoñibilidade dunha rede exprésase pola porcentaxe do tempo total en que as súas liñas, transformadores e elementos de control de potencia activa e reactiva estiveron dispoñibles para o servizo ó longo do ano. O seu cálculo efectúase a través do índice de indispoñibilidade (II) definido pola seguinte expresión:

$$II = \frac{\sum_{i=1}^n t_i \cdot PN_i}{T \sum_{i=1}^n PN_i} \cdot 100$$

Onde:

t_i = tempo de indispoñibilidade de cada circuíto, transformador e elemento de control de potencia activa ou reactiva (horas).

n = número total de circuítos, transformadores e elementos de control de potencia activa ou reactiva da rede de transporte.

T = duración do período en estudo (horas).

PN_i = potencia nominal dos circuítos, transformadores e elementos de control de potencia activa ou reactiva.

O índice de dispoñibilidade total da rede de transporte (ID) obtense como:

$$ID = 100 - II$$

O Ministerio de Economía poderá establecer e revisar os límites dos valores establecidos, tendo en conta a evolución da calidade do transporte e o progreso tecnolóxico.

2. Os valores do ENS, TIM, e ID de referencia serán os seguintes:

ENS $1,2 \times 10^{-5}$ da demanda de enerxía eléctrica en barras de central.

TIM 15 Minutos/ano.

ID 97 por 100.

Habílitate o Ministerio de Economía para modificar os valores anteriores tendo en conta a evolución da calidade do transporte e o progreso tecnolóxico.

3. O operador do sistema e xestor da rede de transporte será responsable de impartir as instrucións ós axentes propietarios das instalacións eléctricas no ámbito da operación do sistema e de xestionar os servizos complementarios para garantir a calidade global do sistema que se defina nas instrucións técnicas complementarias ó presente real decreto.

Artigo 27. *Consecuencias do incumprimento da calidade de servizo.*

1. A responsabilidade do transportista en canto á calidade do servizo da rede de transporte esíxese polo cumprimento do índice de dispoñibilidade (ID) das súas instalacións, que será incentivado a través do termo correspondente, recollido na fórmula para o cálculo da retribución da actividade de transporte, de acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro.

2. O operador do sistema e xestor da rede de transporte será responsable dos incumprimentos dos niveis de calidade de subministración nos puntos fronteira definidos nos artigos anteriores, na medida en que lle sexan imputables, segundo se estableza nas instrucións técnicas complementarias correspondentes.

3. Os descontos que se vaian aplicar na facturación dos consumidores directamente conectados á rede de transporte, debidos ó incumprimento dos niveis de calidade de subministración, terán o mesmo tratamento có establecido no artigo 105.

4. Se o incumprimento dos niveis de calidade da subministración ós consumidores conectados na rede de distribución fose responsabilidade do operador do sistema ou motivado por deficiencias do sistema de transporte, e tamén no caso de que sexan incumprimentos dos niveis de calidade de subministración a consumidores directamente conectados á rede de transporte, os descontos que se apliquen á facturación dos consumidores poderán ser xestionados polo operador do sistema a través do establecemento dun seguro de risco, a póliza do cal deberá ser aprobada polo Ministerio de Economía, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, durante o primeiro ano de entrada en vigor deste real decreto.

5. No caso de que non se alcancen os índices TIM e ENS de calidade global esixidos, o operador do sistema e xestor da rede de transporte analizará as causas da dita deficiencia. No caso de que esta sexa debida a unha insuficiencia estrutural da rede de transporte, deberánse incluír nos programas de desenvolvemento das redes de transporte aquelas medidas que considere necesarias para lograla calidade esixida.

6. O tratamento das indispoñibilidades individuais por instalación establecerase nas instrucións técnicas complementarias ó presente real decreto.

7. En caso de discrepancia e falta de acordo entre o transportista e o axente conectado á rede, e, se é o caso, o operador do sistema e xestor da rede de transporte, sobre o cumprimento da calidade individual, a Comisión Nacional de Enerxía determinará o nivel técnico do incumprimento e o concreto suxeito do sistema á actuación do cal son imputables as deficiencias.

8. Non se considerarán incumprimentos de calidade os provocados por causa de forza maior ou as accións de terceiros. Para estes efectos, non se considerarán causas de forza maior as que se establezan nas instrucións técnicas complementarias. En ningún caso os fenómenos atmosféricos que se consideren habituais ou normais en cada zona xeográfica, de acordo cos datos estatísticos de que se dispoñan, poderán ser alegados como causa de forza maior.

9. Sen prexuízo do establecido neste artigo, o incumprimento dos índices de calidade nos puntos fronteira e da calidade individual por instalación, poderá dar lugar, logo de tramitación do correspondente procedemento sancionador, á imposición de sancións, de conformidade co disposto no título X da Lei 54/1997, do sector eléctrico.

Artigo 28. Información sobre a calidade de servizo.

1. O operador do sistema e o xestor da rede de transporte deberá elaborar anualmente información detallada dos valores dos indicadores TIM, ENS e II, así como da marxe de tensión e frecuencia en cada nó da rede de transporte.

Os índices TIM e ENS desagregaranse mensualmente diferenciando os correspondentes a interrupcións programadas e os correspondentes a interrupcións imprevistas.

O índice de indispoñibilidade da rede (II) desagregarase mensualmente diferenciando entre as causas que as provocan.

As empresas transportistas remitiranlle ó operador do sistema e xestor da rede de transporte información relativa ó número e duración das interrupcións, de subministración en cada punto fronteira e sobre as indispoñibilidades individuais das instalacións diferenciando as liñas polo seu nivel de tensión e os transformadores pola súa relación de transformación e indicando en cada caso o seu carácter de programadas ou imprevistas, así como a causa destas últimas.

2. Esta información enviarállela anualmente o operador do sistema ó Ministerio de Economía e mais á Comisión Nacional de Enerxía e será de carácter público. Así mesmo, remitiráselle coa mesma periodicidade ó órgano competente da Administración autonómica a información correspondente ó ámbito do seu territorio.

3. A información obtida será sometida ás correspondentes auditorías co fin de obter un exame sistemático e independente. Para iso as empresas transportistas deberán dispoñer dun rexistro de tódalas incidencias detectadas durante os últimos catro anos.

4. Os axentes conectados á rede de transporte terán dereito a que lle sexa facilitada polos transportistas a información da calidade nos nós nos que se subministran a través das súas redes obtida de acordo coa metodoloxía descrita nos puntos anteriores.

5. O tratamento e elaboración da información sobre a calidade do servizo na rede de transporte establecerase no procedemento de operación correspondente.

Artigo 29. Perturbacións provocadas por instalacións conectadas á rede de transporte.

Os axentes conectados á rede estarán obrigados a adoptar as medidas necesarias para que o nivel de perturbacións emitidas estea dentro dos límites que se establezan nos procedementos de operación do sistema ou nas instrucións técnicas complementarias ó presente real decreto, segundo corresponda.

CAPÍTULO V**Instalacións de conexión de centrais de xeración e de consumidores ás redes de transporte e distribución****Artigo 30. Instalacións de conexión de centrais de xeración.**

1. Entenderase por instalacións de conexión de xeración aquelas que sirvan de enlace entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución.

Para os efectos establecidos no artigo 21.7 da Lei 54/1997, do sector eléctrico, constitúen instalacións de conexión as subestacións e liñas en tensión de transporte

ou distribución que resulten necesarias para a efectiva unión da instalación de xeración á rede preexistente ou resultante da planificación aprobada.

2. Ás instalacións de conexión seralles de aplicación o réxime de autorización previsto no título VII deste real decreto, debendo cumprir así mesmo as condicións de acceso e conexión previstas no título IV deste real decreto.

As ditas instalacións non formarán parte das redes de transporte nin de distribución, sen prexuízo do establecido no artigo 32, e estarán condicionadas ós plans de desenvolvemento da rede de transporte.

Artigo 31. Instalacións de conexión de consumidores.

1. Entenderase por instalacións de conexión dun consumidor á rede de transporte ou distribución aquelas que sirvan de enlace entre o dito consumidor e a correspondente instalación de transporte ou distribución.

2. Ás instalacións de conexión de consumidores ás redes de transporte ou distribución seralles de aplicación o réxime de autorización previsto no título VII deste real decreto, debendo cumprir así mesmo as condicións de acceso e conexión previstas no título IV deste real decreto.

Estas instalacións non formarán parte das redes de transporte nin de distribución.

3. Ás instalacións de conexión de consumidores ás redes de transporte ou distribución seralles de aplicación o establecido no capítulo II do título III deste real decreto sobre dereitos de acometida e demais actuacións necesarias para atende-la subministración.

Artigo 32. Desenvolvemento das instalacións de conexión.

1. As instalacións de conexión conectaranse nun só punto ás redes de transporte ou distribución, agás autorización expresa da Administración competente, e serán titulares delas os peticionarios.

2. Cando a conexión dea lugar á partición dunha liña existente ou planificada con entrada e saída nunha nova subestación, as instalacións necesarias para a dita conexión, consistentes na nova liña de entrada e saída, a nova subestación da rede de transporte ou distribución, no que se refire ás necesidades motivadas pola nova conexión, o eventual reforzo da liña existente ou planificada e a adecuación das posicións nos extremos dela, que resulten do novo mallado establecido na planificación, terán a consideración da rede á que se conecta.

O investimento necesario será sufragado polo promotor ou promotores da conexión, podendo este ou estes designa-lo constructor das instalacións necesarias para a conexión, conforme as normas técnicas aplicadas polo transportista, sendo a titularidade das instalacións do propietario da liña á que se conecta.

En todo caso, se as novas instalacións desenvolvidas fosen obxecto de utilización adicional por outro consumidor e/ou xerador, o novo usuario contribuirá, pola parte proporcional de utilización da capacidade da instalación, nos investimentos realizados polo primeiro. Esta obriga só será esixible no prazo de cinco anos contados desde a posta en servizo da conexión. A Comisión Nacional de Enerxía resolverá en caso de discrepancias.

No caso das instalacións de transporte, os custos de operación e mantemento serán por conta do sistema.

3. Os proxectos das novas instalacións e os programas de execución serán supervisados polo operador do sistema e xestor da rede de transporte ou os xestores das redes de distribución, que recadará a información

necesaria do transportista ou distribuidor propietario da instalación e do axente peticionario.

4. O resto de reforzos asociados tanto ó desenvolvemento de rede como ó eventual necesario cambio de aparellos serán incluídos no proceso de planificación.

CAPÍTULO VI

Perdas na rede de transporte

Artigo 33. *Definición das perdas na rede de transporte.*

1. As perdas de transporte defínense como a enerxía que se consome nos diferentes elementos da rede e teñen a súa orixe na intensidade eléctrica que circula por eles e na tensión a que están sometidos.

2. As perdas de transporte determinaranse horariamente polo saldo das medidas nas fronteiras da rede de transporte cos xeradores, distribuidores, consumidores directamente conectados á rede de transporte e conexións internacionais.

Artigo 34. *Responsabilidade sobre as perdas de transporte.*

1. A medición das perdas de transporte é responsabilidade do operador do sistema, quen publicará cada día, de forma provisional e consonte as medidas recibidas, as perdas horarias de transporte correspondentes ó día anterior.

2. Os axentes do mercado, tanto ofertantes como demandantes de enerxía, serán responsables de presentar ofertas de compra e venda de enerxía nas que inter nalizarán as perdas da rede de transporte que lles correspondan pola súa participación no mercado de produción.

Artigo 35. *Metodoloxía de asignación das perdas de transporte.*

1. O operador do sistema calculará e publicará diariamente as perdas horarias estimadas da rede de transporte e os factores de perdas estimados correspondentes a cada nó da rede de transporte, na forma e co proceso de cálculo definido no procedemento de operación correspondente.

2. O operador do sistema, independentemente da afección que poida supoñer para a liquidación dos axentes, calculará e publicará diariamente os factores de perdas reais de cada nó e a asignación das perdas reais que correspondan a cada suxeito conforme o establecido no procedemento de operación correspondente.

3. O Ministerio de Economía establecerá mediante unha orde os prazos e a forma de publicación dos coeficientes de asignación de perdas entre os axentes, baseados nos factores de perdas calculados polo operador do sistema para cada nó da rede de transporte.

4. A desviación horaria entre a enerxía asignada no mercado e a realmente xerada ou consumida, afectada do coeficiente de perdas que corresponda a cada hora, será liquidada segundo o procedemento que se estableza para o tratamento dos desvíos.

5. O tratamento da xeración e os consumos en redes inferiores con respecto á asignación das perdas da rede de transporte que lles corresponda, realizarase no procedemento de operación correspondente.

6. Para efectos de asignación de perdas, as importacións e exportacións de enerxía reflectiranse nos nós fronteira entre sistemas cos coeficientes que corresponda, conforme se describirá nos procedementos de operación aplicables.

TÍTULO III Distribución

CAPÍTULO I

Actividade de distribución, xestores das redes de distribución e empresas distribuidoras

Artigo 36. *Actividade de distribución.*

1. A actividade de distribución é aquela que ten por obxecto principal a transmisión de enerxía eléctrica desde as redes de transporte ata os puntos de consumo nas adecuadas condicións de calidade, así como a venda de enerxía eléctrica ós consumidores a tarifa ou distribuidores que tamén a adquiren a tarifa.

2. A actividade de distribución será levada a cabo polos distribuidores, que son aquelas sociedades mercantís que teñen por obxecto distribuír enerxía eléctrica, así como construír, operar e mante-las instalacións de distribución e vender enerxía eléctrica a tarifa, nos termos previstos no artigo 9 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

3. Tamén poderán te-la consideración de distribuidores as sociedades cooperativas de consumidores e usuarios nos termos que resulten da normativa que as regula, séndolles de aplicación o artigo seguinte.

Artigo 37. *Requisitos dos suxeitos para o exercicio da actividade de distribución.*

1. Os suxeitos que vaian exerce-la actividade de distribución deberán reuni-los seguintes requisitos, sucesivamente:

a) Certificación que acredite a súa capacidade legal, técnica e económica.

b) Concesión por parte da administración competente da autorización administrativa das instalacións de distribución.

c) Aprobación do Ministerio de Economía da retribución que lle corresponda para o exercicio da súa actividade, de acordo co disposto na Lei 54/1997 e a súa normativa de desenvolvemento en función das instalacións que teña autorizadas en cada momento.

d) Estar inscrito no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados do Ministerio de Economía, na sección primeira, de acordo co disposto no presente real decreto.

2. A certificación que acredite a capacidade legal, técnica e económica corresponderá outorgala, logo de solicitude do interesado, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas cando a actividade se vaia desenvolver en todo o territorio nacional ou en máis dunha comunidade autónoma e ó órgano competente da comunidade autónoma cando a actividade se vaia desenvolver exclusivamente no ámbito territorial dela.

3. Para obte-la certificación da capacidade legal, técnica e económica, o interesado solicitarallo á Administración competente, presentando alomenos a seguinte documentación:

a) Escritura de constitución da sociedade debidamente inscrita no Rexistro mercantil ou, no caso de sociedades cooperativas, no rexistro que corresponda, que acredite as condicións legais e económicas a que se refire o presente artigo.

b) Certificación da inscrición da Sociedade no Rexistro de Actividades Industriais correspondente.

c) Acreditación da capacidade técnica da sociedade de acordo co establecido no presente artigo.

En todo caso, poderalle ser solicitada ó interesado outra documentación complementaria necesaria para acredita-la debida capacidade legal, técnica ou económica da sociedade.

4. Para acredita-la súa capacidade legal, as entidades que realizan a actividade de distribución deberán revesti-la forma de sociedades mercantís de nacionalidade española ou, se é o caso, doutro estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España.

Tamén poderán acredita-la dita capacidade as sociedades cooperativas de consumidores e usuarios de nacionalidade española que, de acordo co disposto no artigo 36.3 deste real decreto, estean debidamente dadas de alta nos rexistros correspondentes.

Estas sociedades non poderán desenvolver directamente actividades de xeración ou comercialización.

5. As sociedades que teñan por obxecto realiza-la actividade de distribución deberán acredita-la capacidade técnica, mediante o cumprimento das seguintes condicións:

a) Contarán con 25 MVA de transformación ou 50 km de liñas ou 1000 clientes en instalacións sen solución de continuidade eléctrica.

Para iso deberán presentar un plan de negocio auditado que garanta alcanza-los requisitos anteriores nun prazo máximo de tres anos. Este plan deberá incluír:

1.º O plan de investimentos en activos para a distribución de enerxía eléctrica.

2.º O plan de gastos para o mantemento dos activos e a súa reposición.

b) Contar con capacidade suficiente para poder realiza-la lectura e facturación dos clientes.

6. Para acredita-la capacidade económica, as entidades que realizan a actividade de distribución deberán posuír un inmovilizado material mínimo de 50 millóns de pesetas, financiado alomenos un 50 por 100 mediante recursos propios. Durante os tres primeiros anos do exercicio da actividade o requisito anterior considerárase cumprido mediante a presentación de garantías pola dita cantidade.

Artigo 38. *Redes de distribución.*

1. Terán a consideración de redes de distribución todas aquelas instalacións eléctricas de tensión inferior a 220 kV agás aquelas que, de acordo co previsto no artigo 5 deste real decreto, se consideren integradas na rede de transporte.

Así mesmo, consideraranse elementos constitutivos da rede de distribución todos aqueles activos da rede de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, eléctricos ou non, de destino exclusivo para o adecuado funcionamento das instalacións específicas das redes de distribución antes definidas, incluídos os centros de control en tódalas partes e elementos que afecten as instalacións de distribución.

2. Non formarán parte das redes de distribución os transformadores das centrais de xeración, as instalacións de conexión das ditas centrais ás redes, as instalacións de consumidores para o seu uso exclusivo, nin as liñas directas, sen prexuízo do establecido na disposición adicional quinta deste real decreto.

Artigo 39. *Zonas eléctricas de distribución.*

1. Para os efectos deste real decreto, agás no que se refire ás zonas establecidas para a determinación da

calidade de servizo zonal, entenderase por zona eléctrica de distribución o conxunto de instalacións de distribución pertencentes a unha mesma empresa e e que teña por obxecto último permiti-la subministración de enerxía eléctrica ós consumidores nas adecuadas condicións de calidade e seguridade.

A caracterización das distintas zonas eléctricas de distribución determinará a retribución das empresas distribuidoras propietarias das redes de cada zona, así como o nivel de perdas recoñecido a cada unha delas, de acordo co que se estableza no dito réxime retributivo.

2. O xestor da rede de distribución en cada unha das zonas eléctricas de distribución será a empresa distribuidora propietaria delas, sen prexuízo de que poidan alcanzarse acordos entre empresas distribuidoras para a designación dun único xestor da rede de distribución para varias zonas eléctricas de distribución. Estes acordos serán postos en coñecemento da Administración competente.

Artigo 40. *Xestores das redes de distribución.*

1. Cada un dos xestores da rede de distribución, determinados de acordo co artigo anterior, desenvolverá as seguintes funcións no ámbito da súa zona eléctrica de distribución:

a) Coordina-las actuacións de manobra e mantemento que se leven a cabo no ámbito da súa zona eléctrica de distribución así como cos xestores de redes de distribución colindantes.

b) Analiza-las solicitudes de conexión á rede de distribución da súa zona e condicionar, se é o caso, o acceso á rede cando non se dispoña de capacidade suficiente ou se incumpran os criterios de fiabilidade e seguridade establecidos no presente real decreto.

c) Emitir, cando lles sexa solicitado pola Administración competente, informe sobre a autorización administrativa para a construción de instalacións que se conecten na súa zona, de acordo co disposto no título VII deste real decreto.

d) Participar como provedores no servizo complementario de control de tensión da rede de transporte, de acordo cos procedementos de operación establecidos polo operador do sistema. Para iso xestionará os elementos de control de tensión dispoñibles no ámbito da súa zona (xeradores, reactancias, baterías de condensadores, tomas dos transformadores, etc.), conforme o establecido nos procedementos de operación das redes de distribución que se desenvolvan.

e) Aqueloutras funcións que deriven da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e as súas normas de desenvolvemento.

2. O xestor da rede de distribución deberá preservar-lo carácter confidencial da información da que teña coñecemento no desempeño da súa actividade, cando da súa divulgación poidan derivarse problemas de índole comercial, sen prexuízo da obriga de información ás administracións públicas derivada da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Artigo 41. *Obrigas e dereitos das empresas distribuidoras.*

1. Serán obrigas das empresas distribuidoras:

a) Mante-lo cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade, de acordo co disposto no artigo 37 deste real decreto.

b) Subministrar enerxía eléctrica ós consumidores a tarifa ou a outros distribuidores nos termos establecidos na Lei 54/1997 e no presente real decreto.

c) Realiza-las súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, prestando o servizo de distribución de forma regular e continua cos niveis de calidade establecidos no presente real decreto e nas súas disposicións de desenvolvemento.

d) Manobrar e mante-las súas redes de distribución de acordo cos procedementos de operación da distribución que se desenvolvan.

e) Proceder á lectura da enerxía recibida e entregada polas súas redes ós consumidores a tarifa e ós consumidores cualificados de acordo co artigo 95 deste real decreto, xa sexa directamente ou ben a través de entidades autorizadas para o efecto.

f) Comunicar ó Ministerio de Economía e mais á Comisión Nacional de Enerxía as autorizacións de instalación que lles concedan outras administracións, así como as modificacións relevantes da súa actividade, para efectos do recoñecemento dos seus custos na determinación da tarifa e a fixación do seu réxime de retribución.

g) Comunicar ó Ministerio de Economía, á Administración competente e á Comisión Nacional de Enerxía a información sobre prezos, consumos, facturacións e condicións de venda aplicables ós consumidores, distribución de consumidores e volume correspondente por categorías de consumo, que se establezan ou se establecesen.

h) Comunicar ó Ministerio de Economía e ás administracións correspondentes a información sobre calidade de servizo que se establece no presente real decreto, así como calquera outra información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.

i) Atender en condicións de igualdade as demandas de novas subministracións eléctricas e a ampliación dos existentes, con independencia de que se trate de subministracións a tarifa ou de acceso ás redes, nas zonas nas que operen, sen prexuízo do que resulte de aplicación do réxime de acometidas establecido no presente real decreto.

Cando existan varios distribuidores as instalacións dos cales sexan susceptibles de atender novas subministracións e ningún deles decidise acomete-la obra, a Administración competente determinará cál destes distribuidores deberá realizala atendendo ó criterio de menor custo e maior racionalidade económica.

j) Emiti-la certificación de consumo anual e, se é o caso, tensión de subministración ós consumidores cualificados conectados ás súas redes que o soliciten con obxecto de que poidan acredita-la súa condición. Para estes efectos as empresas distribuidoras deberán levar unha listaxe detallada dos consumidores que solicitasen a dita certificación diferenciando entre os que exerceron a súa condición de cualificados dos que non a exercesen. A listaxe será remitida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas anualmente, comunicando con carácter mensual as altas e baixas que se producen, quen lles enviará ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas establecerá os requisitos mínimos do modelo de información e datos a incluír neles.

O tratamento dos ditos datos regularase polo establecido no artigo 166 deste real decreto.

k) Informar e asesora-los consumidores no momento da contratación sobre a tarifa e potencia que vaian contratar máis conveniente ás súas necesidades de acordo co número 2 do artigo 80 deste real decreto.

2. Serán dereitos das empresas distribuidoras:

a) O recoñecemento por parte da Administración dunha retribución polo exercicio da súa actividade.

b) Adquiri-la enerxía eléctrica necesaria para atender-la subministración dos seus clientes a tarifa.

c) Percibi-la retribución que lle corresponda polo exercicio da actividade de distribución.

Artigo 42. *Equipamento das instalacións.*

Os elementos integrantes das instalacións da rede de distribución terán un equipamento adecuado para poder atender-las necesidades técnicas requiridas, incluíndo, se é o caso, os elementos de control de potencia reactiva, así como para garanti-la seguridade delas, debendo cumprir cos procedementos de operación das redes de distribución que se aproben ó respecto.

As redes de distribución deberán ser dimensionadas con capacidade suficiente para atender-la demanda tendo en conta as previsións do seu crecemento na zona.

CAPÍTULO II

Acometidas eléctricas e demais actuacións necesarias para atender-la subministración

Artigo 43. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente capítulo ten por obxecto establece-lo réxime económico das acometidas eléctricas e demais actuacións necesarias para atender-los requirimentos de subministración de enerxía eléctrica dos usuarios, sen prexuízo do establecido polas comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

2. As empresas distribuidoras estarán obrigadas a atender en condicións de igualdade as demandas de subministración eléctrica que se lles formulen nas zonas en que operan, podendo esixir dos usuarios que as súas instalacións e receptores reúnan as condicións técnicas e de seguridade regulamentarias.

3. O establecido neste capítulo será de aplicación igualmente a aqueles usuarios conectados á rede de transporte; neste caso, os dereitos e obrigas establecidos no presente capítulo para as empresas distribuidoras entenderanse para as empresas transportistas.

Artigo 44. *Dereitos de acometida.*

1. Terá a consideración de dereitos de acometida a contraprestación económica que debe ser aboada á empresa distribuidora pola realización do conxunto de actuacións necesarias para atender unha nova subministración ou para a ampliación dunha xa existente.

Os dereitos de acometida poderán incluí-los seguintes conceptos:

a) Dereitos de extensión, sendo estes a contraprestación económica que hai que pagar por cada solicitante dunha nova subministración ou da ampliación de potencia dunha xa existente á empresa distribuidora polas infraestructuras eléctricas necesarias entre a rede de distribución existente e o primeiro elemento propiedade do solicitante. Para estes efectos entenderase por solicitante a persoa física ou xurídica que solicita as instalacións de extensión para a acometida sen que necesariamente teña que contrata-la nova subministración ou a súa ampliación.

b) Dereitos de acceso, sendo estes a contraprestación económica que hai que pagar por cada contratante dunha nova subministración ou da ampliación de potencia dunha xa existente, o aboamento da cal procederá, en todo caso, pola súa incorporación á rede.

2. Os dereitos de acometida serán únicos para todo o territorio nacional e determinaranse atendendo as características da subministración correspondente.

Artigo 45. *Criterios para a determinación dos dereitos de extensión.*

1. A empresa distribuidora que teña que atender unha nova subministración ou a ampliación dunha xa

existente estará obrigada á realización das infraestruturas eléctricas necesarias cando a dita subministración se sitúe en solo urbano que teña a condición de soar, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Cando se trate de subministracións en baixa tensión, a instalación de extensión cubrirá unha potencia máxima solicitada de 50 kW.

b) Cando se trate de subministracións en alta tensión, a instalación de extensión cubrirá unha potencia máxima solicitada de 250 kW.

Cando a instalación de extensión supere os límites de potencia anteriormente sinalados, o solicitante realizará pola súa conta a instalación de extensión necesaria, de acordo tanto coas condicións técnicas e de seguridade regulamentarias, como coas establecidas pola empresa distribuidora e aprobadas pola Administración competente. Nestes casos as instalacións de extensión serán cedidas a unha empresa distribuidora, sen que proceda o cobramento polo distribuidor da cota de extensión que se establece no artigo 47 deste real decreto.

A construción destas liñas estará sometida ó réxime de autorización previsto no título VII deste real decreto para as liñas de distribución.

2. Cando a subministración se solicite en solo urbano que non dispoña da condición de soar de acordo co disposto na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, o seu propietario deberá completar pola súa conta, de acordo tanto coas condicións técnicas e de seguridade regulamentarias, como coas establecidas pola empresa distribuidora e aprobadas pola Administración competente, a infraestrutura eléctrica necesaria para que se adquira tal condición, aplicándose, se é o caso, o previsto no número anterior.

3. Cando a subministración se solicite en solo urbanizable de acordo co disposto na Lei 6/1998, o seu propietario deberá executar pola súa conta, de acordo tanto coas condicións técnicas e de seguridade regulamentarias, como coas establecidas pola empresa distribuidora e aprobadas pola Administración competente, a infraestrutura eléctrica necesaria, incluíndo a rede exterior de alimentación e os reforzos necesarios, aplicándose, se é o caso, o establecido no punto primeiro.

Os reforzos a que se refire o parágrafo anterior quedarán limitados á instalación á cal se conecta a nova instalación.

Non obstante, as empresas distribuidoras poderán participar no custo da infraestrutura eléctrica a que se refiren os parágrafos anteriores.

4. Cando a empresa distribuidora obrigada á subministración considere oportuno dar unha dimensión á rede superior á necesaria para atender-la demanda de potencia solicitada, a empresa distribuidora custeará a dita superior dimensión. En caso de discrepancias no reparto de custos resolverá a Administración competente.

5. No caso de solo non urbanizable segundo o disposto na Lei 6/1998, o solicitante realizará pola súa conta, de acordo tanto coas condicións técnicas e de seguridade regulamentarias e cos límites que establezan as leis e o planeamento así como coas establecidas pola empresa distribuidora aprobadas pola Administración competente, a infraestrutura eléctrica para atender-la súa subministración adquirindo a condición de propietario das ditas instalacións e asumindo a responsabilidade do seu mantemento e operación.

Neste suposto, haberase que ater ó disposto sobre instalacións de conexión de consumidores, agás que o titular da instalación, respectando en todo caso as servidumes de paso, opte pola cesión dela a favor da empresa distribuidora.

6. Para os efectos dos puntos anteriores, tódalas instalacións destinadas a máis dun consumidor terán

a consideración de rede de distribución, debendo ser cedidas a unha empresa distribuidora, quen responderá da seguridade e calidade da subministración, podendo esixi-lo titular da instalación a subscrición dun convenio de resarcimento fronte a terceiros por unha vixencia máxima de 5 anos, quedando a dita infraestrutura aberta ó uso dos ditos terceiros.

Os referidos convenios deberán ser postos en coñecemento da Administración competente, xuntándoos á documentación da solicitude de autorización administrativa de transmisión da instalación.

Artigo 46. *Potencia e tensión da subministración.*

A elección da tensión, o punto de entrega e as características da subministración serán acordados entre a empresa distribuidora e o solicitante tendo en conta un desenvolvemento racional e óptimo da rede, co menor custo e garantindo a calidade da subministración. En caso de discrepancia resolverá o órgano competente da Administración.

Terán a consideración de subministracións en baixa tensión aqueles que se realicen a unha tensión inferior igual a 1 kV, non podéndose atender subministracións con potencia superiores a 50 kW, agás acordo coa empresa distribuidora.

A determinación da potencia solicitada nas subministracións en baixa tensión establecerase de acordo coa normativa vixente.

Serán subministracións en alta tensión aquelas que se realicen a unha tensión superior a 1 kV, sen que exista límite de potencia. A subministración en alta tensión levarase a cabo á tensión acordada entre a empresa distribuidora e o solicitante entre as dispoñibles, tendo en conta as características da rede de distribución da zona.

No caso de existir unha tensión a extinguir e outra normalizada, considerarase unicamente esta última como dispoñible.

Artigo 47. *Cotas de extensión e de acceso.*

1. As cotas de extensión e de acceso calcularanse atendendo tanto á tensión como á potencia da subministración.

2. O solicitante dunha subministración deberá aboa-la cota de extensión coas excepcións establecidas no artigo 45 deste real decreto.

O contratante dunha nova subministración ou da ampliación de potencia dunha xa existente deberá aboar, en todo caso, a cota de acceso.

3. As cotas de extensión, en ptas./kW solicitado, fixadas en función da tensión da rede de subministración, serán inicialmente as seguintes:

a) Alta tensión:

Potencia solicitada \leq 250 kW.

Tensión	Cota de extensión — Pesetas/kW solicitado
$V \leq 36$ kV	2.262
36 kV $< V < 72,5$ kV	2.208
$72,5$ kV $< V$	2.351

b) Baixa tensión:

Potencia solicitada: \leq 50 kW.

Cota de extensión = 2.500 ptas./kW solicitado.

4. As cotas de acceso, en ptas./kW contratado, fixadas en función da tensión da rede de subministración, serán as inicialmente seguintes:

a) Alta tensión:

Tensión	Cota de acceso — Pesetas/kW contratado
$V \leq 36 \text{ kV}$	2.455
$36 \text{ kV} < V < 72,5 \text{ kV}$	2.119
$72,5 \text{ kV} < V$	1.540

b) Baixa tensión:

Cota de acceso = 2.836 ptas./kW contratado.

No caso de que unha empresa distribuidora decidise non cobrar dereitos por estes conceptos, quedará obrigada a aplica-la dita exención a tódolos consumidores da súa zona de distribución.

5. Cando se trate de subministracións en solo urbano coa condición de soar, incluídas as subministracións de luz pública, e a potencia solicitada para un local, edificio ou agrupación destes sexa superior a 100 kW, ou cando a potencia solicitada dunha nova subministración ou ampliación dunha existente sexa superior a esa cifra, o solicitante deberá reservar un local, para o seu posterior uso pola empresa distribuidora, de acordo coas condicións técnicas regulamentarias e coas normas técnicas establecidas pola empresa distribuidora e aprobadas pola Administración competente, cerrado e adaptado, con fácil acceso desde a vía pública, para a instalación dun centro de transformación a situación do cal corresponda ás características da rede de subministración aérea ou subterránea e destinado exclusivamente á finalidade prevista. O propietario do local quedará obrigado a rexistrar esta cesión de uso, correndo os gastos correspondentes a cargo da empresa distribuidora.

Se o local non fose utilizado pola empresa distribuidora transcorridos seis meses desde a posta á súa disposición polo propietario, desaparecerá a obriga de cesión a que se refire o parágrafo anterior.

A empresa distribuidora, cando faga uso do mencionado local deberá aboar ó propietario unha compensación «C» que se calculará coa seguinte fórmula:

$$C = S \times P_m - N \times T$$

sendo:

S = superficie interior en metros cadrados do local cedido.

P_m = prezo en pesetas do módulo establecido polo Ministerio de Fomento para vivendas de protección oficial.

N = potencia solicitada en kW.

T = tarifa en pesetas por kW solicitado. Tomará o valor inicial de 1.205 pesetas e actualizarase anualmente na mesma proporción que o faga o módulo P_m.

Se por aplicación da anterior fórmula resultase unha cantidade negativa considerarase cero.

Se a empresa renunciara a facer uso do local, o solicitante aboaralle á empresa distribuidora, por unha soa vez, a cantidade de 1.205 pesetas por kW solicitado. Esta cantidade actualizarase anualmente na mesma proporción que o faga o módulo P_m.

No caso de que a potencia do centro de transformación instalado sexa superior á solicitada, coa finalidade de subministrar enerxía a outros peticionarios, a empresa distribuidora aboaralle á propiedade do inmovible no que recaia a instalación no momento da posta en

servicio do centro de transformación, a cantidade de 1.205 pesetas por kW que exceda da potencia solicitada.

Nos supostos de actuacións urbanísticas, o solo necesario para subestacións e o solo ou locais destinados a centros de transformación, non computando para efectos de volumetría, definiranse como servicios dotacionais, se é o caso, infraestructuras básicas de subministración, e serán custeados polo promotor ou urbanizador.

Artigo 48. Subministracións especiais.

1. Considéranse subministracións especiais para determina-los dereitos de acometida:

a) As de duración non superior a seis meses ou subministracións de temporada.

b) As provisionais de obras.

c) As de garantía especial de subministración.

2. Para as subministracións de duración non superior a seis meses ou subministracións de temporada, o solicitante pagará á empresa distribuidora, ou realizará pola súa conta, a montaxe e desmontaxe das instalacións necesarias para efectua-la subministración.

A empresa distribuidora poderalle esixir ó solicitante deste tipo de subministración un depósito por un importe non superior a unha mensualidade, estimadas 8 horas de utilización diaria da potencia contratada, que se devolverá á conclusión da subministración.

As empresas distribuidoras non poderán cobrar, para este tipo de subministracións, cantidade ningunha en concepto de dereitos de acceso.

3. Nas subministracións provisionais de obras, serán por conta do solicitante os investimentos necesarios que sirvan exclusivamente para esta finalidade. A desmontaxe das instalacións provisionais será tamén por conta do solicitante.

Se a instalación de extensión que foi preciso realizar para levar a cabo a subministración provisional, ou parte dela, é utilizable para a subministración definitiva, e se dá a circunstancia de que pola localización das edificacións ou instalacións que se constrúan, os investimentos de extensión correspondan ser realizados pola empresa distribuidora, as cantidades investidas polo solicitante serán descontadas dos dereitos de acometida que hai que pagar pola subministración definitiva.

A empresa distribuidora poderá esixir ó solicitante dunha subministración de obra un depósito por un importe non superior a unha mensualidade, que se calculará a razón de seis horas diarias de utilización da potencia contratada, e que será devolta á conclusión da obra.

As empresas distribuidoras non poderán cobrar, para este tipo de subministracións, cantidade ningunha en concepto de dereitos de acceso.

4. Se algún consumidor de alta ou baixa tensión desexase unha garantía especial de subministración e esta é atendida mediante o establecemento dunha subministración complementaria, tal como é definida no Regulamento electrotécnico para baixa tensión vixente, os custos totais a que dea lugar a dita segunda subministración serán integramente pola súa conta.

Polo concepto de dereitos de acceso non se poderán producir unha duplicidade de percepcións coas xa satisfeitas pola subministración principal, agás que esta segunda subministración sexa realizada por unha empresa distribuidora distinta.

5. Ningunha das subministracións a que fai referencia o presente artigo poderá ser utilizada para fins distintos a aqueles para os que foron solicitados.

Artigo 49. Vixencia dos dereitos de acometida.

1. En caso de rescisión do contrato de subministración os dereitos de extensión manteranse vixentes

para a instalación para a que foron aboados durante un período de tres anos para baixa tensión e de cinco anos para alta tensión.

2. Os aumentos de potencia consideraranse como unha alta adicional e orixinarán os dereitos de extensión e acceso que, se é o caso, correspondan ó incremento de potencia solicitado.

Se fose precisa a execución de novas obras de extensión, o seu tratamento será o previsto para unha nova subministración.

No caso de diminución de potencia, os dereitos de extensión manterán a súa vixencia por un período de tres anos para baixa tensión e de cinco anos para alta tensión.

3. No caso de cambio de tensión considerárase que a potencia anterior queda adscrita á nova subministración.

Artigo 50. *Dereitos de enganche e verificación.*

1. Os distribuidores poderán obter percepcións económicas para atender os seguintes requirimentos do servizo:

a) O enganche: a operación de ensamblar electricamente a instalación receptora á rede da empresa distribuidora, que deberá realizar esta operación baixo a súa responsabilidade.

b) A verificación das instalacións: a revisión e comprobación de que estas se axustan ás condicións técnicas e de seguridade regulamentarias.

Para aquelas subministracións nas que sexa necesaria a presentación dun boletín de instalador autorizado, ben sexa por se-la instalación nova ou que nela se efectuase unha reforma, non procederá o cobramento por dereitos de verificación.

Se para a execución da instalación foi necesaria a presentación dun proxecto e o certificado final de obra, non se esixirá o pagamento de dereitos de verificación.

No caso de que unha empresa distribuidora decidise non cobrar dereitos por estes conceptos, quedará obrigada a aplica-la dita exención a tódolos consumidores da súa zona de distribución.

2. Os dereitos de enganche que corresponderá aboar ó consumidor, cando a empresa distribuidora realice a referida operación, serán inicialmente os seguintes:

a) Baixa tensión: 1.302 pesetas.

b) Alta tensión:

Ata 36 kV: 11.440 pesetas.

Entre 36 e 72,5 kV: 38.417 pesetas.

Máis de 72,5 kV: 53.900 pesetas.

No caso de subministracións de temporada, os dereitos de enganche quedarán reducidos ata unha quinta parte dos valores anteriores se ó dar novamente tensión á instalación do usuario, esta non sufriu ningunha modificación e só se precisa a manobra dun elemento de corte xa existente.

Os dereitos de enganche aboaranse, igualmente, naqueles casos que esixan a intervención da empresa distribuidora no equipo de medida.

3. Os dereitos de verificación que corresponderá aboar ó consumidor, cando a empresa distribuidora realice a referida operación, serán inicialmente os seguintes:

a) Baixa tensión: 1.153 pesetas.

b) Alta tensión:

Ata 36 kV: 7.896 pesetas.

Entre 36 e 72,5 kV: 12.256 pesetas.

Máis de 72,5 kV: 18.132 pesetas.

Non darán lugar ó cobramento de dereitos de verificación os aumentos de potencia ata a potencia máxima admisible da instalación recollida no último boletín do instalador.

Artigo 51. *Actualización de importes.*

Anualmente, ou cando as circunstancias especiais o aconsellen, logo dos trámites e informes oportunos, o Goberno, mediante real decreto, procederá á aprobación ou modificación dos importes por dereitos de acometida, enganche e verificación establecidos no presente capítulo.

TÍTULO IV

Acceso ás redes de transporte e distribución. Liñas directas

CAPÍTULO I

Acceso e conexión á rede de transporte

Artigo 52. *Dereito de acceso á rede de transporte.*

1. Terán dereito de acceso á rede de transporte os produtores, os autoprodutores, os distribuidores, os comercializadores, os axentes externos, os consumidores cualificados e aqueles suxeitos non nacionais autorizados que poidan realizar tránsitos de electricidade entre grandes redes.

2. Este dereito só poderá ser restrinxido pola falta de capacidade necesaria, a xustificación da cal se deberá exclusivamente a criterios de seguridade, regularidade ou calidade de subministración.

3. As limitacións de acceso para os produtores resolveranse sobre a base da inexistencia no sistema eléctrico español de reserva de capacidade de rede, sen que a precedencia temporal na conexión implique unha consecutiva preferencia de acceso. A solución das eventuais restricións de acceso apoiarase en mecanismos de mercado conforme o establecido nos procedementos de operación do sistema.

4. O acceso á rede de transporte terá carácter de regulado e estará sometido ás condicións técnicas, económicas e administrativas que fixe a Administración competente.

5. Só as peaxes por uso das interconexións internacionais serán facturados por «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima».

Artigo 53. *Acceso á rede de transporte.*

1. Os axentes referidos no punto primeiro do artigo anterior, que desexen establece-la conexión directa dunha nova instalación á rede de transporte, ou desexen realizar unha ampliación da potencia e condicións declaradas en instalacións existentes xa conectadas á dita rede, realizarán a súa solicitude de acceso ó operador do sistema e xestor da rede de transporte.

2. A solicitude de acceso á rede de transporte conterá a información necesaria para a realización por parte do operador do sistema e xestor da rede de transporte dos estudos para establece-la existencia de capacidade de acceso. A información requirida será establecida no correspondente procedemento de operación.

3. O acceso á rede dos consumidores cualificados, poderá levarse a cabo directamente ou, se é o caso, a través dos comercializadores cos que puidesen contrata-la subministración. En calquera caso, o acceso á rede corresponde ó consumidor cualificado, polo que,

se é o caso, o comercializador deberá cursar unha solicitude por cada un dos puntos de conexión nos que fisicamente están conectados os ditos consumidores.

4. A solicitude de acceso considerarase admitida cando o solicitante cubrixe debidamente a solicitude coa información referida no número 2 do presente artigo e esta fose recepcionada polo operador do sistema e xestor da rede de transporte. Para iso, o operador do sistema ó recibi-la solicitude, comunicará ó solicitante as anomalías ou erros que existan para que as emenden no prazo dun mes. O operador do sistema e xestor da rede de transporte informará da solicitude á empresa transportista propietaria do punto de conexión, tan pronto como este fose identificado e, se é o caso, a outros transportistas ou ó xestor da rede de distribución da zona, que puidesen verse afectados.

5. O operador do sistema e xestor da rede de transporte comunicará no prazo máximo de dous meses sobre a existencia de capacidade suficiente da rede de transporte no punto solicitado en virtude do establecido no artigo 55 deste real decreto. O informe remitiráselle ó axente peticionario, á empresa transportista do punto de conexión e, se é o caso, a outros transportistas e ó xestor da rede de distribución da zona afectados.

Para os efectos de petición da conexión, segundo o establecido no artigo 57 deste real decreto, o informe ó que se refire o punto anterior terá unha validez de seis meses.

Ante a falta de emisión de informe do operador do sistema o solicitante poderá formular un conflito ante a Comisión Nacional de Enerxía de acordo co número 8 deste artigo.

6. A avaliación da capacidade de acceso e a definición dos eventuais reforzos terán en conta os criterios de seguridade e o funcionamento do sistema e os plans de desenvolvemento da rede de transporte. Cando non se dispoña de capacidade suficiente para cumprilas condicións expresadas polo usuario de acordo coas condicións de funcionamento e seguridade da rede, o operador do sistema e xestor da rede de transporte poderá denegar a solicitude de acceso. Esta denegación deberá quedar suficientemente xustificada e conterá propostas alternativas de acceso noutro punto de conexión ou de realización, se iso fose posible, dos reforzos necesarios na rede de transporte para elimina-la restricción de acceso.

7. O operador do sistema e xestor da rede de transporte porá á disposición do público as peticións de acceso e as concesións de acceso realizadas.

8. A Comisión Nacional de Enerxía resolverá, por petición de calquera das partes afectadas, os posibles conflitos que puidesen formularse en relación co acceso, así como coas denegacións del emitidas polo operador do sistema e xestor da rede de transporte.

Artigo 54. *Realización de instalacións e reforzos da rede de transporte derivadas de solicitudes de acceso.*

1. As instalacións de conexión á rede de transporte e os reforzos da rede de transporte necesarios para emendar restriccións de acceso, regularanse segundo o establecido no capítulo V do título II.

2. Para garanti-lo bo fin dos reforzos que resulten necesarios realizar na rede de transporte, así como das novas instalacións, o operador do sistema esixiralles ó axente ou axentes peticionarios que motiven estas actuacións, no momento en que se produza a solicitude de conexión, a achega dun anticipo do 20 por cento dos custos estimados dos reforzos motivados pola nova conexión, conforme o establecido no artigo 32 deste

real decreto. O dito anticipo poderá ser efectivo mediante un pagamento ó contado ou instrumento financeiro equivalente. No caso de que as citadas actuacións non chegasen a realizarse por causas alleas ó solicitante, o anticipo seralle reintegrado a este.

Artigo 55. *Capacidade de acceso á rede de transporte.*

A determinación da capacidade de acceso basearase no cumprimento dos criterios de seguridade, regularidade e calidade da subministración, sendo o horizonte temporal o correspondente ó último plan ou programa de desenvolvemento aprobado. Serán de aplicación os seguintes criterios na determinación da citada capacidade:

a) Acceso para consumo:

O operador do sistema establecerá a capacidade de acceso nun punto da rede de transporte como a carga adicional máxima que pode conectarse no dito punto, coa garantía de subministración establecida.

b) Acceso para xeración:

O operador do sistema establecerá a capacidade de acceso nun punto da rede como a produción total simultánea máxima que pode inxectarse no dito punto coa rede en condicións de dispoñibilidade total e o consumo previsto para o horizonte de estudo, nas seguintes condicións:

1.^a En condicións de dispoñibilidade total de rede, cumprimento dos criterios de seguridade e funcionamento do sistema establecidos para esta situación.

2.^a Nas condicións de indispoñibilidade establecidas nos procedementos de operación do sistema, cumprimento dos requisitos de tensión establecidos neles, así como ausencia de sobrecargas que non puidesen ser evitadas con mecanismos automáticos de teledisparo ou redución de carga de grupos xeradores.

3.^a Cumprimento das condicións de seguridade, regularidade e calidade referidas ó comportamento dinámico aceptable do sistema nos réximes transitorios.

Artigo 56. *Limitacións á utilización do acceso á rede de transporte.*

1. A concesión do acceso supón o dereito de utilización da rede por parte dos usuarios. Non obstante, o citado acceso poderá restrinxirse temporalmente para garanti-lo cumprimento dos criterios de seguridade e fiabilidade establecidos para a operación do sistema.

2. A este respecto e sempre que se garanta a seguridade do sistema, o operador do sistema e xestor da rede de transporte considerará na resolución de restriccións a existencia de grupos xeradores que contén con dispositivos de desconexión total ou parcial automática da produción ante determinadas continxencias previsibles no sistema.

Artigo 57. *Conexión á rede de transporte.*

1. Unha vez obtido o informe favorable do operador do sistema e xestor da rede de transporte sobre a existencia de suficiente capacidade de acceso á rede de transporte no punto requirido, o axente peticionario presentarlle á empresa transportista, propietaria da rede no dito punto, o proxecto básico da instalación e o seu programa de execución.

2. A empresa propietaria do punto de conexión elaborará un informe sobre o cumprimento das condicións técnicas para realiza-la conexión no prazo máximo dun mes, e trasladarallo ó operador do sistema e xestor da

rede de transporte, xunto cunha copia do proxecto básico da instalación e o correspondente programa de execución. O operador do sistema e xestor da rede de transporte analizará se existe algunha restricción derivada desta nova información e no prazo máximo dun mes emitirá un informe ó respecto.

Ante a falta de emisión de informe do transportista o solicitante poderá formular un conflito ante a Comisión Nacional de Enerxía de acordo co número 8 do artigo 53 deste real decreto.

3. Para a conexión de novas instalacións, o proceso de solicitude de acceso e de solicitude de conexión poderá levarse a cabo de maneira simultánea, sendo en todo caso a concesión previa de acceso requisito necesario e imprescindible para a concesión do permiso de conexión.

Artigo 58. *Contratos técnicos de acceso á rede de transporte.*

1. Trala resolución favorable dos procedementos de acceso e de conexión, o axente petionario deberá subscribir co transportista propietario do punto de conexión, no prazo inferior a un mes, un contrato de acceso á rede.

2. O contrato técnico de acceso incluírá como mínimo os seguintes aspectos:

- a) Identificación do usuario e do representante, se é o caso, que contrata o acceso.
- b) Identificación da empresa propietaria do punto de acceso coa que se contrata.
- c) Punto de acceso á rede.
- d) Duración do contrato.
- e) Potencia máxima contratada, identificando períodos de aplicación, se é o caso.
- f) Sometemento á normativa aplicable sobre condicións técnicas de conexión e intercambios de información.
- g) Condicións específicas de restricción temporal do servizo.
- h) Causas de rescisión.

3. A información a que se refire o número anterior será posta en coñecemento do operador do sistema e xestor da rede de transporte.

Artigo 59. *Contratos económicos de acceso á rede de transporte.*

No caso dos contratos correspondentes ó uso das conexións internacionais, o contrato incluírá as condicións económicas de cobramento das tarifas de acceso aplicable segundo a normativa vixente.

Os consumidores cualificados conectados ás redes de transporte subscribirán o contrato de acceso económico, directamente ou a través de comercializadores, co distribuidor que teña as instalacións máis próximas ó punto de conexión co transportista, conforme co disposto no capítulo I do título VI deste real decreto de acordo coas tarifas vixentes. Para iso deberanlle acreditar ó distribuidor a existencia do contrato técnico co transportista. En caso de discrepancia sobre o distribuidor que debe asinalo contrato económico resolverá a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas logo de informe do xestor e operador do sistema.

Nestes casos, a conexión efectiva realizarase unha vez que o distribuidor lle comunique ó transportista a subscripción do contrato económico no prazo máximo de cinco días desde que se lle comunique.

CAPÍTULO II

Acceso e conexión á rede de distribución

Artigo 60. *Dereito de acceso á rede de distribución.*

1. Terán dereito de acceso á rede de distribución os produtores, os autoprodutores, os distribuidores, os comercializadores, os axentes externos e os consumidores cualificados.

2. Este dereito só poderá ser restrinxido pola falta de capacidade necesaria, a xustificación da cal se deberá exclusivamente a criterios de seguridade, regularidade ou calidade das subministracións.

3. As limitacións de acceso para os produtores resolveranse sobre a base da inexistencia de reserva de capacidade de rede, sen que a precedencia temporal na conexión implique unha consecuenta preferencia de acceso.

4. O acceso á rede de distribución terá carácter regulado e estará sometido ás condicións técnicas, económicas e administrativas que fixe a Administración competente.

Artigo 61. *Acceso dos consumidores á rede de distribución.*

1. Con carácter xeral, no relativo ó acceso ás redes de distribución dos consumidores haberá que se ater ó disposto no capítulo II do título III, relativo a acometidas eléctricas, no capítulo I do título VI, relativo a subministración, e no capítulo II do título VI, relativo á calidade do servizo.

2. Non obstante, para aqueles consumidores que, polas súas especiais características de subministración, afecten de forma significativa ás redes de distribución nos casos recollidos no artigo 63, haberá que se ater ó disposto no artigo seguinte.

Artigo 62. *Procedemento de acceso á rede de distribución.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, os axentes referidos no artigo 60 deste real decreto que desexen establece-la conexión directa dunha nova instalación á rede de distribución, ou desexen realizar unha ampliación da potencia e condicións declaradas en instalacións existentes xa conectadas á dita rede, solicitaránlo ó xestor da rede de distribución da zona.

2. A solicitude de acceso á rede de distribución conterá a información necesaria para a realización, por parte do xestor da rede de distribución da zona, dos estudos para establece-la existencia de capacidade de acceso. A información requirida será establecida no correspondente procedemento de operación.

3. O acceso á rede de novos consumidores cualificados, poderá levarse a cabo directamente ou, se é o caso, a través dos comercializadores cos que puidesen contrata-la subministración. En calquera caso, o acceso á rede corresponde ó consumidor cualificado, polo que, se é o caso, o comercializador deberá cursar unha solicitude por cada un dos puntos de conexión nos que fisicamente están conectados os ditos consumidores.

4. A solicitude de acceso considerarase admitida cando o solicitante tramitase debidamente a solicitude referida no número 2 do presente artigo e esta fose recibida polo xestor da rede de distribución da zona. Para iso, o xestor da rede de distribución, ó recibila solicitude, informará o solicitante, no prazo máximo de dez días, de calquera anomalía ou erro que exista na remisión da información solicitada. O solicitante disporá dun prazo máximo de dez días para emenda-las ante-

riores anomalías ou erros que existan na documentación achegada.

5. O xestor da rede de distribución da zona comunicará no prazo máximo de quince días sobre a existencia de capacidade suficiente da rede de distribución no punto de conexión solicitado en virtude do establecido no artigo 64 deste real decreto. O informe remitiráselle ó axente peticionario.

Para os efectos de petición da conexión, segundo o establecido no artigo 66 deste real decreto, esta comunicación terá unha validez de seis meses.

6. A avaliación da capacidade de acceso e a definición dos eventuais reforzos terán en conta os criterios de seguridade e funcionamento da rede de distribución da zona e os plans de desenvolvemento da dita rede. Cando non se dispoña de capacidade suficiente para cumprilas condicións expresadas polo usuario de acordo coas condicións de funcionamento e seguridade da rede, o xestor da rede de distribución da zona poderá denegar-la solicitude de acceso. Esta denegación deberá quedar suficientemente xustificada e conterá propostas alternativas de acceso noutro punto de conexión ou de realización, se iso fose posible, dos reforzos necesarios na rede de distribución da zona para elimina-la restricción de acceso.

7. Os xestores das redes de distribución porán á disposición do público en xeral as peticións de acceso admitidas nas súas respectivas zonas. Con obxecto de salvagarda-la confidencialidade da información, a difusión mencionada limitarase ás magnitudes de potencia solicitadas.

8. A Comisión Nacional de Enerxía resolverá, por petición de calquera das partes afectadas, os posibles conflitos que puidesen formularse en relación co dereito de acceso, así como coas denegacións del emitidas polos xestores das redes de distribución.

Artigo 63. *Acceso á rede de distribución de consumidores e xeradores con influencia na rede de transporte.*

Os xestores da rede de distribución remitiranlle ó operador do sistema e xestor da rede de transporte aquelas solicitudes de acceso á rede de distribución de novas instalacións que poidan constituír un incremento significativo dos fluxos de enerxía nos nós de conexión da rede de distribución á rede de transporte ou que poidan afecta-la seguridade e calidade do servizo. A este respecto, a afección entenderase significativa cando conorra algunha das seguintes condicións:

a) Xeradores ou agrupacións destes con potencia instalada maior de 50 MW.

b) Xeradores e consumidores cunha potencia instalada solicitada que sexa maior do 5 por 100 e 10 por 100 da potencia de cortocircuíto do nó de conexión da rede de distribución á rede de transporte en situación de demanda horaria punta e val, respectivamente.

O operador do sistema e xestor da rede de transporte resolverá, nun prazo non superior a dos meses, sobre a existencia de capacidade de acceso nos termos establecidos no artigo 53 deste real decreto.

Artigo 64. *Capacidade de acceso á rede de distribución.*

A determinación da capacidade de acceso, basearase no cumprimento dos criterios de seguridade e funcionamento das redes de distribución.

a) Acceso para consumo:

O xestor da rede de distribución establecerá a capacidade de acceso nun punto da rede de distribución

como a carga adicional máxima que pode conectarse no dito punto, sen que se produzan sobrecargas nin a tensión quede fóra dos límites regulamentarios.

b) Acceso para xeración:

O xestor da rede de distribución establecerá a capacidade de acceso nun punto da rede como a produción total simultánea máxima que pode inxectarse no dito punto co consumo previsto na zona e as seguintes condicións de dispoñibilidade na rede:

1.^a En condicións de dispoñibilidade total da rede, cumprindo os criterios de seguridade e funcionamento establecidos para esta situación.

2.^a En condicións de indispoñibilidade establecidas nos procedementos de operación das redes de distribución, cumprindo os requisitos de tensión establecidos neles, sen sobrecargas que non puidesen ser evitadas con mecanismos automáticos de teledisparo ou redución de carga de grupos xeradores.

3.^a Cumprindo as condicións de seguridade aceptables relativas ó comportamento dinámico nos réximes transitorios.

Artigo 65. *Limitacións á utilización do acceso á rede de distribución.*

A concesión do acceso supón o dereito de utilización da rede por parte dos usuarios. Non obstante, sen prexuízo do establecido no capítulo II do título VI deste real decreto, o citado acceso poderá restrinxirse temporalmente para garanti-lo cumprimento dos criterios de seguridade e fiabilidade establecidos para a operación e mantemento das redes de distribución.

Artigo 66. *Conexión ás redes de distribución.*

1. Unha vez obtido o informe favorable do xestor da rede de distribución da zona sobre a existencia de suficiente capacidade de acceso á dita rede no punto requirido, o axente peticionario presentarlle á empresa distribuidora propietaria da rede no dito punto o proxecto básico da instalación e o seu programa de execución.

2. A empresa distribuidora propietaria do punto de conexión, se a dita instalación pode afectar á rede de transporte ou á operación do sistema, segundo o establecido no artigo 63 deste real decreto, informará sobre as ditas posibles afeccións no prazo máximo dun mes e trasladarallo ó operador do sistema e xestor da rede de transporte, xunto co programa de execución. O operador do sistema e xestor da rede de transporte analizará se existe algunha restricción derivada desta nova información e no prazo máximo dun mes, emitirá un informe ó respecto.

3. Para a conexión de novas instalacións, o proceso de solicitude de acceso e de solicitude de conexión poderá levarse a cabo de maneira simultánea, sendo en todo caso a concesión previa de acceso requisito necesario e imprescindible para a concesión do permiso de conexión.

CAPÍTULO III

Liñas directas

Artigo 67. *Liña directa.*

Terán a consideración de liñas directas aquelas que teñan por obxecto o enlace directo dun centro de produción cun centro de consumo do mesmo titular ou dun consumidor cualificado.

Artigo 68. *Instalación de liñas directas.*

1. Os produtores e os consumidores cualificados deberán solicitar autorización administrativa para a construción de liñas directas, que quedarán excluídas do réxime económico establecido para o transporte e a distribución previsto no presente real decreto.

2. O procedemento de autorización de liñas directas será o previsto no título VII deste real decreto. A construción de liñas directas queda excluída da declaración de utilidade pública, así como das disposicións que en materia de expropiacións e servidumes se establecen no presente real decreto.

Artigo 69. *Utilización das liñas directas e relación coas redes de transporte ou distribución.*

1. As liñas directas só poderán ser utilizadas polos seus titulares ou por filiais nas que contén cunha participación significativa. Para estes efectos considerárase significativa aquela superior ó 25 por 100 do capital da sociedade.

2. A conexión ás redes de transporte ou distribución requirirá a autorización da Administración competente e o cumprimento dos requisitos de acceso ás ditas redes. Iso suporá a perda da súa cualificación de liña directa, integrándose no sistema xeral e quedando sometida ás condicións de acceso de terceiros ás redes previstas no presente real decreto.

TÍTULO V**Actividade de comercialización e consumidores cualificados****CAPÍTULO I****Actividade de comercialización****Artigo 70. *Definición.***

A actividade de comercialización será desenvolvida polas empresas comercializadoras debidamente autorizadas que, accedendo ás redes de transporte ou distribución, teñen como función a venda de enerxía eléctrica ós consumidores que teñan a condición de cualificados e a outros suxeitos cualificados segundo a normativa vixente.

Artigo 71. *Dereitos e obrigas dos comercializadores.*

1. As empresas comercializadoras, ademais dos dereitos que lles son recoñecidos en relación coa subministración no artigo 45.3 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, terán os seguintes dereitos:

- Acceder ás redes de transporte e distribución nos termos previstos no presente real decreto.
- Actuar como axentes do mercado no mercado de produción de electricidade.
- Contratar libremente a subministración de enerxía eléctrica con aqueles consumidores que teñan a condición de cualificados e con outros suxeitos cualificados segundo a normativa vixente.

2. As empresas comercializadoras, ademais das obrigas que lles corresponden en relación coa subministración no artigo 45.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, terán as seguintes obrigas:

- Estar inscritas na Sección 2.^a do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados do Ministerio de Economía.

- Manterse no cumprimento das condicións de capacidade legal, técnica e económica que se determinen na súa autorización para actuar como comercializadoras.

- Presentar ante o operador do mercado as garantías que resulten esixibles para a adquisición de enerxía eléctrica no mercado de produción de electricidade.

- Presentar ante os distribuidores, cando contraten o acceso ás súas redes en nome dos consumidores cualificados, os depósitos de garantía correspondentes ós ditos accesos de acordo co establecido no presente real decreto.

- Comprobar que os seus clientes cumpran os requisitos establecidos para os consumidores cualificados e manter unha listaxe detallada deles onde figuren os seus datos de consumo e, no caso de que contraten o acceso co distribuidor en nome dos seus clientes, de facturación das tarifas de acceso. O Ministerio de Economía e as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán inspeccionalo cumprimento dos requisitos dos consumidores.

- Con obxecto de poder dar cumprimento á información que require a Directiva 90/377/CEE, sobre transparencia de prezos aplicables ós consumidores industriais de gas e electricidade, as empresas comercializadoras remitirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e ás comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, a información que establece a orde do 19 de maio do 1995 sobre información de prezos aplicables ós consumidores industriais finais de electricidade, así como calquera outra información estatística sobre prezos, condicións de venda aplicables ós consumidores finais, distribución dos consumidores e dos volumes correspondentes por categorías de consumo, que se determine polo Ministerio de Economía.

Artigo 72. *Competencia para a autorización da actividade de comercialización.*

A autorización da actividade de comercialización correspóndelle outorgala:

- Cando se vaia desenvolver en todo o territorio nacional ou en máis dunha comunidade autónoma, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, logo de solicitude do interesado. A resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

- Cando a actividade se vaia desenvolver exclusivamente no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma, ó órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma correspondente, logo de solicitude do interesado. O órgano competente da comunidade autónoma no prazo dun mes remitirá copia da autorización e do expediente completo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía. A resolución neste caso será publicada no boletín oficial da comunidade autónoma correspondente.

Artigo 73. *Requisitos necesarios para realiza-la actividade de comercialización.*

1. Nos casos en que a autorización da actividade de comercialización corresponda á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, o interesado solicitarallo a este centro directivo presentando a seguinte documentación:

- Escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil que acredite o cumprimento das condicións legais e económicas a que se refire o presente artigo.
- Certificación de que a empresa está dada de alta no imposto de actividades económicas.
- Acreditación da capacidade técnica da empresa de acordo co establecido no presente artigo.

En todo caso, poderá ser solicitada ó interesado outra documentación complementaria necesaria para acreditar-la debida capacidade legal, técnica ou económica da sociedade.

2. Para acreditar-la súa capacidade legal, as empresas que realizan a actividade de comercialización deberán ser persoas xurídicas que teñan a condición legal de comerciantes no obxecto social das cales non existan limitacións ou reservas en todo ou en parte do exercicio da dita actividade, de nacionalidade española ou, se é o caso, doutro estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España, non podendo desenvolver directamente actividades reguladas de transporte ou distribución.

3. As empresas que teñan por obxecto realiza-la actividade de comercialización para acreditar-la súa capacidade técnica, deberán cumprir-los requisitos esixidos ós axentes compradores en mercado de produción de enerxía eléctrica, conforme as regras de funcionamento e liquidación do citado mercado de produción previstas no Real decreto 2019/1997.

4. A capacidade económica será acreditada pola empresa que queira exercer-la actividade de comercialización mediante a presentación ante o operador do mercado, das garantías que resulten esixibles para a adquisición de enerxía no mercado organizado de produción de electricidade, que como mínimo cubrirán compras por valor de 100 millóns de pesetas.

Artigo 74. *Caducidade da autorización.*

Se no prazo dun ano contado desde a data de publicación da autorización, a empresa non fixese uso efectivo e real dela exercendo a actividade de comercialización e por tanto non adquirirse enerxía no mercado organizado de produción ou se tal uso fose suspendido durante un prazo ininterrompido dun ano, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas declarará a caducidade da autorización e procederá a dar de baixa a empresa no correspondente rexistro. Para estes efectos o operador do mercado deberá comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as empresas comercializadas autorizadas nas que se dea tal circunstancia.

Para proceder á caducidade de oficio da autorización será precisa a instrución do correspondente expediente con audiencia do interesado.

CAPÍTULO II

Consumidores cualificados

Artigo 75. *Definición.*

1. Terán a consideración de consumidores cualificados aqueles consumidores de enerxía eléctrica, con características de consumo por instalación ou por punto de subministración que sexan iguais ou superiores ás que estableza o Goberno.

En todo caso, terán a consideración de consumidores cualificados os titulares de instalacións de transporte por ferrocarril, incluído o ferrocarril metropolitano.

2. No caso de que o consumidor cualificado pretenda adquirir enerxía eléctrica no mercado de produción organizado para o seu propio consumo deberá cumprir-las condicións previstas no artigo 4 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.

Artigo 76. *Punto de subministración e instalación.*

Para os efectos da consideración de consumidor cualificado as instalacións ás que se refire o artigo anterior deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Que o seu titular sexa unha única persoa física ou xurídica.
- b) Que os centros ou unidades que constitúan a instalación estean unidos por liñas eléctricas propias.
- c) Que a enerxía eléctrica se destine ó seu propio uso.

Así mesmo os puntos de subministración a que se refire o artigo anterior deberán reuni-los requisitos a) e c) do parágrafo anterior.

Artigo 77. *Consumo de enerxía eléctrica.*

1. Para acreditar, se é o caso, o cumprimento do volume de consumo anual, os valores dos consumos realizados deberán expresarse en GWh cunha cifra decimal, efectuándose o redondeo por defecto ou por exceso, segundo que a segunda cifra decimal sexa ou non menor que 5. Isto entenderase sen prexuízo de que a información que se deba remitir ó rexistro se exprese en unidades distintas.

2. Entenderase, se é o caso, que un novo consumidor reúne o requisito de volume de consumo anual se a utilización prevista da súa potencia instalada permite alcanzar, ó cabo dun ano, o volume de consumo anual que se esixa con carácter xeral. Para este fin, o consumidor deberá achegar unha certificación de previsión anual de consumo, emitida pola empresa distribuidora ás redes da cal se conecta, sobre a base da potencia instalada e o réxime de funcionamento previsto. Unha vez transcorrido o primeiro ano natural desde a posta en marcha da instalación ou punto de subministración, os consumidores a que se refire este parágrafo deberán remitir ó órgano competente da administración certificado dos consumos efectivamente realizados. No caso que os consumos realmente efectuados sexan inferiores ós regulamentariamente esixidos para acreditar-la súa cualificación, entenderase revogada a acreditación, e procederáse á súa baixa no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores cualificados, sección terceira.

3. Para que os autoprodutores poidan ser considerados consumidores cualificados, deberá atenderse ó seu consumo efectivo, tendo en conta tanto a enerxía subministrada por terceiros como a procedente da produción propia.

Artigo 78. *Acreditación da condición de consumidor cualificado.*

Para a acreditación da condición de consumidor cualificado seguirase o procedemento establecido no artigo 20 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios.

TÍTULO VI

Subministración

CAPÍTULO I

Contratos de subministración a tarifa e de acceso ás redes. Suspensión da subministración. Equipos de medida

SECCIÓN 1.^a CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN A TARIFA E DE ACCESO ÁS REDES

Artigo 79. *Condicións xerais.*

1. Para os efectos deste real decreto defínese a subministración de enerxía eléctrica como a entrega de

enerxía a través das redes de transporte e distribución mediante contraprestación económica nas condicións de regularidade e calidade que resulten esixibles.

2. A subministración poderase realizar:

- a) Mediante contratos de subministración a tarifa.
- b) Mediante a libre contratación da enerxía e o correspondente contrato de acceso ás redes.

3. O contrato de subministración é persoal, e o seu titular deberá se-lo efectivo usuario da enerxía, que non poderá utilizala en lugar distinto para o que foi contratada, nin cedérllela nin vendérllela a terceiros.

Exceptúanse destas limitacións as empresas distribuidoras ás que sexa de aplicación a disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, e aqueles outros suxeitos que o viñesen realizando con anterioridade á entrada en vigor da Lei 54/1997, sempre e cando estiveran autorizados pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

4. A contratación da subministración a tarifa e do acceso ás redes formalizarase cos distribuidores mediante a subscripción dun contrato. O Ministerio de Economía elaborará contratos tipo de subministración e de acceso ás redes.

Sen prexuízo de que a normativa vixente poida considerar outros prazos para subministracións específicos, a duración dos contratos de subministración a tarifa e de acceso ás redes será anual e prorrogarase tacitamente por prazos iguais. Malia o anterior, o consumidor poderá resolvelo antes do dito prazo, sempre que llo comunique de maneira que faga fe á empresa distribuidora cunha anticipación mínima de cinco días hábiles á data en que desexe a baixa da subministración, todo iso sen prexuízo das condicións económicas que resulten en aplicación da normativa tarifaria vixente.

5. O consumidor terá dereito a elixir a tarifa que estime conveniente, entre as oficialmente aprobadas, tendo en conta as tensións das redes dispoñibles na zona de acordo co establecido no artigo 46 deste real decreto, así como a potencia que desexa contratar entre as resultantes de aplica-las intensidades normalizadas para os aparellos de control que se vaian empregar.

6. As empresas distribuidoras estarán obrigadas a atende-las peticións de modificación de tarifa, modalidade de aplicación desta e potencia contratada. O consumidor que cambiase voluntariamente de tarifa, potencia contratada ou os seus modos de aplicación ou doutros complementos poderá negárselle pasar a outra mentres non transcorresen, como mínimo, doce meses, agás se se produce algún cambio na estrutura tarifaria que lle afecte.

7. A empresa distribuidora poderá esixir, no momento da contratación, a entrega dun depósito de garantía por un importe igual á facturación teórica mensual correspondente a cincuenta horas de utilización da potencia contratada.

O depósito de garantía será esixible polo distribuidor ó comercializador no caso de que este contrate o acceso en nome do consumidor cualificado.

No caso en que non se esixa o depósito nun ámbito xeográfico determinado e categoría de consumidores determinada, esta exención deberá ser publicada e comunicada á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. En calquera outro caso, a exención non poderá ser discriminatoria entre consumidores de similares características, debendo ser comunicadas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

O depósito considerarase adscrito ó consumidor como titular do contrato e non poderá ser esixido transcorridos seis meses desde a primeira formalización del.

A devolución do depósito de garantía, que se realizará sempre ó consumidor con independencia de que este contratase o acceso directamente ou a través do comercializador, será automática á resolución formal do contrato, quedando a empresa distribuidora autorizada a aplica-la parte correspondente do mencionado depósito ó saldo das cantidades pendentes de pagamento unha vez resolto o contrato.

8. Sen prexuízo do establecido no capítulo de acometidas eléctricas deste real decreto, á parte do depósito, a empresa distribuidora non poderá esixir-lo pagamento de ningunha cantidade anticipada. Como excepción, nas subministracións eventuais de corta duración, inferior a dous meses, admitirase a facturación previa dos consumos estimados, en función da potencia solicitada e do número de horas de utilización previsible, non procedendo neste caso o cobramento do depósito.

9. As empresas distribuidoras poderán negarse a subscribir contratos de tarifa de subministración ou tarifa de acceso ás redes con aqueles consumidores que fosen declarados debedores por sentenza xudicial firme de calquera empresa distribuidora por algún dos conceptos incluídos no presente real decreto sempre que non xustificara o pagamento da dita débeda e a súa contía fose superior a 25.000 pesetas. Así mesmo, poderase denegar-la subscripción do contrato de subministración a tarifa ou de acceso ás redes cando as instalacións do consumidor non cumpran as condicións técnicas e de seguridade regulamentarias.

10. Todo consumidor ten o dereito a recibi-la subministración nas condicións mínimas de calidade que se establecen no presente real decreto.

Artigo 80. *Condicións do contrato de subministración a tarifa.*

1. Poderán subscribir contratos de subministración a tarifa coas empresas distribuidoras todos aqueles consumidores que non teñan a condición de cualificados ou que téndoa non exerzan a dita condición de acordo coa normativa vixente.

2. O consumidor ten o dereito a que a empresa distribuidora o informe e asesore no momento da contratación, cos datos que lle facilite, sobre a tarifa e potencia ou potencias a contratar máis conveniente, complementos tarifarios e demais condicións do contrato, así como a potencia adscrita á instalación de acordo co previsto no capítulo de acometidas eléctricas deste real decreto.

3. Se a conexión das instalacións do consumidor se efectúa na rede de transporte, o contrato de tarifa de subministración deberá subscribirse co distribuidor da zona, logo de presentación do contrato técnico suscrito co transportista segundo se regula no artigo 58 deste real decreto. Nos casos de suspensión de subministración e resolución de contratos, de acordo coas seccións 4.^a e 5.^a do presente capítulo, o distribuidor comunicarllo ó transportista ó que estea conectado o consumidor para que proceda a facer efectivo o corte.

Artigo 81. *Condicións do contrato de acceso ás redes.*

1. Poderán subscribir contratos de acceso ás redes coas empresas distribuidoras todos aqueles consumidores cualificados e outros suxeitos nos termos establecidos na normativa vixente.

2. Os consumidores cualificados que opten por exercer-lo dito dereito poderán contrata-lo acceso ás redes e a adquisición da enerxía conxuntamente ou por separado.

3. No caso en que o consumidor cualificado opte por contratar conxuntamente a adquisición da enerxía e o acceso ás redes cun comercializador ou outro suxeito cualificado, estes últimos só poderán contratar co distribuidor o acceso ás redes en nome daqueles, quedando obrigados a comunicarlle a duración do contrato de adquisición de enerxía, o cal non será efectivo ata que non se dispoña do acceso á rede. Nestes casos o comercializador ou suxeito cualificado estará obrigado a informalo consumidor, con carácter anual, do importe detallado da facturación correspondente á tarifa de acceso que contratase no seu nome co distribuidor, agás que o consumidor decida que desexa que se lle informe en cada facturación; nese caso o comercializador está obrigado a remitirlle.

En calquera caso, nas relacións entre o consumidor e o comercializador ou outro suxeito cualificado terá que se ater ó que acorden as partes, sen prexuízo de que as tarifas de acceso ás redes sexan reguladas.

4. Os suxeitos cualificados e os consumidores cualificados que opten por contratar de forma separada a adquisición da enerxía e o acceso á rede, deberán contratar directamente co distribuidor o acceso ás redes, quedando obrigados a comunicarlle o suxeito concreto co que subscriben, en cada momento, o contrato de adquisición de enerxía, así como a súa duración.

5. O contrato de acceso ás redes deberá subscribirse para cada un dos puntos de conexión a elas, con independencia de que se trate dunha única instalación, agás que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía autorizase a agrupación de puntos de conexión de acordo coa normativa tarifaria vixente.

6. O consumidor ou suxeito cualificado ten o dereito a que a empresa distribuidora o informe, no momento da contratación, sobre as potencias dispoñibles segundo as distintas tensións existentes na zona.

7. Se a conexión das instalacións do consumidor se efectúa na rede de transporte, o contrato de acceso ás redes deberá subscribirse co distribuidor da zona, logo de presentación do contrato técnico suscrito co transportista segundo se regula no artigo 58. Nos casos de suspensión do acceso ou resolución do contrato, de acordo coas seccións 4.^a e 5.^a do presente capítulo, o distribuidor comunicarlle ó transportista ó que estea conectado o consumidor ou suxeito cualificado para que proceda á desconexión das súas redes.

SECCIÓN 2.^a FACTURACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN A TARIFA E DO ACCESO ÁS REDES

Artigo 82. *Facturación da subministración a tarifa e do acceso ás redes.*

1. A facturación da subministración a tarifa e do acceso ás redes efectuarase pola empresa distribuidora mensual ou bimestralmente, e levarase a cabo de acordo coa lectura dos equipos de medida instalados para o efecto.

2. Non obstante, ós consumidores acollidos ás tarifas de subministración 1.0 e 2.0 ou as que substitúan a estas, poderáselles facturar en función das medias históricas do ano anterior. En tal circunstancia, notificaráselle o procedemento ó consumidor, quen poderá aceptar este método de facturación. Nas facturas indícarase «consumo estimado». En todo caso, o distribuidor deberá realizar unha regularización semestral en función de lecturas reais.

Logo de acordo expreso entre as partes, poderá facturarse unha cota fixa mensual proporcional ós consumos históricos e cando non os haxa cunha estimación de horas de utilización diaria, previamente acordada,

máis o termo de potencia. En todo caso, producirase unha regularización anual en función de lecturas reais. Cando se pacte unha cota fixa mensual, a empresa distribuidora poderá esixir unha determinada forma de pagamento.

3. Por petición do consumidor a tarifa e con cargo a el, poderasen instalar equipos de medida de funcionamento por moedas, tarxetas ou outros sistemas de autocontrol, que se acomodarán á estrutura tarifaria vixente. Estes equipos de medida deberán ser de modelo aprobado ou ter autorizado o seu uso e contar con verificación primitiva ou a que corresponda e precintado.

4. No caso de que as empresas distribuidoras apliquen descontos sobre as tarifas máximas autorizadas nun ámbito xeográfico determinado e a un número e categoría de consumidores determinada, estes descontos deberán ser públicos mediante publicación nun medio de comunicación de ampla difusión na provincia ou provincias de que se trate e comunicados previamente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicarlle á Comisión Nacional de Enerxía para efectos informativos. En calquera outro suposto, os descontos que pretendan aplicar as empresas distribuidoras deberán ser previamente comunicados á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

5. Nos supostos dos números 1 e 2, ós suxeitos acollidos ó pagamento por domiciliación bancaria non poderá cargárselles en conta cantidade ningunha ata transcorridos sete días naturais desde a remisión da factura.

SECCIÓN 3.^a TRASPASO E SUBROGACIÓN DOS CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN A TARIFA E DE ACCESO ÁS REDES

Artigo 83. *Traspaso e subrogación dos contratos de subministración a tarifa e de acceso ás redes.*

1. O consumidor que estea ó corrente de pagamento, poderá traspasalo seu contrato a outro consumidor que vaia facer uso del en idénticas condicións. O titular porá en coñecemento da empresa distribuidora mediante comunicación que permita ter constancia para efectos de expedición do novo contrato.

2. Para a subrogación en dereitos e obrigas dun contrato de subministración a tarifa ou de acceso ás redes abondará a comunicación que permita ter constancia á empresa distribuidora para efectos do cambio de titularidade do contrato.

3. Nos casos en que o usuario efectivo da enerxía ou do uso efectivo das redes, con xusto título, sexa persoa distinta ó titular que figura no contrato, poderá esixir, sempre que se encontre ó corrente de pagamento, o cambio ó seu nome do contrato existente, sen máis trámites.

4. A empresa distribuidora non percibirá cantidade ningunha pola expedición dos novos contratos que se deriven dos cambios de titularidade sinalados nos puntos anteriores, agás a que se refire á actualización do depósito.

5. Malia o anterior, para as modificacións de contratos en baixa tensión dunha antigüidade superior a vinte anos, as empresas distribuidoras deberán proceder á verificación das instalacións, autorizándose a cobrar, neste caso, os dereitos de verificación vixentes. Se efectuada a dita verificación se comprobase que as instalacións non cumpren as condicións técnicas e de seguridade regulamentarias, a empresa distribuidora deberá esixir a adaptación das instalacións e a presentación do correspondente boletín do instalador.

SECCIÓN 4.^a PAGAMENTO E SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN**Artigo 84. *Período de pagamento e xuros de demora dos contratos de subministración a tarifa.***

1. Para consumidores privados a tarifa, o período de pagamento establécese en vinte días naturais desde a emisión da factura por parte da empresa distribuidora. No caso de que o último día do período de pagamento fose sábado ou festivo, este vencerá o primeiro día laborable que lle siga.

Dentro do período de pagamento, os consumidores privados poderán facer efectivos os importes facturados mediante domiciliación bancaria, a través das contas que sinalen as empresas distribuidoras en caixas de aforro ou entidades de crédito, nas oficinas de cobramento da empresa distribuidora ou en quen esta delegue. En zonas xeográficas onde existan dificultades para utilizar os anteriores sistemas, o consumidor poderá facer efectivo o importe facturado mediante xiro postal ou outro medio similar.

2. No caso das administracións públicas, transcorridos dous meses desde que lles fose requirido de maneira que faga fe o pagamento sen que este se fixese efectivo, comezarán a devengarse xuros que serán equivalentes ó xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos.

Artigo 85. *Suspensión da subministración a tarifa por falta de pagamento.*

1. A empresa distribuidora poderá suspender a subministración a consumidores privados a tarifa cando vaian transcorridos, polo menos, dous meses desde que lles fose requirido, de forma que faga fe, o pagamento, sen que este se fixese efectivo. Para estes efectos, o requirimento practícase mediante remisión, ó enderezo que para efectos de comunicación figure no contrato de subministración a tarifa, por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou polo seu representante, así como da data, identidade e contido del, quedando a empresa distribuidora obrigada a conservar no seu poder a acreditación da notificación efectuada. No suposto de rexeitamento da notificación, especificaranse as circunstancias do intento de notificación e terase por efectuado o trámite. Esta comunicación deberá incluí-lo trámite de interrupción da subministración por falta de pagamento, precisando a data a partir da que se interromperá, de non aboarse en data anterior as cantidades debidas.

2. No caso das administracións públicas, a empresa distribuidora poderá proceder á suspensión da subministración por falta de pagamento, sempre que este non fose declarado esencial, se transcorridos catro meses desde o primeiro requirimento o dito pagamento non se fixese efectivo.

3. Para proceder á suspensión da subministración por falta de pagamento, a empresa distribuidora non poderá sinalar como día para a interrupción un día festivo nin aqueles en que, por calquera motivo, non exista servizo de atención ó cliente tanto comercial como técnica para efectos da reposición da subministración, nin na véspera daqueles días en que se dea algunha destas circunstancias.

4. Efectuada a suspensión da subministración, esta será reposta como máximo ó día seguinte do aboamento da cantidade debida, dos xuros que devengase de acordo co artigo anterior e da cantidade autorizada en concepto de reconexión da subministración.

Artigo 86. *Suspensión da subministración ós consumidores e suxeitos cualificados.*

1. A suspensión da subministración de enerxía ós consumidores cualificados estará suxeita ás condicións

de garantía de subministración e suspensión que pactasen.

As condicións xerais de contratación da subministración de enerxía eléctrica entre os consumidores cualificados e as empresas que realicen a subministración, así como a existencia de pactos particulares que puidesen condicionala garantía de subministración, deberán ser comunicadas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, á Comisión Nacional da Enerxía e ás comunidades autónomas naqueles casos en que as subministracións se realicen exclusivamente no ámbito territorial delas.

2. Cando se rescindise un contrato de subministración entre un consumidor e un comercializador antes da data de expiración del, o comercializador poderá esixir a suspensión da subministración á empresa distribuidora mediante comunicación, que faga fe, a ela. A empresa distribuidora procederá á suspensión da subministración se transcorridos cinco días hábiles desde a citada notificación o comercializador non indicase o contrario ou o consumidor non acreditase a suscripción dun novo contrato con outro comercializador.

Nestes casos, cando o comercializador de enerxía eléctrica non lle comunicase á empresa distribuidora a rescisión do contrato de subministración, a empresa distribuidora quedará exonerada de calquera responsabilidade sobre a enerxía entregada ó consumidor.

3. As regras e condicións de funcionamento do mercado de produción, de acordo co disposto no artigo 27, número 3, do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, deberán incluír en todo caso os procedementos que hai que seguir:

a) No suposto de que os axentes que adquiren enerxía do mercado maiorista incumpran as súas obrigas de pagamento, así como as comunicacións que nestes casos deben realizarse entre os diferentes axentes do mercado.

b) As comunicacións das altas e baixas como axente do mercado daqueles consumidores que adquiren enerxía directamente do mercado de produción, así como do resto de axentes do dito mercado.

Estas regras deberán garantir a comunicación destes feitos ó Ministerio de Economía, á Comisión Nacional de Enerxía, así como ós consumidores e axentes afectados, nun prazo que non poderá exceder en ningún caso os cinco días hábiles.

Artigo 87. *Otras causas da suspensión da subministración.*

A empresa distribuidora poderá interromper a subministración de forma inmediata nos seguintes casos:

a) Cando se realizase un enganche directo sen previo contrato.

b) Cando se establezan derivacións para subministrar enerxía a unha instalación non prevista no contrato.

c) Cando se manipule o equipo de medida ou control ou se evite o seu correcto funcionamento.

d) No caso de instalacións perigosas.

En tódolos casos anteriores a interrupción da subministración será levada a cabo pola empresa distribuidora e comunicáraselle á Administración competente, facéndoo por escrito ou por calquera outro medio aceptado entre as partes.

De non existir criterio obxectivo para xira-la facturación nestes supostos, a empresa distribuidora xiraraa facturando un importe correspondente ó produto da potencia contratada, ou que se debería ter contratado, por seis horas de utilización diarias durante un ano, sen prexuízo das accións penais ou civís que se poidan interpoñer.

Artigo 88. *Gastos por desconexión e reconexión.*

Os gastos que orixine a suspensión da subministración serán por conta da empresa distribuidora e a reconexión da subministración, en caso de corte xustificado, será por conta do consumidor ou suxeito cualificado, que deberá aboar unha cantidade equivalente ó dobre dos dereitos de enganche vixentes como compensación polos gastos de desconexión.

Artigo 89. *Servicios declarados esenciais.*

1. O establecido nos artigos anteriores en relación coa suspensión da subministración ou do acceso por falta de pagamento ou outras causas non será de aplicación ós servicios esenciais.

2. Os criterios para determina-los servicios que deben ser considerados esenciais serán:

- a) Luz pública a cargo das administracións públicas.
- b) Subministración de augas para o consumo humano a través de rede.
- c) Acuartelamentos e institucións directamente vinculadas á defensa nacional, ás forzas e corpos de seguridade, ós bombeiros, á protección civil e á policía municipal, agás as construcións dedicadas a vivendas, economato e zonas de recreo do seu persoal.
- d) Centros penitenciarios, pero non así os seus anexos dedicados á poboación non reclusa.
- e) Transportes de servicio público e os seus equipamentos e as instalacións dedicadas directamente á seguridade do tráfico terrestre, marítimo ou aéreo.
- f) Centros sanitarios en que existan quirófanos, salas de curas e aparellos de alimentación eléctrica adaptables ós pacientes, e hospitais.
- g) Servicios funerarios.

As empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán afecta-los pagamentos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministracións vinculadas a servicios declarados como esenciais en situación de morosidade, ó aboamento das facturas correspondentes ós ditos servicios, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, lles atribúese a estes pagamentos.

SECCIÓN 5.^a RESOLUCIÓN DOS CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN A TARIFA E DE ACCESO ÁS REDES

Artigo 90. *Resolución dos contratos de subministración a tarifa e de acceso ás redes.*

1. A interrupción da subministración por falta de pagamento ou por algunha das causas establecidas na presente sección durante máis de dous meses desde a data de suspensión, determinará a resolución do contrato de subministración ou de acceso.

Malia o disposto no parágrafo anterior, os contratos de subministración das administracións públicas, que non fosen declarados esenciais, serán resoltos se a demora no pagamento fose superior a seis meses.

Nos supostos anteriores, se un consumidor con xusto título para o dito punto de subministración solicita a formalización dun novo contrato, a resolución do anterior contrato será automática.

2. A suspensión da subministración ou do acceso nos casos de fraude dará lugar á resolución automática do contrato.

Artigo 91. *Otras causas de resolución dos contratos.*

En todo caso, serán causas de resolución do contrato as seguintes:

- a) Non permiti-la entrada en horas hábiles ou de normal relación co exterior, nos locais onde se encontran as instalacións de transformación, medida ou control a persoal autorizado pola empresa distribuidora encargada da medida.
- b) A negligencia do consumidor ou suxeito cualificado respecto á custodia dos equipos de medida e control, con independencia de quen sexa o propietario deles.
- c) A negligencia do consumidor ou suxeito cualificado respecto á instalación de equipos correctores no caso de que produza perturbacións á rede e, unha vez transcorrido o prazo establecido polo organismo competente para a súa corrección, esta non se efectúese.

SECCIÓN 6.^a MEDIDA E CONTROL

Artigo 92. *Control da potencia contratada.*

1. Nos contratos de subministración a tarifa e de acceso ás redes establecerase a potencia ou potencias contratadas da subministración.

2. A empresa distribuidora poderá controlar que a potencia realmente demandada polo consumidor non exceda da contratada. O control da potencia efectuarase por elección do consumidor mediante interruptores de control de potencia, máxímetros ou outros aparellos de corte automático. No caso de consumidores que exerzan a súa condición de cualificados, o control da potencia será mediante integradores incorporados ó equipo de medida necesario para a liquidación da enerxía no mercado maiorista.

3. Os interruptores de control de potencia (ICP), para intensidades de ata 63 A, axustaranse á gama de intensidades normalizadas.

Para subministracións en baixa tensión de intensidade superior a 63 A poderán utilizarse interruptores de intensidade regulable, máxímetros ou integradores incorporados ó equipo de medida da enerxía, á elección do consumidor, de acordo coa normativa aplicable a tarifas.

Cando a facturación dun consumidor se faga en alta tensión, pero a medida se efectúe en baixa tensión, os interruptores de control de potencia se instalarán no lado de baixa tensión coa marxe de intensidade necesario para ter en conta as perdas de transformación.

Cando o control da potencia se efectúe por medio de máxímetro ou por integradores incorporados ó equipo de medida da enerxía, a facturación da subministración realizarase atendendo ás lecturas resultantes. O rexistro dunha potencia superior á vixente na acometida autoriza á empresa distribuidora a facturar ó consumidor os dereitos de acometida correspondentes ó dito exceso, o valor do cal quedará adscrito á instalación, sen que esta facultade poida dar lugar a prácticas discriminatorias entre comercializadores ou consumidores.

Artigo 93. *Instalación de equipos de medida e control.*

1. Para a contratación da subministración eléctrica, o consumidor deberá contar con instalacións adecuadas para a colocación dos equipos de medida e control.

2. Os equipos de medida de enerxía eléctrica poderán ser facilitados polo consumidor ou ser alugados ás empresas distribuidoras, sempre que estes dispoñan de aprobación de modelo ou, se é o caso, pertencen a un tipo autorizado e fosen verificados segundo a súa normativa de aplicación.

No caso dos consumidores acollidos ás tarifas 1.0 e 2.0, ou aquelas que as puidesen substituír, as empresas distribuidoras están obrigadas a poñer á súa disposición equipos de medida e interruptores de control de potencia para o seu aluguer.

Os limitadores de corrente ou interruptores de control de potencia (ICP) colocaranse no local ou vivenda o máis cerca posible do punto de entrada da derivación individual.

Se por algunha circunstancia tivesen que instalarse na centralización de contadores, os interruptores de control serán de reenganche automático ou reenganchables desde o domicilio do contrato.

Nos casos nos que o ICP se coloque con posterioridade ó inicio da subministración de enerxía, os gastos de instalación correrán por conta da empresa distribuidora.

Os transformadores de medida, agás pacto en contrario, serán propiedade do consumidor.

3. Realizada a instalación, colocaranse nos equipos de medida os precintos que sexan esixibles que no caso de consumidores a tarifa só poderán ser alterados ou manipulados pola empresa distribuidora.

Artigo 94. *Equipos instalados.*

O consumidor será responsable da custodia dos equipos de medida e control e o propietario deles serao do seu mantemento.

Se por elevacións anormais de tensión ou outras causas imputables á empresa distribuidora, os equipos de medida e control sofren averías, será por conta da empresa distribuidora a súa reparación ou substitución.

Artigo 95. *Lectura das subministracións.*

1. A lectura das subministracións será responsabilidade das empresas distribuidoras.

2. A lectura da enerxía subministrada ó consumidor cualificado mediante contratos non acollidos a tarifa será responsabilidade do distribuidor, quen a porá á disposición dos axentes participantes ou interesados nela, os cales para iso terán acceso á súa lectura.

Os equipos de medida da enerxía subministrada ós consumidores cualificados mediante contratos non acollidos a tarifa, poderán incorporalos elementos necesarios para a medición das magnitudes requiridas para a facturación dos contratos de acceso á rede.

Artigo 96. *Comprobación dos equipos de medida e control.*

1. Tanto as empresas distribuidoras e, se é o caso, as comercializadoras ou o operador do sistema, como os consumidores, terán dereito a solicitar, do órgano da Administración competente onde radique a instalación, a comprobación e verificación dos contadores, interruptores de control de potencia (ICP) e outros aparellos que sirvan de base para a facturación, calquera que sexa o seu propietario.

2. No caso de comprobarse un funcionamento incorrecto, procederase a efectuar unha refacturación complementaria.

Para os consumidores cualificados ou outros suxeitos cualificados, se se facturasen cantidades inferiores ás debidas, a diferenza para efectos de pagamento poderá ser rateada en tantas facturas mensuais como meses transcorreron no erro, sen que poida exceder-lo aprazamento nin o período a rectificar dun ano.

Sen prexuízo do establecido regulamentariamente para os consumidores cualificados ou outros suxeitos cualificados, se aboasen cantidades en exceso, a devo-

lución producirase na primeira facturación seguinte, sen que poida producirse fraccionamento dos importes a devolver, nin o período de rectificación supere un ano. Neste caso, aplicarase ás cantidades adiantadas o xuro legal do diñeiro.

No caso de que o erro sexa de tipo administrativo, os cobramentos ou devolucións terán o mesmo tratamento que o sinalado anteriormente.

Artigo 97. *Cambio de características da enerxía.*

1. As empresas distribuidoras, logo de autorización da Administración competente, poderán modificar as tensións das súas redes de distribución en baixa tensión para adaptalas ás tensións normalizadas de uso máis común e xeneralizado.

En tales casos, as empresas distribuidoras deberán modificar pola súa conta os equipos de medida e control e adaptar ou substituí-los aparellos receptores dos consumidores ata o cociente da potencia contratada polo coeficiente 0,6, agás que o consumidor tivese declarados os aparellos receptores no contrato de subministración; neste caso a adaptación ou substitución afectaraos a todos eles.

2. Cando a subministración se realice en alta tensión, a empresa distribuidora, tamén coa previa autorización da Administración competente, poderá substituír unha tensión non normalizada por outra normalizada, asumindo a obriga de substituír ou adaptar as instalacións e os aparellos de transformación, control, medida e protección, sexan ou non da súa propiedade.

3. Se o cambio de tensión se efectúa a petición do consumidor, ou do comercializador que o represente, a empresa distribuidora a referida instalación, sinalando, se é o caso, as modificacións que hai que realizar, correndo por conta do solicitante tanto os gastos que orixine a substitución dos equipos de protección e medida como os dereitos de verificación.

SECCIÓN 7.^a RECLAMACIÓNS

Artigo 98. *Reclamacións.*

As reclamacións ou discrepancias que se susciten en relación co contrato de subministración a tarifa, ou de acceso ás redes, ou coas facturacións derivadas deles serán resoltas administrativamente polo órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, no territorio das cales se efectúe a subministración, independentemente das actuacións en vía xurisdiccional que puidesen producirse por instancia de calquera das partes, sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo primeira. Terceiro da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

CAPÍTULO II

Calidade de servicio

Artigo 99. *Concepto, contido e extensión da calidade de servicio.*

1. A calidade de servicio é o conxunto de características, técnicas e comerciais, inherentes á subministración eléctrica esixibles polos suxeitos, consumidores e polos órganos competentes da Administración.

As empresas distribuidoras poderán pactar cos consumidores, ou, se é o caso, cos comercializadores que representen os consumidores cualificados, o establecemento dunha calidade especial, superior á regulada neste capítulo e con efectos exclusivamente privados, sen

que en ningún caso tales pactos poidan supoñer un trato discriminatorio entre consumidores ou suxeitos cualificados de características similares.

Os comercializadores non poderán pactar cos consumidores calidades superiores ás regulamentadas, agás que figuren expresamente no contrato de acceso ás redes subscrito co distribuidor.

2. A calidade de servizo vén configurada polo seguinte contido:

- a) Continuidade da subministración, relativa ó número e duración das interrupcións da subministración.
- b) Calidade do produto, relativa ás características da onda de tensión.
- c) Calidade na atención e relación co cliente, relativa ó conxunto de actuacións de información, asesoramento, contratación, comunicación e reclamación.

3. Recoñécese a seguinte clasificación da calidade de servizo en canto á súa extensión:

- a) Calidade individual: é aquela de natureza contractual, que se refire a cada un dos consumidores.
- b) Calidade zonal: é a referida a unha determinada zona xeográfica, atendida por un único distribuidor.

4. Para os efectos da aplicación do presente capítulo, establécese a seguinte clasificación de zonas:

- A) Zona urbana: conxunto de municipios dunha provincia con máis de 20.000 subministracións, incluíndo capitais de provincia, aínda que non cheguen á cifra anterior.
- B) Zona semiurbana: conxunto de municipios dunha provincia cun número de subministracións comprendido entre 2.000 e 20.000, excluindo capitais de provincia.
- C) Zona rural:
 - a) Zona rural concentrada: conxunto de municipios dunha provincia cun número de subministracións comprendido entre 200 e 2.000.
 - b) Zona rural dispersa: conxunto de municipios dunha provincia con menos de 200 subministracións, así como as subministracións situados fóra dos núcleos de poboación que non sexan polígonos industriais ou residenciais.

Non obstante, para empresas eléctricas que distribúan naqueles ámbitos territoriais con dispersión da localización da demanda en diferentes núcleos de poboación dentro dun municipio, o Ministerio de Economía, por solicitude da empresa distribuidora afectada, poderá definir as zonas, urbanas, semiurbanas e rurais en función dos citados núcleos.

Artigo 100. *Definicións.*

Para os efectos do presente capítulo, considérase:

1. Consumidor: o cliente que compra electricidade para o seu consumo propio.
2. Tensión de alimentación: valor eficaz da tensión presente nun instante dado no punto de subministración e medido nun intervalo de tempo dado.
3. Tensión nominal dunha rede de distribución: tensión que caracteriza ou identifica unha rede e á cal se fai referencia para certas características de funcionamento.
4. Tensión de alimentación declarada: é a tensión nominal da rede, agás que, como consecuencia dun acordo entre distribuidor e consumidor, a tensión de alimentación aplicada no punto de entrega difira da tensión nominal; neste caso aquela corresponde á tensión de alimentación declarada.

5. Interrupción de alimentación: condición na que a tensión nos puntos de subministración non supera o 10 por 100 da tensión declarada. As interrupcións poden ser longas, de duración superior a tres minutos, ou breves, de duración inferior ou igual a tres minutos. O Ministerio de Economía, en función da evolución da tecnoloxía, poderá modifica-lo valor máximo do tempo ata o cal unha interrupción pode ser clasificada como breve.

6. TIEPI: é o tempo de interrupción equivalente da potencia instalada en media tensión ($1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$). Este índice defínese mediante a seguinte expresión:

$$\text{TIEPI} = \frac{\sum_{i=1}^k (\text{PI}_i \times H_i)}{\sum \text{PI}}$$

Onde:

$\sum \text{PI}$ = suma da potencia instalada dos centros de transformación MT/BT do distribuidor máis a potencia contratada en MT (en kVA).

PI_i = potencia instalada dos centros de transformación MT/BT do distribuidor máis a potencia contratada en MT, afectada pola interrupción «i» de duración H_i (en kVA).

H_i = tempo de interrupción da subministración que afecta a potencia PI_i (en horas).

K = número total de interrupcións durante o período considerado.

As interrupcións que se considerarán no cálculo do TIEPI serán as de duración superior a tres minutos.

7. Percentil 80 do TIEPI: é o valor do TIEPI que non é superado polo 80 por 100 dos municipios do ámbito provincial definidos.

8. NIEPI: é o número de interrupcións equivalente da potencia instalada en media tensión ($1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$). Este índice defínese mediante a seguinte expresión:

$$\text{NIEPI} = \frac{\sum_{i=1}^k \text{PI}_i}{\sum \text{PI}}$$

Onde:

$\sum \text{PI}$ = suma da potencia instalada dos centros de transformación MT/BT do distribuidor máis a potencia contratada en MT (en kVA).

PI_i = potencia instalada dos centros de transformación MT/BT do distribuidor máis a potencia contratada en MT, afectada pola interrupción «i» (en kVA).

K = número total de interrupcións durante o período considerado.

As interrupcións que se considerarán no cálculo do NIEPI serán as de duración superior a tres minutos.

Artigo 101. *Continuidade da subministración.*

1. A continuidade da subministración vén determinada polo número e a duración das interrupcións. As interrupcións poden ser imprevistas ou programadas para permiti-la execución de traballos programados na rede, caso en que os consumidores deberán ser informados de antemán pola empresa distribuidora, logo de autorización da Administración competente de acordo co previsto no presente artigo.

2. A determinación da continuidade da subministración, polas interrupcións de subministración, baséase en dous parámetros:

a) O tempo de interrupción, igual ó tempo transcorrido desde que aquela se inicia ata que finaliza, medido en horas. O tempo de interrupción total será a suma de tódolos tempos de interrupción durante un prazo determinado.

b) O número de interrupcións. O número de interrupcións total será a suma de tódalas interrupcións habidas durante un prazo determinado.

3. Para que as interrupcións se cualifiquen de programadas, as empresas distribuidoras deberán solicitar a correspondente autorización do órgano competente de enerxía da Administración autonómica correspondente cunha antelación mínima de setenta e dúas horas, non computándose para tales efectos os sábados, domingos ou festivos.

A autorización do órgano competente de enerxía da Administración autonómica entenderase outorgada se transcorrido o prazo de corenta e oito horas desde a solicitude non se establece obxección á interrupción. Naqueles supostos en que o órgano competente de enerxía da Administración autonómica considere que non queda xustificada a interrupción programada, ou ben que dela poden derivar prexuízos importantes, poderá denegar a autorización solicitada.

As interrupcións programadas deberán ser comunicadas ós consumidores afectados cunha antelación mínima de venticatro horas, polos seguintes medios:

a) Mediante comunicación individualizada, de forma que quede constancia do seu envío, ós consumidores as subministracións dos cales se realicen a tensións superiores a 1 kV e ós establecementos que presten servizos declarados esenciais.

b) Mediante carteis anunciadores, situados en lugares visibles, en relación co resto de consumidores, e mediante dous dos medios de comunicación escrita de maior difusión da provincia.

No caso de que a Administración autonómica non autorice a interrupción programada e esta xa lles fose anunciada ós consumidores, deberá informarse a estes de tal circunstancia polos mesmos medios anteriores.

En tódolos casos, o documento de aviso deberá conter a data e a hora de inicio da interrupción, así como a data e a hora da súa finalización.

4. O número e a duración das interrupcións programadas deberán terse en conta para efectos de cálculo do TIEPI e NIEPI total, pero estas non darán lugar a reducións na facturación, a non ser que non se observasen os requisitos esixidos nos puntos anteriores.

Artigo 102. *Calidade do productu.*

1. A calidade do productu fai referencia ó conxunto de características da onda de tensión, a cal pode verse afectada, principalmente, polas variacións do valor eficaz da tensión e da frecuencia e polas interrupcións de servizo e ocos de tensión de duración inferior a tres minutos.

2. Para a determinación dos aspectos da calidade do productu seguiranse os criterios establecidos na norma UNE-EN 50.160 ou norma que a substitúa e as instrucións técnicas complementarias que se dicten polo Ministerio de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, en desenvolvemento deste real decreto.

Artigo 103. *Calidade da atención ó consumidor.*

1. A calidade da atención e relación co consumidor determinarase atendendo ás características do servizo, entre as que se encontran o conxunto de aspectos referidos ó asesoramento do consumidor en materia de contratación, facturación, cobramento, medida de consumos e demais aspectos derivados do contrato subscrito.

2. En concreto, os indicadores de calidade individual, baseada na atención ó consumidor, serán os seguintes, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse a través das instrucións técnicas complementarias que, se é o caso, se aproben:

A) Elaboración dos orzamentos correspondentes a novas subministracións: a partir da solicitude dunha subministración, a empresa distribuidora comunicarlle por escrito ó solicitante o punto de subministración e as condicións técnico-económicas para realizalo, con indicación da necesidade ou non de reservar locais para centros de transformación dentro dos seguintes prazos máximos, contados en días hábiles:

1.º Subministracións en baixa tensión:

a) Cando se solicite unha subministración de ata 15 kW no que non sexa preciso realizar instalacións de extensión, a empresa distribuidora dará por escrito as condicións técnico-económicas nun prazo de cinco días.

b) Para calquera servizo cando non sexa necesaria a instalación de centro de transformación: dez días.

c) Cando sexa necesaria a instalación de centros de transformación:

1.^a Servizo auxiliar de obras: dez días.

2.^a Servizo definitivo con centro de transformación de media a baixa tensión: vinte días.

3.^a Servizo definitivo con subestación transformadora de alta a media tensión: trinta días.

2.º Subministracións en alta tensión:

a) Para un consumidor con tensión nominal de subministración igual ou inferior a 66 kV: corenta días.

b) Outras subministracións de alta tensión: sesenta días.

As empresas distribuidoras, dentro dos prazos anteriormente indicados, facilitaranlles por escrito ós solicitantes a xustificación detallada dos dereitos de acometida a liquidar, precisando o sistema empregado para a súa determinación e o seu prazo de vixencia, que será, como mínimo, de tres meses a partir da data da notificación.

Unha vez definida a proposta técnica e a súa aprobación, e unha vez aceptada polo solicitante a previsión dos dereitos correspondentes á extensión, ou á conexión, segundo se trate, estableceranse as previsións de actuación correspondentes á súa execución.

B) Execución das instalacións necesarias para as novas subministracións: cando se trate dunha instalación de extensión e que deba ser realizada pola empresa distribuidora, os prazos de execución para a posta en servizo da instalación a partir do momento en que se satisfagan os dereitos de acometida serán os seguintes, contados en días hábiles:

1.º Subministracións en baixa tensión:

a) Cando non sexa preciso realizar ningunha ampliación da rede de baixa tensión: cinco días.

b) Cando unicamente se necesite ampliar a rede de baixa tensión: trinta días.

c) Cando se necesite construír un centro de transformación: sesenta días.

d) Cando se necesiten construír varios centros de transformación: oitenta días.

2.º Subministracións en alta tensión:

- a) Acometida a un só consumidor con tensión nominal de subministración igual ou inferior a 66 kV: oitenta días.
- b) Outras subministracións de alta tensión: o prazo determinarase en cada caso en función da importancia dos traballos que hai que realizar.

No cómputo de prazos non se terán en conta os necesarios para obter autorizacións, permisos ou conformidade para a realización dos traballos.

No caso de que sexa necesaria a construción dun ou varios centros de transformación para uso do distribuidor, o prazo non comezará a computarse ata a sinatura dun documento de cesión de uso, correspondente ó local ou locais. Ademais, deberán ser entregados en condicións para poder realiza-la instalación eléctrica, polo menos, sesenta días antes de que finalice o prazo establecido.

Cando concorran circunstancias especiais e non exista acordo entre o distribuidor e o cliente, o prazo fixarao o órgano competente da Administración correspondente.

C) Enganche e instalación do equipo de medida, no prazo máximo de cinco días hábiles, a contar desde que o consumidor subscribise o correspondente contrato de subministración.

D) Atención das reclamacións que os consumidores presentasen en relación á medida de consumo, facturas emitidas, cortes indebidos, nun prazo máximo de cinco días hábiles para os usuarios de menos de 15 kW contratados e de quince días hábiles para o resto.

E) Enganche despois de corte por falta de pagamento, nun prazo máximo de vintecatro horas despois do pagamento da factura.

F) Execución indebida de corte por falta de pagamento.

G) Informar e asesora-los consumidores no momento da contratación sobre a tarifa e potencia que se vai contratar máis conveniente ás súas necesidades, de acordo co número 2 do artigo 80 deste real decreto, a partir dos datos achegados polos consumidores.

Artigo 104. *Cumprimento da calidade de subministración individual.*

1. O distribuidor deberá dispoñer dun sistema de rexistro de incidencias de acordo co procedemento de medida e control que se estableza segundo o disposto no número 3 do artigo 108, que lle permita determina-la afectación das incidencias de continuidade da subministración das súas redes con todos e cada un dos consumidores conectados a elas en tódalas súas zonas de distribución. O prazo máximo de implantación será dun ano desde a aprobación do citado procedemento.

2. O distribuidor estará obrigado, con relación a cada un dos seus consumidores, a que o tempo e número de interrupcións imprevistas maiores de tres minutos de cada ano natural, dependendo da zona onde estea situada a subministración, definida de acordo co disposto no número 3 do artigo 99 deste real decreto, non supere os seguintes valores:

- a) Media tensión (de 1 a 36 kV):

	Número de horas	Número de interrupcións
Zona urbana	4	8
Zona semiurbana	8	12
Zona rural concentrada	12	15
Zona rural dispersa	16	20

Os consumidores conectados a redes de tensión superior a 36 kV asimilaranse ós límites definidos en zonas urbanas, sexa cal sexa a súa localización.

- b) Baixa tensión (menor ou igual a 1 kV):

	Número de horas	Número de interrupcións
Zona urbana	6	12
Zona semiurbana	10	15
Zona rural concentrada	15	18
Zona rural dispersa	20	24

3. Os límites máximos de variación da tensión de alimentación ós consumidores finais serán de ± 7 por 100 da tensión de alimentación declarada. Non obstante, este límite poderá ser modificado polo Ministerio de Economía en función da evolución da normativa no relativo á normalización de tensións. A frecuencia nominal da tensión subministrada debe ser 50 Hz. Os límites máximos de variación desta frecuencia serán os establecidos na norma UNE-EN 50.160.

Para as subministracións a distribuidores que reciban a enerxía no primeiro chanzo de tensión (de 1 a 36 kV) as tolerancias anteriores reduciranse a un 80 por 100 das establecidas con carácter xeral.

4. O consumidor terá dereito a instalar pola súa conta un sistema de rexistro de medida de incidencias de calidade de servizo, debidamente precintado, co obxecto de confronta-los valores achegados polas empresas distribuidoras. A instalación e precintado deste sistema deberá contar co previo acordo de ámbalas partes, adoptado por escrito. En caso de discrepancia, resolverá o órgano competente da Administración autonómica.

Artigo 105. *Consecuencias do incumprimento da calidade de servizo individual.*

1. O distribuidor é responsable do cumprimento dos niveis de calidade individual definidos nos artigos anteriores, en relación con cada un dos consumidores conectados ás súas redes.

2. O incumprimento dos valores fixados no artigo anterior para a continuidade da subministración, determinará a obriga para os distribuidores de aplicar na facturación dos consumidores conectados ás súas redes os descontos regulados no punto seguinte, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte ó do incumprimento. A implantación dos descontos por incumprimento dos límites establecidos entrará en vigor a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte á finalización do período de implantación do procedemento de rexistro e control.

3. Para estes efectos, naqueles casos en que o distribuidor incumpra os valores para a continuidade da subministración individual, procederán a aplica-los seguintes descontos:

- a) Consumidores a tarifa:

1.º Se o incumprimento é polo número de horas de interrupción, con carácter anual aplicará un desconto na facturación do consumidor nunha cantidade equivalente ó consumo da súa potencia media anual facturada, pola diferenza entre o número de horas de interrupción do consumidor e o número de horas de interrupción regulamentariamente fixado, valorado en cinco veces o prezo do kWh correspondente á súa tarifa contratada, con tope máximo do 10 por 100 da súa facturación anual.

2.º Se o incumprimento é polo número de interrupcións, o desconto na facturación anual do consumidor

será equivalente ó consumo da súa potencia media anual facturada, polo número de horas de interrupción valoradas ó prezo do kWh correspondente á súa tarifa contratada pola diferenza entre o número real de interrupcións, menos o fixado regulamentariamente, dividida por oito, cun tope máximo do 10 por 100 da súa facturación anual.

Se se incumpren ámbolos índices, tomarase o máis favorable para o consumidor.

b) Consumidores cualificados:

1.º Polas peaxes ou tarifa de acceso: con carácter anual, ó consumidor cualificado, no caso de que este contrate directamente a peaxe ou tarifa de acceso, ou ó comercializador, en caso contrario, aplicarán un desconto na facturación nunha cantidade equivalente a:

1.ª Se o incumprimento é polo número de horas de interrupción, con carácter anual aplicará un desconto na facturación do consumidor nunha cantidade equivalente ó consumo da súa potencia media anual facturada, pola diferenza entre o número de horas de interrupción do consumidor e o número de horas de interrupción regulamentariamente fixado, valorado en cinco veces o prezo do kWh correspondente á súa tarifa de acceso contratada, cun tope máximo do 10 por 100 da súa facturación anual.

2.ª Se o incumprimento é polo número de interrupcións, aplicará un desconto na facturación anual do consumidor nunha cantidade equivalente ó consumo da súa potencia media anual facturada, polo número de horas de interrupción valoradas ó prezo do kWh correspondente á súa tarifa de acceso contratada pola diferenza entre o número real de interrupcións, menos o fixado regulamentariamente, dividida por oito, cun tope máximo do 10 por 100 da súa facturación anual.

Se se incumpren ámbolos índices, tomarase o máis favorable para o consumidor.

2.º Pola enerxía deixada de subministrar: as cantidades que, se é o caso, se pacten libremente co distribuidor. Estas serán como mínimo equivalentes a:

1.ª Se o incumprimento é polo número de horas de interrupción, aplicarán un desconto na facturación do consumidor nunha cantidade equivalente ó consumo da súa potencia media anual facturada, pola diferenza entre o número de horas de interrupción do consumidor e o número de horas de interrupción regulamentariamente fixado, valorado en cinco veces o prezo final horario medio anual do kWh no mercado de produción organizado, cun tope máximo do 10 por 100 da súa facturación anual.

2.ª Se o incumprimento é polo número de interrupcións, o desconto na facturación anual do consumidor será equivalente ó consumo da súa potencia media anual facturada, polo número de horas de interrupción, valoradas ó prezo final horario medio anual do kWh no mercado de produción organizado pola diferenza entre o número real de interrupcións, menos o fixado regulamentariamente, dividida por oito, cun tope máximo do 10 por 100 da súa facturación anual.

Se se incumpren ámbolos índices, tomarase o máis favorable para o consumidor.

4. En caso de discrepancia entre o distribuidor e o consumidor, ou comercializador no caso de consumidores cualificados, sobre datos a ter en conta para a elaboración dos descontos nas facturacións, resolverá o órgano competente da Administración, que terá dereito a consulta-lo rexistro de información utilizado pola empresa distribuidora.

A negativa por parte da empresa distribuidora a proporcionar-la información solicitada polo consumidor ou

comercializador, para os efectos deste real decreto, poderá ser considerada infracción, de acordo co previsto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

5. Naqueles supostos de incumprimento dos valores fixados para a calidade do produto, a empresa distribuidora deberá adoptar-las medidas correspondentes para emendar, nun prazo máximo de seis meses, as causas que motiven a deficiente calidade do produto, agás que pola alta complexidade técnica a Administración competente determine un superior. Nestes casos será necesario establecer un plan e que este sexa aprobado pola Administración competente.

6. En todos aqueles supostos en que se incumpra o establecido no número 2 do artigo 103 deste real decreto, as empresas distribuidoras procederán a lle aboar ó consumidor, por cada incumprimento, na primeira facturación que se produza, a maior das seguintes cantidades: 5.000 pesetas ou o 10 por 100 da primeira facturación completa.

7. Sen prexuízo das consecuencias definidas nos parágrafos anteriores, o consumidor afectado polo incumprimento da calidade de servizo individual, poderá reclamar, en vía civil, a indemnización dos danos e prexuízos que o dito incumprimento lle causase.

8. En caso de discrepancia entre o distribuidor e o consumidor, ou, se é o caso, o comercializador, sobre o cumprimento da calidade individual, resolverá o órgano competente da Administración autonómica onde se sitúe a subministración.

Non se considerarán incumprimentos de calidade os provocados por causa de forza maior ou as accións de terceiros, sempre que a empresa distribuidora o demostre ante a Administración competente. En calquera caso, non se considerarán como casos de forza maior os que resulten da inadecuación das instalacións eléctricas ó fin que han de servir, a falta de previsión na explotación das redes eléctricas ou aqueles derivados do funcionamento mesmo das empresas eléctricas. En caso de discrepancia, resolverá a Administración competente. Así mesmo, non poderán ser alegados como causa de forza maior os fenómenos atmosféricos que se consideren habituais ou normais en cada zona xeográfica, de acordo cos datos estatísticos de que se dispoña.

9. A Administración competente poderá ordenar, de oficio ou por instancia de parte, a apertura de expedientes informativos ou sancionadores por falta de calidade.

Artigo 106. Calidade zonal.

1. Cada distribuidor está obrigado a mante-los niveis de calidade zonal asignados a aquelas zonas onde desenvolva a súa actividade, calculados como media da falta de continuidade anual do conxunto de municipios agrupados por provincias, de acordo coa clasificación efectuada deles no número 3 do artigo 99 deste real decreto.

2. A medición da calidade zonal efectuarase sobre a base do TIEPI, o percentil 80 del TIEPI e o NIEPI. O Ministerio de Economía poderá establecer outros indicadores adicionais e poderá revisa-los límites dos valores establecidos.

3. Os límites dos valores do TIEPI, o percentil 80 do TIEPI e o NIEPI, durante cada ano natural, tendo en conta unicamente as interrupcións imprevistas, son os seguintes:

	TIEPI — Horas	Percentil 80 del TIEPI — Horas	NIEPI — Número
Zona urbana	2	3	4
Zona semiurbana	4	6	6
Zona rural concentrada	8	12	10
Zona rural dispersa	12	18	15

Ningún municipio deberá supera-lo valor do percentil 80 do TIEPI durante máis de dous anos consecutivos.

Artigo 107. Consecuencias do incumprimento da calidade zonal.

1. As empresas distribuidoras poderán declarar á Administración competente a existencia de zonas onde teñan dificultade temporal para o mantemento da calidade esixible, presentando á vez un programa de actuación temporal que permita a corrección das causas que o orixinen. Estes programas poderanse incluír nos plans de mellora de calidade de servizo e a electrificación e mellora da calidade no ámbito rural que se instrumenten a través da tarifa mediante convenios de colaboración entre o Ministerio de Economía, as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e as empresas distribuidoras.

2. A cantidade anual que, se é o caso, se fixe na tarifa para a execución dos plans citados no número anterior repartirase entre as diferentes zonas, atendendo ós criterios e orde de prioridade seguintes:

a) Repartiranse do total da contía que se aprobe cada ano:

- 1.º O 60 por 100 a zonas rurais.
- 2.º O 30 por 100 a zonas semiurbanas.
- 3.º O 10 por 100 a zonas urbanas.

b) Aplicaranse ás zonas que presenten a maior diferenza dos índices TIEPI, percentil 80 do TIEPI e NIEPI respecto á media nacional resultante por cada tipo de zona.

c) Ningunha zona poderá estar incluída nestes plans máis de dous anos. Estes plans deberán estar financiados polas empresas distribuidoras nunha contía non inferior ó 50 por 100 das investimentos que se realicen.

3. Durante a elaboración e execución destes plans e durante o prazo máximo de dous anos establecido para eles, sempre que fosen autorizados polo órgano competente da Administración correspondente, non se aplicarán as consecuencias do incumprimento da calidade tanto individual como zonal reguladas no presente real decreto ás zonas incluídas no ámbito territorial de actuación do plan.

4. Se, realizado un plan de calidade na zona, se continúan superando os límites establecidos no artigo anterior, a empresa distribuidora deberá xustificar os motivos á Administración competente, que poderá determinar, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, que a causa do incumprimento radica na falta de calidade, estando obrigada a empresa distribuidora, neste caso, a elaborar un plan de mellora da calidade de subministración, a cargo e a costa do distribuidor, que ha de ser aprobado pola Administración competente. A presentación do plan de mellora da calidade deberá realizarse ante a Administración competente no prazo de seis meses contados desde o requirimento efectuado por parte dela, e no dito plan deberán constar as actuacións que se van realizar e os prazos de execución delas.

5. A non elaboración ou execución dos mencionados plans poderá ser considerada infracción, de acordo co previsto no artigo 61.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Artigo 108. Información sobre a calidade de servizo.

1. As empresas distribuidoras deberán elaborar anualmente información detallada dos valores dos índices de calidade para o ámbito das distintas zonas de cada provincia onde exercen a súa actividade, que se establecen neste capítulo: TIEPI, percentil 80 do TIEPI e NIEPI.

Estes índices, calculados por provincias e zonas, desagregaranse nos correspondentes a interrupcións programadas e os correspondentes a interrupcións imprevistas, diferenciándose nestas últimas as interrupcións imprevistas por causas de terceiros, forza maior e propias da distribución, discriminando por cada un dos municipios.

Para tensións ata 1 kV, elaborarán anualmente información agregada sobre interrupcións rexistradas, discriminando por cada tipo de zona e provincia e municipio, distinguindo as programadas das imprevistas.

As empresas distribuidoras elaborarán anualmente información detallada dos valores dos aspectos de calidade do produto definidos na UNE-EN 50-160 en cada unha das provincias de actuación. Esta información deberalles ser facilitada ós clientes actuais ou potenciais para a análise dos seus medios de protección, alimentación redundantes e localización adecuada.

As empresas distribuidoras elaborarán anualmente información detallada dos valores dos aspectos de calidade na atención e relación cos clientes en cada unha das provincias de actuación.

2. Esta información será enviada, con carácter anual, ó Ministerio de Economía, quen lla comunicará á Comisión Nacional de Enerxía. Así mesmo, remitiráselle coa mesma periodicidade ó órgano competente da Administración autonómica a información correspondente ó ámbito do seu laboratorio.

3. Para a elaboración desta información, as citadas empresas deberán dispoñer dun procedemento de medida e control da continuidade da subministración e a calidade do produto, homoxéneo para tódalas empresas e auditable. Este procedemento será presentado de maneira conxunta polas empresas distribuidoras, para a súa aprobación polo Ministerio de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

4. A información obtida será sometida ás correspondentes auditorías, co fin de obter un exame sistemático e independente. Para iso, deberán dispoñer dun rexistro de tódalas incidencias detectadas durante os últimos catro anos.

5. Os comercializadores terán dereito a que lles sexa facilitada polos distribuidores a información da calidade correspondente ós seus clientes que se subministran a través das redes dos ditos distribuidores, obtida de acordo coa metodoloxía descrita nos números anteriores, para efectos de poder trasladar ós seus clientes os descontos procedentes que se regulan no presente capítulo. Esta información deberalles ser facilitada igualmente ós consumidores.

6. A Administración competente, de oficio ou por instancia de parte interesada, poderá efectuar cantas inspeccións ou comprobacións teña por conveniente, polos seus propios medios, ou utilizando unha entidade técnica homologada, nas instalacións dos distribuidores, para comprobar, con estudos tecnicamente fiables de auditoría, a calidade dunha determinada zona, atendida por unha única empresa.

7. O Ministerio de Economía publicará anualmente, coa información auditada facilitada polas propias empresas, un resumo dos niveis de calidade obtidos para cada un dos indicadores establecidos.

Artigo 109. Responsabilidades no cumprimento da calidade.

1. A responsabilidade do cumprimento dos índices de calidade de subministración individual e zonal correspondelhes ós distribuidores que realizan a venda de enerxía ó consumidor ou permiten a entrega de enerxía mediante o acceso ás súas redes, sen prexuízo da posible repetición, pola parte proporcional do incumprimento, pola empresa distribuidora contra a empresa titular das

instalacións de transporte, responsable da entrega de enerxía nos puntos de enlace entre as instalacións de transporte e as instalacións de distribución. Se existisen discrepancias sobre o suxeito que provocase a deficiencia, a Comisión Nacional de Enerxía determinará os concretos suxeitos do sistema á actuación dos cales sexan imputables as deficiencias.

2. Se a empresa distribuidora acredita que a interrupción imprevista foi debida á actuación de terceiros, poderase proceder, por parte da Administración competente, á incoación do correspondente procedemento sancionador contra este terceiro causante do incidente.

Artigo 110. *Perturbacións provocadas e inducidas por instalacións receptoras.*

1. Os consumidores e usuarios da rede deberán adoptar as medidas necesarias para que as perturbacións emitidas polas súas instalacións receptoras estean dentro dos límites establecidos de acordo co previsto no número 3 do artigo 104 deste real decreto. A exoneración da responsabilidade do distribuidor respecto das perturbacións producidas polos seus consumidores producirase se consta que previamente se requiriu o causante para que cese na súa actitude e, caso de non ser atendido dentro do prazo outorgado para o efecto, se procedese a efectuar a denuncia ante a Administración competente, quen deberá requirilo consumidor que produce as perturbacións para que instale os equipos correctores, podendo ordenalo corte se non é atendido o requirimento.

Con obxecto de minimizar a circulación de enerxía reactiva polas redes de distribución, os consumidores están obrigados a dispoñer dos equipos de compensación do seu factor de potencia, de modo que este sexa como mínimo de 0,60. A través das tarifas daranse os sinais económicos para a optimización do factor de potencia.

As empresas distribuidoras poderán pactar, mediante mecanismos de mercado obxectivos e transparentes, cos consumidores cualificados, compensacións locais do factor de potencia, segundo se determine mediante o correspondente procedemento de operación das redes de distribución, todo iso sen prexuízo do que estableza a normativa tarifaria.

2. Os consumidores deberán establecerlo conxunto de medidas que minimicen os riscos derivados da falta de calidade. Para estes efectos, as empresas distribuidoras deberán informar, por escrito, o consumidor sobre as medidas que hai que adoptar para a consecución desta minimización de riscos.

3. Para evitar no posible a transmisión de defectos, ou as súas consecuencias, cara ás instalacións do consumidor, ou viceversa, as proteccións particulares do entronque das instalacións de clientes coa rede xeral, e a súa regulación, deberán coordinarse entre a empresa distribuidora e o consumidor, en función das instrucións técnicas complementarias que dicte o Ministerio de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

TÍTULO VII

Procedementos de autorización das instalacións de produción, transporte e distribución

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 111. *Obxecto.*

1. O obxecto do presente título é a regulación dos procedementos para o outorgamento de autorizacións

administrativas para a construción, modificación, explotación, transmisión e cerramento de instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica cando o seu aproveitamento afecte a máis dunha comunidade autónoma ou cando o transporte ou distribución saia do ámbito territorial dunha delas.

2. Malia o disposto no parágrafo anterior, quedan excluídas do réxime de autorización establecidas no presente real decreto as instalacións de produción de enerxía eléctrica de orixe nuclear, que se rexerán pola súa normativa específica.

3. No caso das instalacións de produción, entenderase que o seu aproveitamento afecta a máis dunha comunidade autónoma cando, de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 54/1997, atendendo á potencia instalada das unidades de produción, estean obrigadas a realizar ofertas económicas ó operador do mercado, sen prexuízo da súa exclusión do sistema de ofertas por acollerse ó sistema de contratación bilateral.

4. En todo caso, entenderase que o aproveitamento dunha instalación de transporte afecta a máis dunha comunidade autónoma cando se trate de instalacións que formen parte da rede de transporte mallada peninsular. Así mesmo, as liñas que cumpran funcións de evacuación de instalacións de produción autorizadas pola Administración xeral do Estado deberán ser autorizadas por ela.

5. Estes procedementos son de aplicación tanto ás instalacións que conforman as redes de transporte e distribución definidas nos títulos II e III deste real decreto, como ás liñas directas, ás de evacuación e ás acometidas de tensión superior a 1 kV.

6. Quedan excluídas do réxime de autorización as instalacións de tensión inferior a 1 kV.

Artigo 112. *Coordinación con plans urbanísticos.*

1. A planificación das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica cando estas se localicen ou discorran en solo non urbanizable, deberá terse en conta no correspondente instrumento de ordenación do territorio. Así mesmo, e na medida en que as ditas instalacións se localicen en calquera das categorías de solo cualificado como urbano ou urbanizable, a dita planificación deberá ser contemplada no correspondente instrumento de ordenación urbanística, precisando as posibles instalacións, cualificando adecuadamente os terreos e establecendo, en ámbolos casos, as reservas de solo necesarias para a localización das novas instalacións e a protección das existentes.

2. Nos casos nos que non se tivese en conta a planificación eléctrica nos instrumentos de ordenación descritos no número anterior, ou cando as razóns xustificadas de urxencia ou excepcional interese para a subministración de enerxía eléctrica aconsellen o establecemento de instalacións de transporte ou distribución e sempre que en virtude do establecido noutras leis resultase preceptivo un instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico segundo a clase de solo afectado, haberá que se ater ó disposto no artigo 244 do texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, ou texto autonómico que corresponda.

Artigo 113. *Órganos competentes.*

1. As competencias sobre as instalacións descritas no anterior artigo 111 son de titularidade da Administración xeral do Estado e serán exercidas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, sen prexuízo das que expresamente se atribúan ó Consello de Ministros.

2. A tramitación da autorización, declaración en concreto de utilidade pública e aprobación de proxecto de execución de instalacións eléctricas será levada a cabo polas áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde radique a instalación.

3. O Ministerio de Economía poderá celebrar convenios coas comunidades autónomas polos que se poderá encomendar a estas últimas algunhas das actuacións administrativas previstas neste título.

As actuacións resolutorias dos procedementos establecidos no presente título non poderán ser obxecto da dita encomenda.

Artigo 114. *Informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.*

A autorización das instalacións de transporte que sexan competencia das comunidades autónomas requirirán informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Para iso, o órgano competente da Administración autonómica remitirá a solicitude e a documentación que a acompañe á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, que emitirá informe no prazo de dous meses. Se transcorrido o dito prazo non o emitise, continuarase as actuacións.

Neste informe consignaranse as posibles afeccións da proxectada instalación ós plans de desenvolvemento da rede, á xestión técnica do sistema e ó réxime económico del, que a Administración autorizante deberá ter en conta no outorgamento da autorización. No suposto de que a instalación sexa obxecto dun procedemento que asegure a concorrencia, o informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas terá por obxecto, adicionalmente, as bases do concurso.

A resolución que se emita sobre esta autorización deberá serlle notificada á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía e á Comisión Nacional de Enerxía.

CAPÍTULO II

Autorizacións para a construción, modificación, ampliación e explotación de instalacións

Artigo 115. *Necesidade de autorización.*

A construción, ampliación, modificación e explotación de tódalas instalacións eléctricas ás que se refire o artigo 111 deste real decreto requiren as resolucións administrativas seguintes:

a) Autorización administrativa, que se refire ó ante-proxecto da instalación como documento técnico que se tramitará, se é o caso, conxuntamente co estudo de impacto ambiental. Así mesmo, nos casos nos que resulte necesario, permitirá a iniciación dos trámites correspondentes para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

b) Aprobación do proxecto de execución, que se refire ó proxecto concreto da instalación e permite ó seu titular a construción ou establecemento dela.

c) Autorización de explotación, que permite, unha vez executado o proxecto, poñer en tensión as instalacións e proceder á súa explotación comercial.

As solicitudes de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución definidas nos parágrafos a) e b) do presente artigo poderán efectuarse de maneira consecutiva, coetánea ou conxunta.

Artigo 116. *Custo asociado ás novas instalacións automatizadas de transporte.*

O custo asociado ás novas instalacións de transporte virá determinado pola forma de autorización delas, que poderá ser mediante procedemento de concorrencia ou de forma directa, sendo de aplicación o disposto nos artigos 6 e 7 do Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Artigo 117. *Resolución sobre determinación da forma de autorización das novas instalacións de transporte.*

1. Unha vez publicado no «Boletín Oficial del Estado» o programa anual de instalacións, a que se refire o artigo 14, ou as actualizacións excepcionais do artigo 15, deste real decreto, as empresas interesadas deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o seu interese en solicitar autorización para acometer algunha das ditas instalacións.

2. As empresas interesadas en solicitar autorización para acometer algunha nova instalación de transporte deberán presentar, no prazo dun mes desde a publicación anterior do programa anual de instalacións de transporte, no «Boletín Oficial del Estado», unha carta de interese ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, á que deberá xuntárselle unha acreditación da capacidade do solicitante, conforme o artigo 121, cando se trate de empresas que non sexan titulares de instalacións de transporte.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas requiriralles ás empresas solicitantes a emenda de posibles defectos na documentación presentada, dándolles un prazo de dez días hábiles, e resolverá finalmente indicando unha relación de novas instalacións de transporte a autorizar, sinalando a lista de empresas consideradas como posibles solicitantes de autorización e, se é o caso, aquelas empresas non aceptadas como solicitantes, indicando o motivo, que se fundamentará na falta dos requisitos do artigo 121 deste real decreto.

4. Na dita resolución indicárase tamén o procedemento elixido para o outorgamento da autorización, para cada nova instalación de transporte, conforme o seguinte criterio:

a) Autorización de forma directa, cando unicamente exista unha empresa solicitante.

b) Autorización mediante procedemento de concorrencia, cando ou ben non exista ningún solicitante ou haxa máis dun.

Artigo 118. *Autorización de instalacións de transporte de forma directa.*

1. No caso de que na resolución sobre determinación da forma de autorización das novas instalacións de transporte, a que se refire o artigo anterior, exista un único solicitante para unha determinada nova instalación de transporte, este contará cun prazo de seis meses para proceder á presentación dunha solicitude de autorización administrativa, conforme o disposto nos artigos 122 e seguintes.

2. Transcorrido o prazo anterior sen que se presentase a correspondente solicitude de autorización administrativa, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá proceder a autorizar-la dita instalación mediante procedemento de concorrencia.

Artigo 119. *Autorización de instalacións de transporte mediante procedemento de concorrencia.*

Cando unha instalación deba ser autorizada mediante procedemento de concorrencia, a Dirección Xeral de Polí-

tica Enerxética e Minas resolverá conforme o seguinte procedemento:

1. Publicará no «Boletín Oficial del Estado» as bases do concurso para outorgamento da autorización administrativa dunha instalación de transporte, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

2. Nelas determinarase a forma de presentación das ofertas, os prazos e os criterios de avaliación delas, así como a contía máxima de retribución polo investimento nas ditas instalacións.

3. O contido da solicitude de presentación ó procedemento de concorrencia esixirá a presentación dunha memoria-resumo, que deberá conter os seguintes extremos:

- a) Localización da instalación ou, cando se trate de liñas, orixe, percorrido orientativo e fin dela.
- b) Obxecto da instalación.
- c) Características principais dela.
- d) Plano de situación.
- e) Orzamento estimado e, se é o caso, condicións de retribución da instalación.

f) A documentación que acredite a capacidade do solicitante nos termos que se sinalan no artigo 121, cando a empresa solicitante non sexa titular de ningunha instalación de transporte en España e sempre que non o fixese, se é o caso, nos trámites anteriores.

4. Así mesmo, poderán incorporar, se é o caso, condicións relativas ó destino da instalación para o caso de cesamento na explotación delas polo seu titular e que poderán supoñer a súa transmisión forzosa ou o seu desmantelamento.

5. Unha vez finalizado o período de recepción das ofertas, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas procederá a adjudicarlo concurso no prazo establecido nas bases do concurso.

6. O concurso será resolto pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas tendo en conta tanto criterios técnicos como económicos, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

7. A resolución do procedemento de concorrencia será notificada, no prazo dun mes, ás empresas concorrentes, debendo a empresa gañadora do concurso, no prazo de seis meses, presentar solicitude de autorización administrativa, conforme os artigos 122 e seguintes.

8. Transcorrido o prazo anterior, sen que a empresa transportista gañadora do procedemento de concorrencia presentase a correspondente solicitude de autorización administrativa, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá proceder a resolver novamente o procedemento de concorrencia a favor da empresa transportista que obtivese o posto inmediatamente seguinte en puntuación no concurso, procedendo así sucesivamente en caso de novos incumprimentos.

9. No caso de nulidade da solicitude de autorización administrativa durante o procedemento de concesión, procederase de maneira análoga á indicada no caso do número anterior.

10. No caso de quedar deserto o procedemento de concorrencia, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas procederá a autorizar de forma directa á empresa transportista titular das instalacións máis próximas na zona na que se localice a instalación obxecto do concurso, quen deberá no prazo de seis meses presentala correspondente solicitude de autorización administrativa da nova instalación, o investimento da cal será retribuída pola contía máxima indicada nas bases do concurso.

Artigo 120. *Solicitudes de autorización.*

1. Os solicitantes das autorizacións ás que se refire o presente título deberán reunir os requisitos sinalados

no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e poderán ser presentadas en calquera dos lugares a que se refire o artigo 38.4 desa mesma lei.

2. As autorizacións ás que se refire o presente título serán outorgadas, sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, e en especial as relativas á ordenación do territorio e ó ambiente.

3. As novas instalacións da rede de transporte para as cales se solicite autorización administrativa, deberán estar incluídas na planificación eléctrica.

Artigo 121. *Capacidade do solicitante.*

1. Os solicitantes das autorizacións ás que se refire o presente título deberán acreditar a súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización do proxecto.

2. Os solicitantes de autorizacións de instalacións de distribución de enerxía eléctrica deberán cumprir os requisitos establecidos para o desenvolvemento desta actividade, establecidos no artigo 37 deste real decreto.

3. Os solicitantes de autorizacións de instalacións de produción e de transporte deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Capacidade legal:

Os solicitantes de autorizacións de instalacións de transporte deberán revestir a forma de sociedades mercantís de nacionalidade española ou, se é o caso, doutro Estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España, tendo como obxecto social exclusivo o desenvolvemento da dita actividade, conforme o artigo 2 deste real decreto.

Os solicitantes de autorizacións de instalacións de produción deberán ter personalidade física ou xurídica propia, quedando excluídas as unións temporais de empresas.

b) Capacidade técnica:

Para acreditar a capacidade técnica, os solicitantes deben cumprir algunha das seguintes condicións:

1.^a Teren exercido a actividade de produción ou transporte, segundo corresponda, de enerxía eléctrica durante, alomenos, os últimos tres anos.

2.^a Contaren entre os seus accionistas con, alomenos, un socio que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ó 25 por 100 e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de produción, transporte, segundo corresponda.

3.^a Teren suscrito un contrato de asistencia técnica por un período de tres anos cunha empresa que acredite experiencia na actividade de produción, transporte, segundo corresponda.

c) Capacidade económica:

A capacidade económica da sociedade solicitante entenderase cumprida cando a empresa solicitante achegue acreditación que garanta a viabilidade económica financeira do proxecto, podendo a Administración competente eximila desta acreditación para aquelas que viñesen exercendo esta actividade con anterioridade.

SECCIÓN 1.^a AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 122. *Presentación de solicitude de autorización administrativa.*

O petionario presentará ante as áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde

radique a instalación a correspondente solicitude de autorización administrativa, para a construción, ampliación, modificación, explotación de instalacións eléctricas de produción, transporte e distribución. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes ante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A devandita solicitude irá dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, cos requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 123. *Contido da solicitude de autorización administrativa.*

Á solicitude xuntaráse a documentación que acredite a capacidade do solicitante nos termos que se sinalan no artigo 121, agás para instalacións de transporte se foi acreditada no trámite previo.

Á solicitude xuntaráse un anteproxecto da instalación, que deberá conter:

A) Memoria na que se consignen as especificacións seguintes:

a) Localización da instalación ou, cando se trate de liñas de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, orixe, percorrido e fin dela.

b) Obxecto da instalación.

c) Características principais dela.

B) Planos da instalación a escala mínima 1 : 50.000.

C) Orzamento estimado dela.

D) Separata para as administracións públicas, organismos e, se é o caso, empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral con bens ou servizos pola súa conta afectadas pola instalación.

E) Os demais datos que a Administración encargada de tramitalo expediente estime oportuno reclamar.

Artigo 124. *Trámites de avaliación de impacto ambiental.*

Os proxectos de instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica someteranse a avaliación de impacto ambiental cando así o esixa a lexislación aplicable nesta materia.

Para tales efectos, a información pública necesaria de acordo coa normativa anterior será levada a cabo na presente fase de autorización administrativa.

Artigo 125. *Información pública.*

1. As solicitudes formuladas conforme o artigo 122 someteranse ó trámite de información pública durante o prazo de vinte días; para este efecto inserírase un anuncio extracto delas no «Boletín Oficial» da provincia respectiva ou «Diario Oficial» da comunidade autónoma respectiva, e ademais no «Boletín Oficial del Estado». No suposto de que a instalación afecte máis dunha provincia, corresponderalles tramitala publicación do anuncio no «Boletín Oficial del Estado» ás áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía na provincia das cales teña a súa orixe a instalación. Durante o citado prazo de vinte días, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

2. No suposto de que se solicite simultaneamente a autorización administrativa e a declaración de utilidade pública, a información pública a que se refire o número anterior efectuarase conxuntamente coa correspondente á da declaración de utilidade pública.

Artigo 126. *Alegacións.*

Das alegacións presentadas, se é o caso, como consecuencia da información pública, daráselle traslado ó peticionario, para que este, pola súa banda, lle comunique á área ou, se é o caso, á dependencia de Industria e Enerxía encargada da tramitación o que estime pertinente nun prazo non superior a quince días. A área ou, se é o caso, a dependencia de Industria e Enerxía remitirá, xunto co resto do expediente tramitado, as citadas alegacións e manifestacións do peticionario, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 127. *Información a outras administracións públicas.*

1. A Administración competente para a tramitación dará traslado ás distintas administracións, organismos ou, se é o caso, empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral na parte que a instalación poida afectar bens e dereitos ó seu cargo.

2. Para os anteriores efectos, será remitida, pola Administración competente para a tramitación do expediente, unha separata do anteproxecto, na que se conterán as características xerais da instalación e a documentación cartográfica correspondente e, se é o caso, un documento de síntese do estudo de impacto ambiental, co obxecto de que nun prazo de vinte días presten a súa conformidade ou oposición á autorización solicitada. Transcorrido o dito prazo sen que as distintas administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectadas nos seus bens e dereitos contestasen, a Administración encargada da tramitación reiterará o requirimento para que nun novo prazo de dez días se pronuncien sobre a conformidade ou oposición á instalación. Pasado o prazo de reiteración sen se produci-la contestación da Administración, organismo ou empresa requirida, entenderase a conformidade da dita Administración coa autorización da instalación.

3. A Administración encargada da tramitación dará traslado ó solicitante da aceptación ou oposición, segundo o disposto no número anterior, para que no prazo de quince días preste a súa conformidade ou formule os reparos que estime procedentes.

4. En caso de reparos do peticionario, trasladaranse estes á Administración, organismo ou empresa de servizo público ou de servizos de interese xeral que formulou a oposición, para que no prazo de quince días amose a súa conformidade ou reparos á dita contestación. Transcorrido o dito prazo sen que as administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral citados emitisen novo escrito de reparos, entenderase a conformidade coa contestación efectuada polo peticionario.

5. Concluídos os trámites precedentes, as áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía remitirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas os expedientes administrativos da instalación, xunto cos seus informes, así como co correspondente anteproxecto dela.

No suposto de que a instalación afectase varias provincias, o anteproxecto será remitido polo órgano administrativo que efectuase a tramitación na provincia onde teña a súa orixe a correspondente instalación eléctrica.

6. Nos expedientes de autorización de novas instalacións, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da proposta de resolución á Comisión Nacional de Enerxía, que deberá emitir informe con carácter preceptivo.

Artigo 128. *Resolución.*

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá e notificará a resolución dentro dos tres meses desde a presentación da solicitude de autorización administrativa.

2. A falta de resolución expresa das solicitudes de autorización terá efectos desestimatorios, podendo interpoñerse, se é o caso, recurso administrativo ante a autoridade correspondente.

3. A resolución deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial» das provincias respectivas, e deberá ser notificada ó solicitante, e a tódalas administracións, organismos públicos e empresas do servizo público ou de servizos de interese xeral que interviñeron ou puideron intervir no expediente.

4. A autorización administrativa expresará o período de tempo contado a partir do seu outorgamento no cal deberá ser solicitada a aprobación do proxecto de execución, indicando que se producirá a súa caducidade se transcorrido o dito prazo aquela non foi solicitada, podendo solicita-lo petionario, por razóns xustificadas, prórrogas do prazo establecido.

Artigo 129. *Ocupación do dominio público marítimo-terrestre.*

1. Excepcionalmente, e por acordo do Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Medio Ambiente, de Fomento e de Economía, tomando en consideración os valores ambientais e paisaxísticos, poderase autorizarlo tendido de liñas eléctricas aéreas de alta tensión, cando a súa localización parcial ou total estea comprendida no dominio público marítimo-terrestre, sempre que o trazado non se localice en tramos de costa que constitúan praia ou outros ámbitos de especial protección, e que concorran razóns de utilidade pública debidamente acreditadas polo Ministerio de Economía.

2. Se tralo estudio da solicitude de autorización administrativa da instalación eléctrica, a xuízo do Ministerio de Economía concorren razóns de utilidade pública, darase traslado da proposta de autorización ó Ministerio de Medio Ambiente, e unha vez obtida a súa conformidade, elevarase ó Consello de Ministros para a súa resolución.

SECCIÓN 2.^a APROBACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN

Artigo 130. *Solicitud.*

1. O petionario ou o titular da autorización presentará ante a área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde radique a instalación, a correspondente solicitude dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, cos requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xunto co proxecto de execución elaborado conforme os regulamentos técnicos na materia.

2. Cando se trate de liñas eléctricas de carácter interprovincial, deberá realizarse o trámite indicado no número anterior por provincias, presentando como mínimo en cada unha delas a parte correspondente do proxecto da instalación. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes ante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Presentaranse en forma de separata aquelas partes do proxecto que afecten bens, instalacións, obras ou servizos, centros ou zonas dependentes doutras administracións, para que estas establezan o condicionado técnico procedente.

4. Serán competentes para a tramitación da aprobación de proxecto de execución as áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, nas provincias das cales se localice ou discorra a instalación.

Artigo 131. *Condicionados e aprobación de proxecto.*

1. A Administración competente para a tramitación do expediente remitirá as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectadas, con bens e dereitos pola súa conta, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente, no prazo de vinte días.

2. Non será necesario obte-lo dito condicionado:

a) Cando as distintas administracións, organismos e empresas mencionadas acordasen, de conformidade co Ministerio de Economía ou os departamentos autonómicos correspondentes, normas de carácter xeral para o establecemento das instalacións ou para o cruzamento ou contigüidade das liñas eléctricas cos bens, instalacións, obras, servizos, centros ou zonas a que se refire o artigo anterior.

b) Cando, remitidas as separatas correspondentes, transcorran vinte días e reiterada a petición transcorran dez días máis sen recibiren resposta, teranse por aprobadas as especificacións técnicas propostas polo petionario da instalación no proxecto de execución.

3. Daráselle traslado ó petionario dos condicionados establecidos, para que no prazo de quince días preste a súa conformidade ou formule os reparos que estime procedentes.

4. A contestación do petionario trasladarase á Administración, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral que emitiu o correspondente condicionado técnico, para que no prazo de quince días amose a súa conformidade ou reparos á dita contestación. Transcorrido o dito prazo sen que a Administración, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral citados emitisen novo escrito de reparos sobre o seu condicionado, entenderase a conformidade coa contestación ó condicionado efectuada polo petionario.

5. Concluídos os trámites precedentes, a área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía practicará, se o estima oportuno, un recoñecemento sobre o terreo e reunirá os condicionados técnicos, se os houber, e elevará o correspondente informe sobre aprobación do proxecto de execución á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, xunto co correspondente proxecto de execución dela. No suposto de que a instalación afecte varias provincias, o proxecto será remitido polo órgano administrativo que efectuase a tramitación na provincia onde teña a súa orixe a correspondente instalación eléctrica.

6. Sen prexuízo do disposto no número 4 anterior e para o suposto de que se manteña a discrepancia en canto ó condicionado técnico entre o petionario da instalación e algunha Administración ou organismo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá, ben resolver recollendo as condicións técnicas establecidas no condicionado, ou ben, se discrepa deste, remitir a proposta de resolución ó ministro de Economía, para a súa elevación ó Consello de Ministros.

7. O órgano competente deberá proceder á emisión da correspondente resolución nun prazo de tres meses.

A falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, e poderá interpoñerse, se é o caso, recurso administrativo ante a autoridade correspondente.

8. A resolución deberá ser notificada ó peticionario e a todas aquelas administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral que emitiron condicionado técnico ou deberon emitilo no expediente.

9. A aprobación de proxecto de execución constitúe a resolución que habilita o seu titular á construción da instalación proxectada.

10. A resolución terá que expresa-lo período de tempo no cal está prevista a execución da instalación.

11. Excepcionalmente, cando razóns de urxencia ou excepcional interese para o sistema eléctrico así o aconsellen, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía, poderá autorizar, motivadamente e con carácter provisional, a construción da instalación sen aprobación de proxecto de execución e sempre e cando a instalación obtivese a correspondente autorización administrativa.

SECCIÓN 3.^a AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN

Artigo 132. *Acta de posta en servizo.*

1. Unha vez executado o proxecto, presentárase a correspondente solicitude de acta de posta en servizo ante as áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno respectivas que tramitasen o expediente por provincias.

A dita solicitude xuntáraselle un certificado de final de obra suscrito por técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas no proxecto de execución aprobado, así como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia.

2. A acta de posta en servizo será redactada pola área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno respectivas que tramitasen o expediente, no prazo dun mes, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas. Se se tratase dunha liña eléctrica que afecte diferentes provincias, redactarase unha acta de posta en servizo por cada unha delas.

Durante o dito prazo, as referidas áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, por petición do titular da instalación, poderán redactar unha acta de posta en servizo para probas dela.

CAPÍTULO III

Autorización de transmisión de instalacións

Artigo 133. *Solicitude.*

1. A transmisión da titularidade dunha instalación de produción, transporte ou distribución de enerxía eléctrica require autorización administrativa.

2. A solicitude de autorización administrativa de transmisión deberá ser dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas por quen pretende adquirirla titularidade da instalación.

A solicitude deberá ir acompañada da documentación que permita acreditar a capacidade legal, técnica e económica do solicitante, así como unha declaración do titular da instalación na que manifieste a súa vontade de transmitirla dita titularidade.

Artigo 134. *Resolución.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, sobre a solicitude, no prazo de tres meses. A falta de resolución expresa en prazo terá efectos desestimatorios, e poderá interpoñerse, se é o caso, recurso administrativo ante a autoridade correspondente.

A partir do seu outorgamento, o solicitante contará cun prazo de seis meses, para transmitirla titularidade da instalación. Producirase a caducidade da autorización se transcorrido o dito prazo aquela non tivo lugar.

A resolución seralle notificada ó solicitante e ó transmitente. Outorgada a autorización, o solicitante deberalle comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a transmisión, no prazo dun mes desde que se faga efectiva.

CAPÍTULO IV

Autorización de peche de instalacións

Artigo 135. *Solicitude.*

1. O titular da instalación que pretenda o peche desta deberá solicitar autorización administrativa de peche ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Esta solicitude efectuarase ante a área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno correspondentes. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes ante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O titular da instalación acompañará a solicitude dun proxecto de peche, que deberá conter como mínimo unha memoria, na que se detallen as circunstancias técnicas, económicas, ambientais ou de calquera outra orde, polas que se pretende o peche, así como os planos actualizados da instalación a escala adecuada.

3. A solicitude poderase acompañar dun plan de desmantelamento da instalación, no suposto de o solicitante así o pretender.

Artigo 136. *Procedemento.*

O procedemento de tramitación da solicitude será realizado pola área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno correspondentes.

Artigo 137. *Informe previo.*

No caso de instalacións baixo a xestión técnica do operador do sistema e xestor da rede de transporte, este emitirá informe previo sobre a solicitude de autorización de peche.

No caso de instalacións de transporte en que a autorización de peche deba ser outorgada polas comunidades autónomas, estas solicitarán informe previo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no que esta consignará as posibles afeccións do peche da instalación ós plans de desenvolvemento da rede e á xestión técnica do sistema.

Artigo 138. *Resolución.*

1. A área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno correspondentes, elevará o expediente de solicitude de peche xunto co seu informe á Dirección Xeral de

Política Enerxética e Minas, quen deberá resolver, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, sobre a autorización de peche da instalación nun prazo de tres meses.

A falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, podendo interpoñerse, se é o caso, recurso administrativo ante a autoridade correspondente.

2. En todo caso, a autorización de peche da instalación poderalle impoñer ó seu titular a obriga de proceder ó seu desmantelamento.

A resolución terá que expresa-lo período de tempo contado a partir do seu outorgamento no cal deberá procederse ó peche e, se é o caso, ó desmantelamento da instalación, indicando que se producirá a caducidade da autorización se transcorrido o dito prazo aquel non tivo lugar.

3. A resolución notificaráselle ó solicitante e publicarse, en todo caso, no «Boletín Oficial del Estado», e no «Boletín Oficial» das provincias onde radique a instalación.

Artigo 139. *Acta de peche.*

Concedida a autorización de peche, a área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno correspondentes e logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas, levantará acta de peche cando este se faga efectivo.

CAPÍTULO V

Expropiación e servidumes

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 140. *Utilidade pública.*

1. De acordo co artigo 52.1 da Lei do sector eléctrico, decláranse de utilidade pública as instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento e da imposición e exercicio da servidume de paso.

2. A devandita declaración de utilidade pública esténdese ós efectos da expropiación forzosa de instalacións eléctricas e das súas localizacións cando por razóns de eficiencia enerxética, tecnolóxicas ou ambientais sexa oportuna a súa substitución por novas instalacións ou a realización de modificacións substanciais nelas.

3. Para o recoñecemento en concreto de utilidade pública destas instalacións será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que o solicitante considere de necesaria expropiación.

Artigo 141. *Liñas directas.*

A construción de liñas directas á que se refire o artigo 67 deste real decreto queda excluída da declaración de utilidade pública, así como das disposicións que en materia de expropiación e servidumes se establecen no presente capítulo.

Artigo 142. *Recursos.*

Contra as resolucións dictadas en materia de expropiación e imposición de servidume, caberán os recursos previstos na Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e demais normativa aplicable.

SECCIÓN 2.^a PROCEDEMENTO DE EXPROPIACIÓN

Artigo 143. *Solicitud de declaración de utilidade pública.*

1. Para o recoñecemento, en concreto, da utilidade pública das instalacións aludidas no artigo 140 será necesario que o peticionario efectúe a correspondente solicitude dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas cos requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde radique a instalación. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes ante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A solicitude de declaración, en concreto, de utilidade pública, poderá efectuarse ben de maneira simultánea á solicitude de autorización administrativa e/ou de aprobación do proxecto de execución, ou ben con posterioridade á obtención da autorización administrativa.

3. A solicitude acompañarase dun documento técnico e anexo de afeccións do proxecto que conteña a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa e características técnicas da instalación.

b) Plano de situación xeral, a escala mínima 1:50.000.

c) Planos de perfil e planta, con identificación de predios segundo proxecto e situación de apoios e voo, se é o caso.

d) Relación das distintas administracións públicas afectadas, cando a instalación poida afectar bens de dominio, uso ou servizo público ou patrimoniais do Estado, comunidade autónoma e corporacións locais, ou a obras e servizos atribuídos ás súas respectivas competencias.

e) Relación concreta e individualizada, na que se describan, en tódolos seus aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación, xa sexa esta do pleno dominio de terreos e/ou de servidume de paso de enerxía eléctrica e servizos complementarios, se é o caso, tales como camiños de acceso ou outras instalacións auxiliares.

4. Serán competentes para a tramitación dos expedientes de solicitude de utilidade pública as áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno nas provincias das cales se localice ou discorra a instalación.

Artigo 144. *Información pública.*

A solicitude de recoñecemento, en concreto, de utilidade pública, xunto co documento técnico citado no artigo anterior, someterase ó trámite de información pública durante o prazo de vinte días.

Para estes efectos, inserirase un anuncio, coa relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados polo procedemento de expropiación forzosa do pleno dominio ou para a imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial» das provincias afectadas. O anuncio publicarase tamén en un dous xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

Así mesmo, esta información comunicaráselles ós concellos no termo municipal dos cales radiquen os bens

ou dereitos afectados pola instalación, para a súa exposición ó público, por igual período de tempo.

A información pública establecida á que se refire este artigo, de acordo co previsto no artigo 115 deste real decreto, poderá realizarse conxuntamente coa da autorización administrativa prevista neste título.

Artigo 145. *Alegacións.*

Se, como consecuencia da información practicada de acordo co artigo anterior, se presentasen alegacións, estas poranse en coñecemento do solicitante para que este, pola súa vez, lle comunique ó órgano encargado da tramitación o que estime pertinente no prazo non superior a quince días, quen, pola súa banda, xunto co resto do expediente tramitado, lle remitirá as ditas alegacións e as manifestacións do petionario á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, así como, no caso de necesaria expropiación, un informe baseado no proxecto presentado, relativo ó cumprimento das condicións establecidas no artigo 143 deste real decreto.

Artigo 146. *Información a outras administracións públicas.*

1. O órgano encargado da tramitación do expediente, simultaneamente ó trámite de información pública, dará conta da solicitude e da parte do documento técnico polo que as distintas administracións, organismos, empresas de servio público ou de servios de interese xeral resulten afectados, co fin de que estas emitan o correspondente informe. Entenderase que non existe obxección ningunha cando pasados vinte días e reiterada a petición transcorran dez días máis sen recibir resposta das ditas administracións ou organismos públicos ou empresas sinaladas.

2. Entenderase realizado o trámite de informe a que se refire o número anterior cando, no suposto de se solicitar conxuntamente a declaración de utilidade pública coa aprobación de proxecto de execución, se cumpran os requisitos e trámites establecidos no artigo 127 deste real decreto.

Artigo 147. *Oposición ou obxección.*

1. Se conforme o establecido no artigo anterior formulasen obxeccións as administracións, organismos ou empresas de servio público ou de servios de interese xeral consultadas, poranse aquelas en coñecemento da entidade solicitante, co fin de que nun prazo de quince días realice as rectificacións correspondentes ou ben formule as razóns en que fundamente a imposibilidade de atender tales obxeccións.

2. Esta contestación será remitida pola Administración que tramita o expediente ás administracións ou organismos públicos ou empresas de servio público ou de servios de interese xeral que os formulasen para que nun prazo de quince días presten a súa conformidade ou reparos con ela. Entenderase a súa conformidade se dentro deste prazo as citadas administracións ou organismos non emiten un novo escrito de reparos.

Artigo 148. *Resolución.*

1. A resolución sobre a declaración de utilidade pública corresponderalle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, se a autorización é de competencia estatal, agás no caso de que se mantivesen expresamente as oposicións ou obxeccións sobre a declaración de utilidade pública por parte das administracións ou organismos públicos consultados e o Ministerio de Economía discrepase das súas propostas; neste caso a reso-

lución do expediente corresponderalle ó Consello de Ministros.

En todo caso, o órgano competente deberá dictar e notifica-la correspondente resolución nun prazo de seis meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do dito órgano.

2. A resolución publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial» da provincia ou provincias afectadas.

A resolución notificarase ó solicitante, ás administracións ou organismos públicos e empresas de servio público ou de servios de interese xeral que informaron ou deberon informar durante a tramitación da declaración de utilidade pública ós titulares de bens e dereitos afectados, así como ós restantes interesados no expediente, conforme o previsto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Artigo 149. *Efectos.*

1. A declaración de utilidade pública levará implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, adquirindo a empresa solicitante a condición de beneficiario no expediente expropiatorio, de acordo co establecido no artigo 2.2 da Lei de expropiación forzosa.

2. Igualmente, levará implícita a autorización para o establecemento ou paso da instalación eléctrica, sobre terreos de dominio, uso ou servio público, ou patrimoniais do Estado, ou das comunidades autónomas, ou de uso público propios ou comunais da provincia ou municipio, obras e servios deles e zonas de servidume pública.

3. Para a imposición de servidume de paso sobre os bens indicados no número anterior e montes de utilidade pública, non será necesario cumprir co disposto sobre imposición de gravames nos ditos bens nas correspondentes leis de patrimonio e de montes, sen prexuízo das indemnizacións correspondentes.

Artigo 150. *Procedemento de expropiación.*

Declarada a utilidade pública da instalación, inicianse as actuacións expropiatorias, conforme o procedemento de urxencia establecido no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sendo de aplicación o prazo dun mes para a notificación ós interesados afectados e ás publicacións ás que se refire o número 4 do dito artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, procedéndose á expropiación forzosa do pleno dominio dos terreos e dereitos necesarios para a construción daquela e dos seus servios auxiliares ou complementarios, se é o caso, ou á constitución da correspondente servidume de paso.

Artigo 151. *Adquisición por mutuo acordo.*

En calquera momento, o solicitante da declaración de utilidade pública poderá convir libremente cos titulares dos necesarios bens e dereitos a adquisición por mutuo acordo destes. Este acordo, no momento de declararse a utilidade pública da instalación, adquirirá a natureza e efectos previstos no artigo 24 da Lei de expropiación forzosa, causando, por tanto, a correspondente conclusión do expediente expropiatorio. Nestes supostos, o beneficiario da declaración de utilidade pública poderá, se é o caso, solicitar da autoridade competente a aplicación do mecanismo establecido no artigo 59 do Regulamento de expropiación forzosa.

Artigo 152. Expropiación por instancia do dono do predio servente.

1. Cando a servidume de paso de enerxía eléctrica faga antieconómica a explotación do predio servente, o propietario poderá solicitar da Administración que lle sexa expropiado o dito predio, adquirindo o titular da servidume o pleno dominio sobre del.

2. Na solicitude deberán xustificarse as causas concretas determinantes dos prexuízos económicos como consecuencia da alteración das condicións fundamentais de explotación do predio.

3. A Administración competente, para tramitalo expediente, resolverá sobre esta solicitude no prazo de dez días. No caso de que se denegue a petición observarase o previsto no artigo 46 da Lei de expropiación forzosa.

Artigo 153. Modificación da servidume por instancia do dono do predio servente.

1. Constituída a servidume de paso, o titular do predio servente poderá solicita-lo cambio do trazado da liña se non existen para iso dificultades técnicas, correndo pola súa conta os gastos de variación.

2. O titular do predio servente a quen lle interese a variación do trazado da liña prevista no número anterior poderá solicitar do órgano encargado da tramitación do expediente a dita variación no caso de que non exista acordo ó respecto coa entidade titular da liña.

3. Na solicitude deberá acreditarse a conformidade previa dos novos propietarios afectados pola dita variación, debidamente documentada, así como o compromiso formal de sufragar tódolos gastos que ocasione a súa realización.

4. Desta petición daráselle audiencia ó beneficiario da servidume por un prazo de quince días, durante o cal presentará o orzamento total dos gastos de toda orde que leve consigo a dita variación de trazado e formulará, se é o caso, as alegacións que estime pertinentes.

5. Do orzamento que se menciona no número anterior daráselle traslado ó dono do predio servente para que o impugne ou o acepte.

6. A Administración competente resolverá e notificará a solicitude no prazo de quince días, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente, pronunciándose expresamente sobre o orzamento presentado e sinalando o prazo no que se deberán realiza-las obras da variación.

7. Se a resolución é favorable á variación, para levar a efecto esta, o solicitante deberalle aboar previamente ó titular da liña o importe total do orzamento a que se fai referencia no número anterior.

Artigo 154. Variación do tendido da liña como consecuencia de proxectos ou plans aprobados pola Administración.

1. Na elaboración por parte das distintas administracións públicas de proxectos ou plans que poidan varia-lo tendido dunha liña xa existente, daráselle audiencia á entidade titular da liña, con obxecto de que formule as alegacións pertinentes sobre os aspectos técnicos, económicos e de calquera outra orde respecto á variación que se proxecte.

2. No expediente a que se refire o número anterior deberá emitir informe a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou o órgano autonómico que resulte competente.

3. A Administración competente sobre o proxecto ou plan do que derive a necesidade de variación da liña, unha vez que este fose aprobado, aboaralle ó titular da liña o custo da variante e os prexuízos ocasionados.

Artigo 155. Causas de extinción da servidume de paso.

A servidume establecida para a execución dunha instalación eléctrica regulada por este real decreto extinguirase:

a) Pola retirada da instalación. Sen embargo, non se producirá a extinción pola adición, cambio ou reparación dos seus elementos.

b) Pola falta de uso dela sen causa xustificada durante un prazo de nove anos desde que se interrompese o servizo.

c) Por revogación ou extinción da autorización sobre a dita instalación.

d) Polas demais causas previstas no Código civil.

Artigo 156. Determinación do prezo xusto e do pagamento.

1. Efectuada a ocupación do predio, tramitarase o expediente de expropiación e imposición de servidume nas súas fases de determinación do prezo xusto e pagamento, segundo a regulación establecida na Lei de expropiación forzosa e as súas normas de desenvolvemento.

2. A indemnización polo valor dos bens e dereitos que se van expropiar determinarase de conformidade co previsto no capítulo III do título II da Lei de expropiación forzosa.

3. A indemnización pola imposición da servidume de paso comprenderá os seguintes conceptos:

a) O valor da superficie de terreo ocupado polos postes, apoios ou torres de sustentación ou polo largo da gabia, se a servidume é de paso subterráneo ou impide o aproveitamento normal do solo.

b) O importe do demérito que no predio servente ocasionen a servidume, xa sexa esta relativa a unha liña aérea ou de paso subterráneo; as limitacións no uso e aproveitamento do prezo como consecuencia do paso para a vixilancia, conservación e reparación da liña e as restriccións esixidas para a seguridade das persoas e as cousas.

c) A indemnización por danos e perdas derivados da ocupación temporal de terreos para depósitos de materiais ou para o desenvolvemento das actividades necesarias para a instalación e explotación da liña.

SECCIÓN 3.^a ALCANCE E LÍMITES DA EXPROPIACIÓN

Artigo 157. Alcance da servidume de paso de enerxía eléctrica.

1. A servidume de paso de enerxía eléctrica gravará os bens alleos na forma e co alcance que se determinan na Lei do sector eléctrico, no presente regulamento e na lexislación xeral sobre expropiación forzosa e reputarase servidume legal para os efectos previstos no artigo 542 do Código civil e demais con el concordantes.

2. No caso de que as instalacións poidan situarse sobre servidumes administrativas xa establecidas, deberáse solicitar á autoridade ou ó organismo que acordou a imposición da dita servidume o informe correspondente, e adoptaranse as medidas necesarias para que estas poidan seguir sendo utilizadas, caso de seren compatibles, ou, no seu defecto, procederase a substituílas, de acordo coa dita autoridade ou organismo. Se non fose posible o acordo, procederase á súa cesión ou expropiación sen prexuízo das indemnizacións que procedan. No referente á ocupación do espazo marítimo-terrestre, haberá que se ater ó disposto na Lei de costas.

Artigo 158. *Servidume de paso aéreo de enerxía eléctrica.*

A servidume de paso aéreo de enerxía eléctrica comprenderá:

- a) O voo sobre o predio servente.
- b) O establecemento de postes, torres ou apoios fixos para a sustentación dos cables conductores de enerxía eléctrica e instalación de postas a terra dos ditos postes, torres ou apoios fixos.
- c) O dereito de paso ou acceso para atender ó establecemento, vixilancia, conservación, reparación da liña eléctrica e corte de arboredo, se fose necesario.
- d) A ocupación temporal de terreos ou outros bens, se é o caso, necesarios para os fins indicados no parágrafo c) anterior.

Artigo 159. *Servidume de paso subterráneo de enerxía eléctrica.*

A servidume de paso subterráneo de enerxía eléctrica comprenderá:

- a) A ocupación do subsolo polos cables conductores á profundidade e coas demais características que sinale a normativa técnica e urbanística aplicable. Para efectos do expediente expropiatorio e sen prexuízo do disposto en canto a medidas e distancias de seguridade nos regulamentos técnicos na materia, a servidume subterránea comprende a franxa de terreo situada entre os dous conductores extremos da instalación.
- b) O establecemento dos dispositivos necesarios para o apoio ou fixación dos conductores.
- c) O dereito de paso ou acceso para atende-lo establecemento, vixilancia, conservación e reparación da liña eléctrica.
- d) A ocupación temporal de terreos ou outros bens, se é o caso, necesarios para os fins indicados na alínea c) anterior.

Artigo 160. *Condicións de seguridade.*

As condicións e limitacións que deberán impoñerse en cada caso por razóns de seguridade aplicaranse conxuntamente os regulamentos e normas técnicas vixentes e, en todo caso, coas limitacións establecidas no artigo seguinte.

Artigo 161. *Limitacións á constitución de servidume de paso.*

1. Non poderá impoñerse servidume de paso para as liñas de alta tensión: sobre edificios, os seus patios, currais, centros escolares, campos deportivos e xardíns e hortas, tamén choídos, anexos a vivendas que xa existan no momento de se inicia-lo expediente de solicitude de declaración de utilidade pública, sempre que a extensión das hortas e xardíns sexa inferior a media hectárea.
2. Tampouco poderá impoñerse servidume de paso para as liñas de alta tensión sobre calquera xénero de propiedades particulares sempre que se cumpran conxuntamente as condicións seguintes:

- a) Que a liña poida instalarse sobre terreos de dominio, uso ou servizo público ou patrimoniais do Estado, da comunidade autónoma, das provincias ou dos municipios, ou seguindo lindeiros de predios de propiedade privada.
- b) Que a variación do trazado non sexa superior en lonxitude ou en altura ó 10 por 100 da parte de liña afectada pola variación que segundo o proxecto transcorra sobre a propiedade do solicitante dela.
- c) Que tecnicamente a variación sexa posible.

A indicada posibilidade técnica será apreciada polo órgano que tramita o expediente, logo de informe das administracións ou organismos públicos ós que pertencen ou estean adscritos os bens que resultan afectados pola variante, e, se é o caso, con audiencia dos propietarios particulares interesados.

En todo caso, considerarase non admisible a variante cando o custo dela sexa superior nun 10 por 100 ó orzamento da parte da liña afectada pola variante.

Artigo 162. *Relacións civís.*

1. A servidume de paso de enerxía eléctrica non lle impide ó dono do predio servente cercalo ou edificar sobre el, deixando a salvo a dita servidume, sempre que sexa autorizado pola Administración competente, que tomará en especial consideración a normativa vixente en materia de seguridade. Poderá, así mesmo, o dono solicita-lo cambio de trazado da liña, se non existen dificultades técnicas, correndo pola súa conta os gastos da variación, incluíndose nos ditos gastos os prexuízos ocasionados.

2. Entenderase que a servidume foi respectada cando a cerca, plantación ou edificación construída polo propietario non afecte o contido dela e a seguridade da instalación, persoas e bens de acordo co presente real decreto.

3. En todo caso, e para as liñas eléctricas aéreas, queda limitada a plantación de árbores e prohibida a construción de edificios e instalacións industriais na franxa definida pola proxección sobre o terreo dos conductores extremos nas condicións máis desfavorables, incrementada coas distancias regulamentarias a ámbolos lados da dita proxección.

Para as liñas subterráneas prohibese a plantación e construcións mencionadas no parágrafo anterior, na franxa definida pola gabiá onde van aloxados os conductores incrementada nas distancias mínimas de seguridade regulamentarias.

CAPÍTULO VI

Revisións e inspeccións

Artigo 163. *Revisións periódicas.*

1. As instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, a que se fai referencia no artigo 111, deberán ser revisadas, alomenos cada tres anos, por técnicos titulados, libremente designados polo titular da instalación.

Os profesionais que as revisen estarán obrigados a cubri-los boletíns, nos que terán que consignar e certificar expresamente os datos dos recoñecementos. Neles, ademais, especificarase o cumprimento das condicións regulamentarias ou, alternativamente, a proposta das medidas correctoras necesarias.

2. Os citados boletíns manteranse en poder do titular das instalacións, quen deberá enviar copia á Administración competente.

Artigo 164. *Inspeccións.*

1. Para as instalacións en que a autorización lle corresponde á Administración xeral do Estado, as inspeccións sobre as condicións técnicas, así como sobre o cumprimento dos requisitos establecidos nas autorizacións, serán realizadas pola Comisión Nacional de Enerxía, mediante un procedemento regrado, coa colaboración dos servizos técnicos da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas onde se localicen estas.

2. Se como consecuencia das inspeccións realizadas se puxese de manifesto algunha irregularidade que precisase a intervención das administracións públicas, a Comisión Nacional de Enerxía, se é o caso, ou o órgano da Administración competente da comunidade autónoma, porao en coñecemento do titular da instalación xunto coa proposta de resolución e os prazos para emenda-la dita irregularidade.

3. A Comisión Nacional de Enerxía acordará, se é o caso, inicia-los expedientes sancionadores e realiza-la súa instrucción, cando sexan da competencia da Administración xeral do Estado, e emitir informe, cando sexa requirida para iso, sobre aqueles expedientes sancionadores iniciados polas distintas administracións públicas.

TÍTULO VIII

Rexistros administrativos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 165. *Rexistros administrativos.*

1. O Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica e o Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados regulados nos artigos 21.4 e 45.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, rexeranse en canto á súa organización e funcionamento polo disposto no presente título.

2. A xestión dos rexistros mencionados no número anterior corresponderá á Subdirección Xeral de Enerxía Eléctrica do Ministerio de Economía.

3. As inscricións que se realicen nos rexistros administrativos do Ministerio de Economía que se regulan no presente real decreto non devengarán o cobramento de taxas.

Artigo 166. *Tratamento dos datos.*

1. O tratamento dos datos de carácter persoal inscritos nos rexistros regulados no presente título someteranse ó disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Os suxeitos obrigados a lles comunicar datos a estes rexistros serán responsables da veracidade e actualidade dos datos que faciliten.

3. O acceso ós datos poderá ter lugar, se non afecta a eficacia do funcionamento do rexistro, mediante petición, na que resulten identificados os datos do acceso dos cales se trate, sen que sexa admisible a súa solicitude xenérica.

4. A Comisión Nacional de Enerxía, o operador do sistema e o operador do mercado terán acceso á información contida nos rexistros ós que se refire o presente título, así como as comunidades autónomas.

5. As persoas que no exercicio das súas funcións teñan acceso a datos que consten nestes rexistros estarán obrigadas a gardar segredo respecto deles.

Artigo 167. *Cancelación das inscricións.*

A cancelación das inscricións nos rexistros ós que se refire o presente título producirase por instancia do interesado ou de oficio nos supostos de cesamento da actividade, revogación polo órgano competente da autorización que serviu de base para a inscrición e de falta

de remisión dos documentos e datos recollidos no presente título.

Para proceder á cancelación de oficio da inscrición será precisa a instrucción do correspondente expediente con audiencia do interesado.

CAPÍTULO II

Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica

Artigo 168. *Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.*

1. No Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica deben inscribirse tódalas instalacións de produción de enerxía eléctrica que fosen autorizadas e os axentes externos que fosen autorizados para a venda de enerxía eléctrica en España.

A inscrición neste rexistro será condición necesaria para poder realizar ofertas de enerxía eléctrica ó operador do mercado e subscribir contratos bilaterais físicos.

Os produtores que teñan instalacións inscritas no Rexistro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica en réxime ordinario coas que realicen ofertas de enerxía eléctrica ó operador do mercado poderán realizar incorporacións ás redes de transporte e distribución nacionais de enerxía procedentes doutros sistemas exteriores de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 54/1997, do 27 de novembro. Así mesmo, poderán realizar intercambios intracomunitarios e internacionais de acordo co previsto no artigo 16 da citada lei.

2. Este rexistro estrutúrase nas seguintes seccións:

- Sección primeira: instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario.
- Sección segunda: instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.
- Sección terceira: axentes externos.

3. Os requisitos e procedementos de inscrición neste rexistro son os que se establecen neste real decreto.

SECCIÓN 1.^a SECCIÓN PRIMEIRA DO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

Artigo 169. *Sección primeira: instalacións de produción en réxime ordinario.*

1. A sección primeira do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica estrutúrase nas tres subseccións seguintes:

a) Subsección 1. Nesta subsección inscribíranse as unidades de produción de enerxía eléctrica que teñan instalada unha potencia superior a 50 MW ou que á entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, estiveran sometidas ó réxime previsto no Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre a determinación da tarifa das empresas de servizo público.

b) Subsección 2. Nesta subsección inscribíranse as unidades de produción de enerxía eléctrica cando teñan unha potencia instalada igual ou inferior a 50 MW e superior a 1 MW e que á entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, non estiveran sometidas ó réxime previsto no Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre a determinación da tarifa das empresas de servizo público.

c) Subsección 3. Nesta subsección deberán inscribirse as unidades de produción de enerxía eléctrica con potencia igual ou inferior a 1 MW e que á entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector

eléctrico, non estiveran sometidas ó réxime previsto no Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre a determinación da tarifa das empresas de servizo público.

2. O procedemento de inscrición nesta sección do rexistro constará dunha fase de inscrición previa e unha fase de inscrición definitiva. As instalacións da subsección 3 non precisarán máis ca unha inscrición, o procedemento da cal será o da inscrición previa.

Artigo 170. *Inscrición previa.*

1. A solicitude de inscrición previa na sección primeira deste rexistro dirixirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas cando o aproveitamento da instalación afecte máis dunha comunidade autónoma. Noutro caso, a solicitude dirixirase ó órgano competente da comunidade autónoma onde estea situada a instalación de produción, que dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

2. Á solicitude de inscrición previa xuntaráselle, alomenos, a seguinte documentación:

a) Acreditación da titularidade da instalación de produción adecuadamente autorizada.

b) Datos de identificación do titular da instalación, incluíndo, se é o caso, os de inscrición no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Actividades Industriais correspondente.

c) A información que se recolle no número 1.1 do anexo ó presente real decreto sobre os datos e condicións de funcionamento da instalación.

3. A formalización da inscrición previa, na que constará o número de identificación provisional no rexistro, será considerada requisito suficiente para dar cumprimento ó previsto no artigo 4.a) do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, e seralle notificada ó interesado.

Artigo 171. *Inscrición definitiva.*

1. Procederase á inscrición definitiva da instalación de produción nas subseccións 1 e 2 da sección primeira deste rexistro unha vez que o seu titular adquira a condición de axente do mercado, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 2019/1997. Para iso deberá dirixirse a solicitude de inscrición definitiva, acompañada da documentación que acredite a súa condición de axente do mercado, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou, se é o caso, ante o órgano competente da comunidade autónoma, que dará traslado dela á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes.

2. O prazo máximo entre a notificación da inscrición previa no rexistro e a presentación da solicitude de inscrición definitiva será de tres meses. Se non se solicita a inscrición definitiva nese prazo, procederase a arquivalo expediente, anulando a inscrición previa no rexistro.

3. A formalización da inscrición definitiva, na que constará o número de identificación no rexistro, seralle notificada ó interesado.

Artigo 172. *Notificacións.*

A notificación da inscrición previa e da inscrición definitiva será efectuada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

No caso de que a solicitude de inscrición fose presentada nunha comunidade autónoma, a formalización da inscrición seralle comunicada a ela.

Artigo 173. *Actualización de datos.*

1. Os titulares das instalacións que fosen inscritas nesta sección do rexistro deberán remitir a este a información establecida no número 1.1 do anexo ó presente real decreto, coa periodicidade e nos termos que se especifican no número 1.2 del.

2. Sen prexuízo da actualización dos datos que deba ser realizada de conformidade co previsto no número anterior, calquera modificación dos datos que figuren no rexistro sobre identificación da instalación, do seu titular ou sobre as condicións e potencia da instalación, deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza. Nestas modificacións quedan incluídos os cambios de denominación ou razón social do titular, as fusións, absorcións ou escisións de sociedades que afecten a titularidade das instalacións, así como a ampliación substancial delas.

3. No caso de que a información recollida nos números 1 e 2 do presente artigo non sexa remitida polo titular da instalación no prazo previsto, procederase a dar de baixa a inscrición trala instrucción do correspondente expediente, con audiencia do interesado, de acordo co disposto no artigo 167 deste real decreto.

Artigo 174. *Número de identificación no rexistro.*

Os titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica farán constar, nos documentos nos que se formalicen as transaccións que teñan por obxecto a compra ou venda de enerxía eléctrica, o número de identificación que teñan asignado no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.

SECCIÓN 2.^a SECCIÓN SEGUNDA DO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

Artigo 175. *Sección segunda: instalacións de produción en réxime especial.*

A organización e funcionamento da sección segunda do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica rexerase polo disposto no Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración.

SECCIÓN 3.^a SECCIÓN TERCEIRA DO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

Artigo 176. *Sección terceira: axentes externos.*

1. Os produtores de enerxía eléctrica non nacionais que pretendan vender enerxía en España como axentes externos, de acordo co establecido no punto 2 do artigo 34 do Real decreto 2019/1997, deberán inscribirse na sección terceira: axentes externos, do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.

2. A inscrición será requisito indispensable tanto para a participación no mercado de produción organizado como para a subscripción polo axente externo de contratos bilaterais físicos que supoñan venda de enerxía eléctrica en España.

Artigo 177. *Solicitude de inscrición.*

A solicitude de inscrición na sección terceira deste rexistro dirixirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

Á solicitude xuntaráselle autorización administrativa previa outorgada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, así como a certificación de ter formalizada a adhesión ás regras e condicións de funcionamento e liquidación no mercado de produción no contrato a que se refire o artigo 4 do Real decreto 2019/1997. Así mesmo, a solicitude acompañarase dos datos de identificación do axente externo e os que se establecen no número 2.1 do anexo ó presente real decreto.

Artigo 178. *Inscripción no rexistro.*

A formalización da inscrición, na que constará el número de identificación no rexistro, seralle notificada ó interesado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 179. *Actualización de datos.*

1. Os axentes externos que fosen inscritos nesta sección do rexistro deberán remitirle a este a información establecida no número 2.1 do anexo ó presente real decreto, coa periodicidade e nos termos que se especifican no seu número 2.2.

2. Sen prexuízo da actualización dos datos que deba ser realizada de conformidade co previsto no número anterior, calquera modificación dos datos que figuren no rexistro sobre identificación do axente externo e das instalacións das que sexa titular que acredítase para a súa autorización como axente externo, así como calquera modificación da información que serviu de base para obter a autorización administrativa previa por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza.

3. No caso de que a información recollida nos números 1 e 2 do presente artigo non sexa remitida polo axente externo no prazo previsto, procederase a dar de baixa a inscrición trala instrucción do correspondente expediente, con audiencia do interesado, de acordo co disposto no artigo 167 deste real decreto.

Artigo 180. *Número de identificación no rexistro.*

Os axentes externos farán constar nos documentos nos que se formalicen as transaccións que teñan por obxecto a compra ou venda de enerxía eléctrica en España, o número de identificación que teñan asignado no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.

CAPÍTULO III

Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados

Artigo 181. *Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.*

1. Deberán inscribirse no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados todos aqueles que, de acordo co previsto neste real decreto, teñan a condición de distribuidores, comercializadores, consumidores cualificados que pretendan adquirir, para os fins que se especifican no presente capítulo, enerxía eléctrica no mercado de produción organizado e os axentes externos que fosen autorizados para a compra de enerxía eléctrica en España.

2. Este rexistro estrutúrase nas catro seccións seguintes:

- a) Sección primeira: empresas distribuidoras.
- b) Sección segunda: empresas comercializadoras.

- c) Sección terceira: consumidores cualificados.
- d) Sección cuarta: axentes externos.

3. Os requisitos e procedemento de inscrición en cada unha das seccións mencionadas son os que se establecen no presente real decreto.

SECCIÓN 1.^a SECCIÓN PRIMEIRA DO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE DISTRIBUIDORES, COMERCIALIZADORES E CONSUMIDORES CUALIFICADOS

Artigo 182. *Sección primeira: empresas distribuidoras.*

1. Os distribuidores deberán inscribirse na sección primeira: empresas distribuidoras, do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

2. O procedemento de inscrición nesta sección do rexistro constará dunha fase de inscrición previa e unha fase de inscrición definitiva.

Artigo 183. *Inscripción previa.*

1. A solicitude de inscrición previa na sección primeira deste rexistro dirixirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía. No caso de que a empresa distribuidora exerza a súa actividade exclusivamente no ámbito dunha comunidade autónoma, a solicitude dirixirase ó órgano competente desta, que dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no prazo máximo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

2. A solicitude de inscrición previa acompañarase da acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos para exercer a actividade de distribución nos parágrafos a) e b) do punto 1 do artigo 37 deste real decreto, da titularidade das liñas de distribución en funcionamento adecuadamente autorizadas e, alomenos, dos datos que se recollen no número 3.1 do anexo ó presente real decreto.

3. A formalización da inscrición previa, na que constará o número de identificación provisional no rexistro, seralle notificada ó interesado, e será considerado requisito suficiente para dar cumprimento ó previsto no artigo 4.a) do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro.

Artigo 184. *Inscripción definitiva.*

1. Procederase á inscrición definitiva da empresa distribuidora na sección primeira deste rexistro unha vez que esta adquira a condición de axente do mercado, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro. Para iso deberá dirixirse a solicitude de inscrición definitiva á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, acompañada da documentación que acredite a súa condición de axente do mercado, ou ó órgano competente da comunidade autónoma, se é o caso, que dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

2. O prazo máximo entre a notificación da inscrición previa no rexistro e a solicitude da inscrición definitiva será de tres meses. Se non se solicita a inscrición definitiva nese prazo, procederase a archivarlo expediente, anulando a inscrición previa no rexistro.

3. Non estará suxeita a este prazo a solicitude de inscrición definitiva que presenten os distribuidores que adquiren toda a súa enerxía a tarifa. No caso destes distribuidores, a inscrición definitiva suporá a inclusión dunha nota á marxe da inscrición previa, expresando

que a sociedade está autorizada para poder adherirse ás regras do mercado de produción organizado.

Non obstante, estas empresas distribuidoras que adquiren a súa enerxía a tarifa de acordo coa disposición transitoria undécima da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para a súa inscrición definitiva no rexistro deberán ser clasificadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, para efectos da entrega á Comisión Nacional de Enerxía das cotas a que se refire o artigo 5 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, de acordo co disposto na súa disposición adicional única.

Para a súa clasificación no grupo que lles corresponda, deberán presenta-la correspondente solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, acompañada das certificacións das empresas distribuidoras ou produtores que lles subministren ou das facturacións das adquisicións de enerxía eléctrica a outras empresas distribuidoras ou produtores durante o último ano e das facturacións que realicen ós seus clientes durante o mesmo período co grao de desagregación que o citado centro directivo lle requira.

Unha vez clasificadas e inscritas, as empresas distribuidoras ás que se refire este punto, con carácter anual, procederán a lle remiti-la información a que se refire o parágrafo anterior á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía no prazo máximo de tres meses desde que finalice cada exercicio, co obxecto de acreditar que continúan pertencendo ó grupo no que foron clasificadas ou, en caso contrario, poder proceder á súa nova clasificación.

A falta de remisión da citada documentación en prazo suporá a nova clasificación automática da empresa no grupo 3 de acordo coa clasificación que se establece na disposición adicional única do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

No momento en que os ditos distribuidores se adhiran ás regras do mercado por adquiriren a súa enerxía para a venda a consumidores a tarifa, en parte ou na totalidade, deberanllo comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo de quince días.

4. A formalización da inscrición definitiva, na que constará o número de identificación no Rexistro, seralle notificada ó interesado.

Artigo 185. *Notificacións.*

A notificación da inscrición previa e da inscrición definitiva será efectuada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

No caso de que a solicitude de inscrición fose presentada nunha comunidade autónoma, a formalización da inscrición seralle comunicada a esta.

Artigo 186. *Actualización de datos.*

1. Os distribuidores que fosen inscritos nesta sección do rexistro deberán remitirle a este a información actualizada sobre adquisición e facturación de enerxía eléctrica e acceso ás redes establecida no número 3.1 do anexo ó presente real decreto, coa periodicidade e nos termos que se especifican no seu número 3.2.

2. Sen prexuízo da actualización dos datos que deba ser realizada de conformidade co previsto no número anterior, calquera modificación dos datos que figuren no rexistro sobre identificación da sociedade ou das instalacións das que sexa o titular deberá ser comunicada

polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza. Nestas modificacións quedan incluídos os cambios de denominación ou razón social do titular, as fusións, absorcións ou escisións de sociedades que afecten a titularidade das instalacións, así como a ampliación substancial delas.

3. No caso de que a información a que se refiren os números 1 e 2 do presente artigo non sexa remitida polo distribuidor no prazo previsto, procederá a dar de baixa a inscrición de acordo co disposto no artigo 167 deste real decreto.

Artigo 187. *Número de identificación no rexistro.*

As empresas distribuidoras farán constar nos documentos nos que se formalicen as transaccións que teñan por obxecto a compra ou venda de enerxía eléctrica ou o uso das redes o número de identificación que teñan asignado no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

SECCIÓN 2.^a SECCIÓN SEGUNDA DO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE DISTRIBUIDORES, COMERCIALIZADORES E CONSUMIDORES CUALIFICADOS

Artigo 188. *Sección segunda: empresas comercializadoras.*

1. As empresas comercializadoras deberán inscribirse na sección segunda: empresas comercializadoras, do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

2. O procedemento de inscrición nesta sección do rexistro constará dunha fase de inscrición previa e dunha fase de inscrición definitiva.

Artigo 189. *Inscrición previa.*

1. A solicitude de inscrición previa na sección segunda deste rexistro dirixirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía. No caso de que a empresa comercializadora exerza a súa actividade exclusivamente no ámbito dunha comunidade autónoma, a solicitude dirixirase ó órgano competente desta, que dará traslado da solicitude, no prazo máximo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

No caso de que a autorización corresponda á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, esta poderase tramitar conxuntamente coa inscrición previa no rexistro.

2. A solicitude de inscrición previa acompañarase da autorización para exercer-la actividade emitida pola Administración competente e, alomenos, dos datos que se establecen no número 4.1 do anexo ó presente real decreto.

3. A formalización da inscrición previa, na que constará o número de identificación provisional no rexistro, seralle notificada ó interesado, e será considerada requisito suficiente para dar cumprimento ó previsto no artigo 4.a) do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro.

Artigo 190. *Inscrición definitiva.*

1. Procederá a inscrición definitiva da empresa comercializadora nesta sección do rexistro unha vez que esta adquira a condición de axente do mercado, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro. Para iso deberá dirixi-la solicitude de inscrición definitiva á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, acom-

pañada da documentación que acredite a súa condición de axente do mercado, ou o órgano competente da comunidade autónoma, se é o caso, que dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

2. O prazo máximo entre a emisión da certificación da inscrición previa no rexistro e a solicitude de inscrición definitiva será de tres meses. Se non se solicita a inscrición definitiva nese prazo, procederá a arquivalo expediente, anulando a inscrición previa no rexistro.

Artigo 191. *Notificacións.*

A notificación da inscrición previa e da inscrición definitiva será efectuada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

No caso de que a solicitude de inscrición fose presentada nunha comunidade autónoma, a formalización da inscrición seralle comunicada a esta.

Artigo 192. *Actualización de datos.*

1. Os comercializadores que fosen inscritos nesta sección do rexistro deberanlle remitir a información establecida no número 4.1 do anexo ó presente real decreto, coa periodicidade e nos termos que se especifican no número 4.2 do mesmo.

2. Sen prexuízo da actualización dos datos que deba ser realizada de conformidade co previsto no número anterior, calquera modificación dos datos que figuren no rexistro sobre identificación da sociedade deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza. Nestas modificacións quedan incluídos os cambios de denominación ou razón social do titular, as fusións, absorcións ou escisións de sociedades que afecten o titular.

3. No caso de que a información a que se refiren os números 1 e 2 do presente artigo non sexa remitida polo comercializador no prazo previsto, procederá a dar de baixa a inscrición de acordo co disposto no artigo 167 deste real decreto.

Artigo 193. *Número de identificación no rexistro.*

As empresas comercializadoras farán constar nos documentos nos que se formalicen as transaccións que teñan por obxecto a compra ou venda de enerxía eléctrica o número de identificación que teñan asignado no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

SECCIÓN 3.^a SECCIÓN TERCEIRA DO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE DISTRIBUIDORES, COMERCIALIZADORES E CONSUMIDORES CUALIFICADOS

Artigo 194. *Sección terceira: consumidores cualificados.*

1. Os consumidores cualificados que pretendan adquirir enerxía eléctrica no mercado de produción organizado para o seu propio consumo deberán inscribirse na sección terceira: consumidores cualificados, do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

2. Esta sección terceira estrutúrase en tres subseccións:

a) Subsección 1: xeral de consumidores cualificados.

b) Subsección 2: consumidores de enerxía eléctrica para tracción de ferrocarrís, incluído o metropolitano.

c) Subsección 3: autoprodutores.

3. O procedemento de inscrición nesta sección do rexistro constará dunha fase de inscrición previa e unha fase de inscrición definitiva.

Artigo 195. *Inscrición previa.*

1. A solicitude de inscrición previa dirixirase ó órgano competente da comunidade autónoma onde se localize o punto de subministración ou instalación respecto do cal o consumidor cualificado pretenda exercer a dita condición. A comunidade autónoma, no prazo máximo dun mes, dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía da solicitude presentada e da documentación que a acompañe.

2. A solicitude de inscrición irá acompañada, alomenos, da información sobre os datos de identificación do consumidor cualificado e dos puntos de subministración ou instalacións que se pretendan inscribir, así como sobre as condicións de subministración e enerxía consumida que se establece no número 5.1 do anexo ó presente real decreto.

Así mesmo, deberá presentarse a documentación que acredite a súa condición de consumidor cualificado, entre a que se encontrará, alomenos, a seguinte:

a) Certificación da empresa ou, se é o caso, empresas distribuidoras da enerxía consumida no último ano para cada un dos puntos de subministración e da tensión de subministración á que están conectadas as súas instalacións ás redes. No caso de autoprodutores, ademais, deberán xunta-lo certificado da empresa distribuidora da enerxía que cedesen ás súas redes en cada punto no último ano, así como unha certificación propia dos autoconsumos realizados durante o mesmo período.

b) No caso de que existan na instalación varios puntos de subministración ou pólizas de aboamento, de acordo co disposto no artigo 76 deste real decreto, deberase xunta-la certificación do organismo competente da comunidade autónoma onde se sitúa a instalación do cumprimento dos requisitos que se establecen no citado artigo.

3. A formalización da inscrición previa, na que constará o número de identificación no rexistro, será considerada requisito suficiente para dar cumprimento ó previsto no artigo 4.a) do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro.

Artigo 196. *Inscrición definitiva.*

Procederá a inscrición definitiva do consumidor cualificado nesta sección do rexistro unha vez que este adquira a condición de axente do mercado, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro. Para iso deberá dirixirse a solicitude de inscrición definitiva á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, acompañada da documentación que acredite a súa condición de axente do mercado.

O prazo máximo entre a emisión da certificación da inscrición previa no rexistro e a solicitude da inscrición definitiva será de tres meses. Se non se solicita a inscrición definitiva nese prazo, procederá a arquivalo expediente anulando a inscrición previa no rexistro.

Artigo 197. *Notificacións.*

A notificación da inscrición previa e da inscrición definitiva será efectuada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

A formalización da inscrición será comunicada á comunidade autónoma correspondente.

Artigo 198. *Actualización de datos.*

1. Anualmente os consumidores cualificados que fosen inscritos no rexistro deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no prazo máximo de dous meses desde que finaliza cada ano, a información actualizada correspondente ás condicións de subministración e enerxía consumida durante o ano, debidamente certificada pola empresa distribuidora, de acordo co disposto no número 2 do artigo 195 deste real decreto e acompañada da información establecida no número 5.1 do anexo ó presente real decreto, coa periodicidade e nos termos que se especifican no seu número 5.2. En caso de que a citada información non sexa remitida no prazo previsto, procederase a dar de baixa a inscrición nel.

Así mesmo, darase de baixa a inscrición dun consumidor cualificado no caso de que de acordo coas certificacións presentadas se constate que o consumo da instalación ou do punto de subministración durante un período consecutivo de dous anos fose inferior á cantidade que corresponda de acordo co establecido no artigo 77 deste real decreto.

2. Calquera modificación dos datos de identificación do consumidor cualificado e dos puntos de subministración ou instalacións inscritos que figuren no rexistro deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza. Nestas modificacións quedan incluídos os cambios de denominación ou razón social, as fusións, absorcións ou escisións de sociedades, así como a ampliación substancial das instalacións ou puntos de subministración.

Artigo 199. *Número de identificación no rexistro.*

Os consumidores cualificados farán constar, nos documentos nos que se formalicen as transaccións que teñan por obxecto a compra de enerxía eléctrica no mercado organizado de produción, o número de identificación que teñan asignado no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados do Ministerio de Economía.

SECCIÓN 4.^a SECCIÓN CUARTA DO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE DISTRIBUIDORES, COMERCIALIZADORES E CONSUMIDORES CUALIFICADOS

Artigo 200. *Sección cuarta: axentes externos.*

1. Os distribuidores, consumidores e comercializadores non nacionais que pretendan comprar enerxía en España, de acordo co establecido no número 2 do artigo 34 do Real decreto 2019/1997, deberán inscribirse na sección cuarta: axentes externos, do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

2. A inscrición será requisito indispensable tanto para a participación no mercado de produción organizado como para a subscripción polo axente externo de contratos bilaterais físicos que supoñan venda de enerxía eléctrica en España.

Artigo 201. *Solicitud de inscrición.*

A solicitude de inscrición na sección cuarta deste rexistro dirixirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

A solicitude irá acompañada da autorización administrativa previa outorgada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, así como da certificación de ter formalizada a adhesión ás regras e condicións de funcionamento e liquidación no mercado de produción

no contrato a que se refire o artigo 4 do Real decreto 2019/1997. Así mesmo, a solicitude irá acompañada dos datos de identificación do axente externo e doutros datos sobre facturación de enerxía eléctrica, condicións de subministración e enerxía comprada en España de acordo co establecido no número 6.1 do anexo ó presente real decreto.

Artigo 202. *Inscrición no rexistro.*

A formalización da inscrición, na que constará o número de identificación no rexistro, será notificada ó interesado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 203. *Actualización de datos.*

1. Os axentes externos que fosen inscritos nesta sección do rexistro deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a información actualizada sobre facturación de enerxía eléctrica, condicións de subministración e enerxía adquirida, establecida no número 6.1 do anexo ó presente real decreto, coa periodicidade e nos termos que se especifican no seu número 6.2. No caso de que a citada información non sexa remitida polo axente externo no prazo previsto, procederase a dar de baixa a inscrición.

2. Sen prexuízo da actualización dos datos que deba ser realizada de conformidade co previsto no número anterior, calquera modificación dos datos que figuren no rexistro sobre identificación do axente, así como calquera modificación dos datos que serviron de base para obter a autorización administrativa previa por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza.

Artigo 204. *Número de identificación no rexistro.*

Os axentes externos farán constar nos documentos nos que se formalicen as transaccións que teñan por obxecto a compra de enerxía eléctrica en España, o número de identificación que teñan asignado no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

Disposición adicional primeira. *Instalacións de «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima».*

As instalacións de titularidade de «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», á entrada en vigor deste real decreto, serán consideradas para tódolos efectos rede de transporte de enerxía eléctrica.

Disposición adicional segunda. *Procedementos de operación do sistema para a xestión, o mantemento e a planificación da rede de transporte.*

O operador do sistema e xestor da rede de transporte presentará ó Ministerio de Economía para a súa aprobación, nun prazo non superior a seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, os procedementos de operación do sistema para a xestión, o mantemento e a planificación da rede de transporte que regulen, al menos, os seguintes aspectos:

- Os requisitos mínimos de equipamento das instalacións de transporte.
- Os requisitos mínimos de equipamento das instalacións conectadas á rede de transporte.
- As condicións de funcionamento e seguridade das instalacións conectadas á rede de transporte.

d) Os procedementos de comprobación do equipamento das instalacións da rede de transporte.

e) O establecemento e verificación das consignas dos equipos de protección e control.

f) O establecemento dos criterios de deseño e desenvolvemento da rede de transporte.

g) Coordinación dos plans de desenvolvemento da rede de transporte e das redes de distribución.

h) Os procedementos para a medida e control da calidade do servizo na rede de transporte.

Disposición adicional terceira. *Primeiro Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte.*

O proceso de elaboración do primeiro Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte, descrito no capítulo III do título II, deberá comezar antes de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Adecuación de contratos de subministración.*

As condicións dos contratos de subministración a tarifa ou de acceso que se regulan no presente real decreto serán de aplicación ós contratos que se subscriban ou renoven a partir da entrada en vigor deste real decreto; as ditas condicións quedarán automaticamente incorporadas para os contratos vixentes en substitución dos antigos ou, no caso dos contratos de subministración, as denominadas pólizas de aboamento.

Disposición adicional quinta. *Acreditación de requisitos legais técnicos e económicos.*

Para os efectos previstos no artigo 121 deste real decreto, consideraranse acreditados os requisitos de capacidade legal, técnica e económica para aquelas entidades de nacionalidade española ou de calquera outro estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España que no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontren realizando actividades de produción, transporte ou distribución e revisitan a forma xurídica que esixe a Lei 54/1997 e o presente real decreto para o exercicio que corresponda a cada actividade.

Disposición adicional sexta. *Liñas de evacuación de centrais de xeración.*

As liñas de evacuación de centrais de xeración existentes á entrada en vigor deste real decreto serán consideradas para tódolos efectos instalacións de transporte, distribución ou xeración, segundo corresponda, atendendo ó seu nivel de tensión e á actividade exercida polo titular da instalación.

Disposición adicional sétima. *Instalacións de transporte a 31 de decembro de 1999.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía publicará, nos tres meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto, a lista de instalacións que forman parte da rede de transporte a 31 de decembro de 1999.

Disposición adicional oitava. *Rede baixo a xestión técnica do operador do sistema.*

O operador do sistema e xestor da rede de transporte proporalle ó Ministerio de Economía, nun prazo non superior a seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, o procedemento de operación que estableza os criterios para a determinación da rede baixo a xestión técnica do operador do sistema.

Disposición adicional novena. *Redes de distribución que teñan incidencia na operación do sistema.*

O operador do sistema e xestor da rede de transporte proporalle ó Ministerio de Economía, nun prazo non superior a seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, os procedementos de operación das redes de distribución que teñan incidencia na operación do sistema ou que teñan relación coa retribución da actividade, de modo que se garanta a seguridade, a fiabilidade e a eficacia delas.

Disposición adicional décima. *Instalacións que utilicen como enerxía primaria a enerxía solar térmica.*

Engádense no parágrafo b.3 do artigo 2 do Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración, as instalacións que unicamente utilicen como enerxía primaria a enerxía solar térmica.

Disposición adicional décimo primeira. *Protección da avifauna.*

Co obxecto de previr danos á avifauna, por proposta dos ministerios de Economía e Medio Ambiente, estableceranse as medidas de carácter técnico que se deberán adoptar para evita-la colisión e electrocución das aves coas liñas eléctricas.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da planificación da actividade de transporte.*

Para os efectos previstos nos artigos 112 e 119.3 deste real decreto, non resultará de aplicación o relativo á planificación das instalacións da rede de transporte, en tanto non resulte aprobada por primeira vez a planificación das ditas instalacións segundo o procedemento previsto neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Actividades de transporte.*

1. Ata o momento en que, de acordo co punto 1 da disposición transitoria quinta da Lei 54/1997, do sector eléctrico, se estableza a esixencia de separación de actividades, as empresas que con anterioridade á entrada en vigor da lei exercen a actividade de transporte poderán exercer as actividades non reguladas conxuntamente coa de transporte, procedendo a separar contablemente as súas actividades eléctricas reguladas.

2. Os transportistas que á entrada en vigor da Lei 54/1997, do sector eléctrico, fosen titulares de instalacións autorizadas poderán continuar no exercicio das súas actividades dentro dos termos da autorización.

Disposición transitoria terceira. *Información de transportistas e xestores de rede de distribución ó xestor da rede de transporte.*

1. As empresas transportistas deberanlle remitir ó operador do sistema e xestor da rede de transporte, no prazo de catro meses a partir da entrada en vigor deste real decreto, unha relación individualizada de tódalas instalacións de transporte da súa propiedade, con indicación das súas características principais e situación administrativa.

2. Así mesmo, os xestores da rede de distribución remitirán a información das liñas de 110-132 kV e trans-

formadores 220/119-132 kV baixo a súa xestión ó operador do sistema e xestor da rede de transporte, así como de calquera outra instalación baixo a xestión técnica do operador do sistema, con indicación das súas características principais e situación administrativa.

Disposición transitoria cuarta. *Perdas na rede de transporte.*

1. De forma transitoria, alomenos ata o 1 de xaneiro de 2002, as perdas da rede de transporte aplicaranse ós consumidores de enerxía eléctrica mediante a aplicación dos coeficientes de perdas que regulamentariamente se publiquen cada ano.

2. O operador do sistema, ós seis meses de entrada en vigor deste real decreto, independentemente da afección que poida supoñer para a liquidación dos axentes, deberá calcular e publicar os factores de perdas de cada nó e a asignación horaria de perdas a cada suxeito, segundo a metodoloxía desenvolvida no capítulo VI do título II, a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. *Exención da solicitude de conexión.*

Os produtores, distribuidores e consumidores conectados ás redes de transporte e distribución á data de entrada en vigor deste real decreto estarán exentos de presentala solicitude de conexión indicada nos capítulos I e II do título IV deste real decreto.

Disposición transitoria sexta. *Acceso de terceiros ás redes.*

Tódolos suxeitos e consumidores cualificados que con anterioridade á súa cualificación estivesen recibindo subministración a tarifa terán automaticamente concedido o dereito de acceso ás redes, pola potencia que tiveran adscrita á instalación, que en calquera caso non poderá ser inferior á contratada na tarifa, sen que proceda cargo ningún en concepto de depósito de garantía, agás que incremente a potencia contratada.

Con este fin, o consumidor, ou o seu representante, deberá comunicar por escrito á empresa distribuidora o cambio de modalidade de subministración, cun mes de antelación á data en que desexe efectualo dito cambio, debéndose asinar neste período o novo contrato de acceso e proceder ó peche das lecturas correspondentes á subministración a tarifa no prazo de quince días desde a baixa do contrato de subministración a tarifa.

Disposición transitoria sétima. *Actividade de xeración e instalacións de produción.*

1. Os xeradores que á entrada en vigor da Lei 54/1997, do sector eléctrico, fosen titulares de instalacións autorizadas poderán continuar no exercicio das súas actividades dentro dos termos da autorización. Para estes efectos, aqueles titulares de instalacións autorizadas que non tivesen personalidade propia disporán dun prazo de tres meses para adaptarse ó disposto nos parágrafos a) e b) do artigo 9 da citada lei. Unha vez realizada a adaptación, deberán comunicarllo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo de quince días.

2. As instalacións de produción que fosen inscritas de forma provisional no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción do Ministerio de Economía disporán dun prazo de tres meses para proceder á súa inscrición definitiva nel, considerándose, para estes efectos, cumpridos os requisitos esixidos para efectual a inscrición previa.

Disposición transitoria oitava. *Actividade de distribución.*

1. Os distribuidores que á entrada en vigor da Lei 54/1997, do sector eléctrico, fosen titulares de instalacións autorizadas poderán continuar no exercicio das súas actividades dentro dos termos da autorización. Estas autorizacións entenderanse transferidas ás sociedades que deban constituírse no seu momento, de acordo coa disposición transitoria quinta da citada lei.

2. Os distribuidores que fosen inscritos de forma provisional no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados do Ministerio de Economía como empresas distribuidoras disporán dun prazo de tres meses para proceder á súa inscrición definitiva nel, considerándose, para estes efectos, cumpridos os requisitos esixidos para efectual a inscrición previa.

Disposición transitoria novena. *Actividade de comercialización.*

As empresas comercializadoras que de forma provisional fosen autorizadas e inscritas no Rexistro de Empresas Comercializadoras do Ministerio de Economía disporán dun prazo de tres meses para presentala solicitude de autorización da súa actividade e de inscrición definitiva no rexistro.

Disposición transitoria décima. *Plans de mellora de calidade de servizo.*

En tanto non se dispoña dos datos de índices de calidade medidos de acordo co procedemento homoxéneo para tódalas empresas a que se refire o capítulo 2 do título VI deste real decreto, para efectuar, se é o caso, o reparto da contía destinada ós plans de mellora de calidade do servizo e electrificación e mellora da calidade no ámbito rural, de acordo co presente real decreto, tomaranse como base os datos deles que faciliten as empresas distribuidoras.

Disposición transitoria décimo primeira. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes sobre as materias reguladas no presente real decreto iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor tramitaranse ata a súa resolución conforme a normativa anterior.

Disposición transitoria décimo segunda. *Dereitos de acometidas.*

Os dereitos de acometidas correspondentes ás instalacións existentes á entrada en vigor deste real decreto só poderán ser esixidos polas empresas distribuidoras ata transcorridos tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria décimo terceira. *Consumidores cualificados en territorios insulares e extrapeninsulares.*

En tanto se estableza a regulamentación singular a que fai referencia o artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, os consumidores cualificados dos territorios insulares e extrapeninsulares poderán adquirirla enerxía con referencia ós prezos resultantes da casación no mercado organizado de produción.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogados:

a) O Decreto do 12 de marzo de 1954 polo que se aproba o texto unificado do regulamento de verificacións eléctricas e regularidade na subministración de enerxía.

b) O Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas.

c) O Decreto 2619/1966, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/1966, do 18 de marzo.

d) O Real decreto 2949/1982, do 15 de outubro, polo que se dan normas sobre acometidas eléctricas e se aproba o regulamento correspondente.

Así mesmo, queda derogada calquera outra disposición de igual ou menor rango no que se opoña ó presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. Carácter básico.

1. Este real decreto ten carácter de básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución.

2. O título VII deste real decreto terá carácter de básico para aqueles procedementos administrativos nos que sexan competentes as comunidades autónomas, axustándose en todo caso ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os preceptos do capítulo V do título VII, relativos a expropiación forzosa e servidumes, son de aplicación xeral ó amparo do previsto no artigo 149.1.8.^a e 18.^a da Constitución.

4. As instalacións a que se refire o artigo 149.1.22.^a da Constitución rexeranse polo disposto neste real decreto e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo.

1. Autorízase o ministro de Economía a modifica-lo contido dos datos que se establecen no anexo ó presente real decreto en función da evolución do mercado e da liberalización da subministración, no ámbito das súas competencias.

2. Autorízase o ministro de Economía para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. Valores de calidade de servizo individual e zonal.

O Ministerio de Economía revisará cada catro anos os valores establecidos no capítulo II do título VI deste real decreto, en función dos datos obtidos e a evolución do nivel de esixencia dos consumidores.

Non obstante, finalizado o prazo de implantación do plan ó que se refire o artigo 100 deste real decreto, o Ministerio de Economía poderá modifica-los límites dos valores dos índices de calidade que se establecen no presente real decreto.

Disposición derradeira cuarta. Instrucións técnicas complementarias.

O Ministerio de Economía, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, no prazo dun ano:

As instrucións técnicas complementarias ó presente real decreto, nas que se definan os criterios para determina-la incidencia das indisponibilidades programadas sobre os índices de calidade do servizo na rede de transporte de enerxía eléctrica, así como as instrucións técnicas complementarias que fixen as obrigas e os dereitos dos distribuidores e os consumidores en relación coa calidade do produto no marco do establecido pola lei e este real decreto.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, o dereito dos aboamentos por incumprimento da calidade de atención ó consumidor establecido no artigo 99.2 entrará en vigor o día 1 de xaneiro do ano 2001.

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

ANEXO

1.1 Datos e información para a inscrición dos produtores en réxime ordinario.

1) Datos da titularidade da unidade de produción (1):

Titularidade:
Participación:
Enderezo da propiedade:

Rúa, número:
Municipio:
Código postal:
Provincia:

2) Datos da unidade de produción:

Unidade de produción (denominación do grupo):
Data de posta en servizo:

Tipo (2):
Tecnoloxía (3):

(1) Denominación de cada titular e o seu tanto por cento de participación.

(2) Hidráulica, térmica clásica ou termonuclear.

(3) Hidráulica fluente, bombeo puro, bombeo mixto, turbina de gas, turbina de vapor, ciclo combinado, outros (especificalos).

Potencia instalada (MW):
Potencia bruta total en MW:
Potencia neta total en MW:

Localización da central:

Enderezo:
Municipio:
Provincia:

Punto de conexión da unidade para a entrega de enerxía:

Tensión:
Propiedade da rede:
Nó:

Central hidráulica (cubrir só en caso deste tipo de centrais):

Unidade de xestión hidráulica á que pertence:
Río:

Central térmica clásica (cubrir só no caso deste tipo de centrais):

Combustible(s):

1.2 Requisitos e periodicidade da información.

A información a que fai referencia o número anterior deberá estar debidamente acreditada mediante a sinatura dun representante legal do titular da unidade de produción.

A información dos números anteriores remitirase xunto coa solicitude de inscrición, e cando se produza calquera cambio dos datos que figuran nela.

2.1 Datos e información para a inscrición dos axentes externos que vendan enerxía en España.

1) Datos da sociedade:

Denominación ou razón social:

Domicilio social:

Enderezo:

Poboación:

Provincia:

Código postal:

País:

Teléfono:

Fax e correo electrónico, se é o caso:

Representantes legais:

Data de constitución da sociedade:

2) Unidades de produción que acredita no seu país para a venda de enerxía en España (para cada unidade de produción):

Unidade de produción:

Tipo:

Tecnoloxía:

Potencia instalada:

Localización da central:

Enderezo:

Poboación:

Provincia:

País:

2.2 Requisitos e periodicidade da información.

A información a que fai referencia o número anterior deberá estar debidamente acreditada mediante a sinatura dun representante legal da sociedade.

A información dos números anteriores remitirase cando se solicite a inscrición da sociedade no rexistro e cando se produza algún cambio nos datos que figuran nela.

3.1 Información e datos para a inscrición dos distribuidores.

1) Datos da sociedade:

Denominación ou razón social:

Domicilio social:

Enderezo:

Poboación:

Provincia:

Código postal:

Teléfono:

Fax e correo electrónico, se é o caso:

Representantes legais:

CIF:

Data de constitución da sociedade:

Ámbito xeográfico no que distribúe:

2) Enerxía adquirida:

Enerxía adquirida no mercado de produción (kWh):

Facturación da enerxía adquirida no mercado de produción (pesetas):

Enerxía adquirida a instalacións acollidas ó réxime especial (kWh):

Facturación da enerxía adquirida a instalacións acollidas ó réxime especial (pesetas):

Enerxía adquirida a outros distribuidores coa certificación correspondente da empresa da que adquire a enerxía na que conste o seguinte:

Enerxía adquirida: chanzo 1 tensión (kWh):

Enerxía adquirida: chanzo 2 tensión (kWh):

Enerxía adquirida: chanzo 3 tensión (kWh):

Enerxía adquirida: chanzo 4 tensión (kWh):

Facturación da enerxía adquirida a outros distribuidores coa certificación correspondente da empresa da que adquire a enerxía na que conste o seguinte:

Enerxía adquirida: chanzo 1 tensión (pesetas):

Enerxía adquirida: chanzo 2 tensión (pesetas):

Enerxía adquirida: chanzo 3 tensión (pesetas):

Enerxía adquirida: chanzo 4 tensión (pesetas):

3) Enerxía entregada:

Ós seus consumidores a tarifa, clasificado por tarifas:

Número de clientes:

Potencia facturada (kW):

Enerxía vendida (kWh):

Facturación Mptas.

A outros distribuidores acollidos a tarifa. Para cada nivel de tensión e cada distribuidor subministrado:

Potencia facturada (kW):

Enerxía vendida (kWh):

Facturación (Mptas.):

Empresa distribuidora subministrada:

4) Facturación de tarifas de acceso a consumidores cualificados clasificados por tarifas:

Número de clientes:

Potencia facturada (kW):

Enerxía (kWh):

Facturación de peaxes (Mptas.):

5) No caso de adquirir enerxía doutras centrais xeradoras que non oferten ó mercado, deberase detallar para cada central:

Central:

Enerxía adquirida da central (kWh):

Custo da enerxía adquirida da central (Mptas.):

6) Grupo no que está clasificada ou solicita clasificarse para efectos de cotización das porcentaxes de facturación á Comisión Nacional de Enerxía (1):

(1) Grupo 1, 2 ó 3.

7) Outros ingresos:

Ingresos por acometidas:

Ingresos por aluguer de equipos de medida:

3.2 Requisitos e periodicidade da información.

A información a que fai referencia o número anterior deberá estar debidamente acreditada mediante a sinatura dun representante legal da sociedade.

A información dos números 1) e 6) deberá remitirse cando se solicite a inscrición da sociedade no rexistro e cando se produza algún cambio dos datos que figuran nela.

Anualmente enviaranse os datos que figuran nos números 2), 3), 4) e 5) durante o primeiro trimestre do ano seguinte a aquel en que se produzan.

4.1 Información e datos para a inscrición dos comercializadores.

1) Datos da sociedade:

Denominación ou razón social (1):

Domicilio social (1):

Enderezo:

Poboación:

Provincia:

Código postal:

Teléfono:

Fax e correo electrónico, se é o caso:

Representantes legais:

CIF:

Data de constitución da sociedade (1):

Ámbito xeográfico no que comercializa:

2) Enerxía adquirida:

Enerxía adquirida no mercado de produción (kWh):
Enerxía adquirida a instalacións acollidas ó réxime especial (kWh):

Enerxía adquirida a outros comercializadores (para cada comercializador que adquira a enerxía):

Comercializador:

Enerxía adquirida (kWh):

Enerxía adquirida de xeradores da UE ou axentes externos (kWh):

Enerxía adquirida a produtores españoles en réxime ordinario (kWh) (2):

(1) No caso de que se trate dun establecemento permanente en España, estes datos referiranse ó dito establecemento, indicando este feito.

(2) A partir da data en que se autorice.

3) Enerxía entregada:

A consumidores cualificados (para cada nivel de tensión):

Enerxía entregada (kWh):

A outros comercializadores para cada comercializador:

Comercializador:

Enerxía entregada (kWh):

4.2 Requisitos e periodicidade da información.

A información a que fai referencia o número anterior deberá estar debidamente acreditada mediante a sinatura dun representante legal da sociedade.

A información do número 1 deberá remitirse cando se solicite a inscrición da sociedade no rexistro e cando se produza algún cambio dos datos que figuran nel.

Anualmente, enviaranse os datos que figuran nos números 2) e 3) durante o primeiro trimestre do ano seguinte a aquel en que se produzan.

5.1 Información e datos para a inscrición dos consumidores cualificados.

1) Asociada á empresa propietaria da instalación:

CIF:

Denominación ou razón social:

Domicilio social:

Enderezo:

Poboación:

Provincia:

Código postal:

Outros:

Representantes legais:

Apartado de correos:

Código postal do apartado de correos:

Teléfono da sede social:

Fax da sede social:

2) Asociada á instalación:

Enderezo:

Poboación na que se encontra a instalación:

Provincia da instalación:

Código postal da instalación:

Dirección da instalación:

Teléfono da instalación:

Número de puntos de toma (ou acometidas):

3) Asociada a cada un dos puntos de toma (ou acometidas):

Para cada un dos puntos de toma ou acometidas indicadas no último punto do número 2), indicarse:

Punto número:

Distribuidor ó que está conectada:

Tensión do punto de toma (ou acometida):

Potencia contratada:

Enerxía consumida no ano anterior:

4) Datos de autoconsumo (só no caso de autoprodutores):

Enerxía autoconsumida no último ano (kWh).

Enerxía vendida ó distribuidor no último ano (kWh).

Enerxía vendida a unha empresa matriz ou filiais (kWh).

5.2 Requisitos e periodicidade da información.

A información a que fai referencia o número anterior deberá estar debidamente acreditada mediante a sinatura dun representante legal da sociedade.

A información dos números 1 e 2 deberá remitirse cando se solicite a inscrición da sociedade no rexistro e cando se produza algún cambio dos datos que figuran nela.

Anualmente enviaranse os datos que figuran nos números 3) e 4) durante o primeiro trimestre do ano seguinte a aquel en que se produzan.

6.1 Información e datos para a inscrición dos axentes externos que compren enerxía en España.

1) Datos da sociedade:

Denominación ou razón social:

Domicilio social:

Enderezo:

Poboación:

Provincia:

Código postal:

País:

Teléfono:

Fax e correo electrónico, se é o caso:

Representantes legais:

Data de constitución da sociedade:

6.2 Requisitos e periodicidade da información.

A información a que fai referencia o número anterior deberá estar debidamente acreditada mediante a sinatura dun representante legal da sociedade.

A información do número anterior deberá remitirse cando se solicite a inscrición da sociedade no rexistro e cando se produza algún cambio dos datos que figuran nel.